


Carballo Calero en Lugo

Don Ricardo de Fingoi



Marisol Truque – Angelines Penas – Rosa Canto – Asunción Fernández – Marcos Fernández
Rosendo Figueroa – M^a Ángeles Rico – M^a Luz Corredoira – Araceli Herrero – María José Pardo-Gil
Emilio Valiño – M^a Carmen Fernández – Adela Figueroa – Francisco García-Bobadilla
Xosefina Baamonde – Fernando Pardo – Luis Abeledo – Bernardino Pardo – M^a Carmen Herrero
Gloria Baamonde – Juan Carlos Teijeiro – Fernando López-Acuña – Antonio López-Acuña
Carmela Dadín – M^a Dolores Fernández – Ramón Courtier – Maricruz Truque – Carmen Blanco
Jacobo Sández – Bernardo Abeledo – Pepa Carro – Marina Cal – Carlos Fernández – Manuel Sández

Antonio Prado

Xulio Xiz



Foto: Eduardo Ochoa

Os anos lucenses de Carballo Calero estiveron dedicados en alma e corpo ao Colexio Fingoi, singular institución educativa que agora cumpre os seus primeiros setenta anos, e se en tempos puideron entenderse de relativo silencio exterior, resultaron decisivos na súa traxectoria como escritor, reforzaron a súa situación persoal e intelectual e foron a base da súa posterior consagración no mundo da cultura de Galicia.



O financeiro D. Antonio Fernández López, visto por Mouriz.

*Creador do Colexio Fingoi,
puxo á súa fronte a
Ricardo Carballo Calero,
e non podendo nomealo Director,
fíxoo Conselleiro-Delegado,
do que dependía a Dirección.*

Carballo Calero en Lugo

Don Ricardo de Fingoi



*Marisol Truque – Angelines Penas – Rosa Canto – Asunción Fernández – Marcos Fernández
Rosendo Figueroa – M^a Ángeles Rico – M^a Luz Corredoira – Araceli Herrero – María José Pardo-Gil
Emilio Valiño – M^a Carmen Fernández – Adela Figueroa – Francisco García-Bobadilla
Xosefina Baamonde – Fernando Pardo – Luis Abeledo – Bernardino Pardo – M^a Carmen Herrero
Gloria Baamonde – Juan Carlos Teijeiro – Fernando López-Acuña – Antonio López-Acuña
Carmela Dadín – M^a Dolores Fernández – Ramón Courtier – Maricruz Truque – Carmen Blanco
Jacobo Sáñez – Bernardo Abeledo – Pepa Carro – Marina Cal – Carlos Fernández – Manuel Sáñez*

Antonio Prado

Xulio Xiz

Título:
CARBALLO CALERO EN LUGO. Don Ricardo de Fingoi.

Autor:
Xulio Xiz

Edita:
Colectivo EGERIA

Imprime:
Grafic-Lugo, S.L.

Depósito Legal:
LU-32-2020

Este libro complementa a EXPOSICIÓN ITINERANTE e WEB do mesmo título, que conforman a homenaxe lucense a Don Ricardo Carballo Calero, en acción coordinada por ANTONIO GIZ.

Índice

Carballo Calero en Lugo: Don Ricardo de Fingoi	7
(Román Rodríguez González, Conselleiro de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia)	
Nota inicial	8
Introdución	10
FALANDO CON CARBALLO	11
O LUCENSE CARBALLO CALERO	23
Era... Don Ricardo (Marisol Truque)	26
DON RICARDO DE FINGOI	27
Os meus recordos... (Angelines Penas Truque)	30
CARBALLO CALERO EN FINGOI	33
Don Ricardo... (Rosa Canto Reboredo, “Marisa”)	40
DON ANTONIO FERNÁNDEZ LÓPEZ	41
Gobernou o colexio... (Asunción Fdez. Puentes, “Siña”)	43
A min, Don Ricardo... (Marcos Fernández Puentes)	48
1950: AMENCER VITAL	51
Como profesor... (Rosendo Figueroa Dorrego)	53
Nom podo... (M ^a de los Ángeles Rico Díaz)	57
La elegancia... (M ^a Luz Corredoira Veiga)	59
QUINCE ANOS EN LUGO	61
O maxisterio... (Araceli Herrero Figueroa)	65
Lembranzas... (María José Pardo-Gil Magadán)	76
Nunca agradeceré... (Emilio Valiño del Río)	84
Me siento agradecida... (M ^a Carmen Fernández, “Camolas”)	91
A minha lembrança... (Adela Figueroa Panisse)	95
O “ESTRANO” COLEXIO FINGOI	99
El papel de Fingoi... (Francisco García-Bobadilla)	100
Experiencias... (Xosefina Baamonde Traveso)	103
FOTOGRAFÍAS DA VIDA EN FINGOI	114

PROFESOR E DIRECTOR	117
Era duro pero exemplar... (Fernando Pardo Sánchez)	118
Gran profesor... (Luis Abeledo Fernández)	120
Recordo... (Bernardino Pardo Teijeiro, “Manu”)	121
TEATRO EN TEMPO ESCURO	125
Unha persoa admirable... (M. Carmen Herrero, “Macali”)	126
Fingoi era... (Gloria Baamonde Traveso)	132
Director estricto... (Juan Carlos Teijeiro Castro)	138
De res varia (Fernando López Acuña López)	140
O TEATRO EN FINGOI (FOTOGRAFÍAS)	146
NA VIDA DE LUGO	149
Maestro integral... (Antonio López-Acuña López)	153
Fingoy era... (Carmela Dadin Rivadas)	155
As bágoas... (María Dolores Fernández Fernández)	156
VIAXES CULTURAIS (Fotografías)	160
DE LUGO PARA TODO O MUNDO GALEGO	163
El trabajo del profesor... (Ramón Courtier Ramos)	166
En el Colegio Fingoy... (Maricruz Truque Fernández)	167
SEMENTE NA ESCRITA	169
Memoria de Carvalho en Lugo (Carmen Blanco)	177
Orgulloso e teimoso... (Jacobo Sández Macho)	182
FALANDO EN TEMPO DE LUGO	183
Abeledo, esto... (Bernardo Abeledo Fernández)	189
Persona de gran cultura... (Pepa Carro Páramo)	193
Fingoi-Don Ricardo (Marina Cal Freire)	196
En Fingoi... (Carlos Fernández Fraga)	199
CONCLUSIÓN	205
Un soño chamado Fingoi... (Manuel Sández Macho)	206
COMEZO DA HOMENAXE EN FINGOI (Fotografías)	208
TRES LUSTROS LUCENSES (Antonio Prado Gómez)	211
BIBLIOGRAFÍA	251
AGRADECEMENTOS	253

Carballo Calero en Lugo: Don Ricardo de Fingoi

Don Ricardo Carballo Calero, do que veñen de cumprirse tres décadas do seu pasamento, recibe neste 2020 a homenaxe de toda Galicia como persoeiro ao que a Real Academia lle dedica o Día das Letras. Unha circunstancia que celebramos xa que nos permite pór en valor o gran legado intelectual, literario e educativo que don Ricardo cultivou toda a súa vida.

A peripecia vital de Carballo Calero enmárcase no esencial nun triángulo que finca os seus vértices nas cidades de Ferrol, Santiago e Lugo. Neste sentido, cómpre dicir que a mostra “Don Ricardo de Fingoi” dá cobertura e explica dun xeito ameno e detallado os quince anos deste autor na cidade da Muralla.

Parabéns ao Colectivo Egeria por este notable traballo no que se aborda o período que vai de 1950 a 1965 na biografía de don Ricardo; expoñendo os feitos e os fitos, e enriquecendo ese relato coas testemuñas de numerosos alumnos do profesor. Quince anos que deixaron unha fonda pegada no seo da sociedade lucense; pero que tamén resultaron decisivos na vida e a consagración como intelectual e creador de referencia no eido cultural galego do egrexio ferrolán.

Esta aventura luguesa xorde coa proposta do ilustrado empresario, don Antonio Fernández, ao noso autor para pór en funcionamento e encarreirar pedagoxicamente un colexio moi especial no seu tempo, o Fingoi. Unha institución docente que setenta anos despois segue a ser un modelo educativo que honra á cidade e acredita que ben merece Carballo Calero ser alcumado e lembrado como “don Ricardo de Fingoi”.

Desde a Xunta de Galicia entendemos importante apoiar esta publicación e as actividades de difusión que completan a homenaxe coa que os lucenses lembran ao senlleiro profesor, que fixo deste centro educativo un facho de cultura, e que aínda segue a ser lumieira do noso país.

*Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura e Turismo*

Nota inicial

A expresión do coordinador deste traballo segue a normativa da lingua galega, pero nas opinións dos participantes (e naturalmente nas do Profesor homenaxeado) respéctase a expresión orixinal, sexa en galego normativo, castelán ou galego reintegrado.

Por outra parte, as achegas dos/as antigos/as alumnos/as (totalmente libres en extensión e enfoque), son anacos de memoria, e as posibles duplicidades enténdese que non son redundancias senón matices persoais, coincidencias, xa que cada quen conta ao seu xeito os feitos, obtendo unha visión de conxunto dun tempo, un colexio e (esencialmente) dun profesor.

Os lucenses, en xeral os lugueses, consideramos medio lucense ao profesor Ricardo Carballo Calero, polos quince anos vividos na cidade como Director do Colexio Fingoi, por seguir tendo logo casa en Lugo, e manifestamente pola lembranza (nalgúns casos, veneración) que os seus alumnos, especialmente alumnas, gardan daquel home sabio, serio, de mirada penetrante, que tan firmemente os dirixiu e do que quedaron influídos para sempre.


Eu non puideron ter contacto directo con Carballo Calero na súa etapa lucense, porque vin de Vilalba para Lugo en novembro de 1964, aprendendo daquela a andar pola vida, e el marchou de Lugo para Santiago en 1965, sen que nada propiciase un contacto naquel tempo meu de iniciación social.

Si o tiveron con posterioridade no aspecto xornalístico, especialmente no eido radiofónico e audiovisual, pero aténdome ao período lucense de Carballo, inicialmente non tiña máis evidencia que o magnífico libro que publicou en 2010 Ramón Reimunde Noreña (“Cautivério de Fingoi”), referido precisamente a “Os anos lugueses (1950-1965) de D. Ricardo Carvalho Calero”, á parte da devoción, proximidade e coñecemento que del tiña a profesora Araceli Herrero Figueroa, que tanto esforzo dedicou a espallar as obras de Carballo Calero e Luís Pimentel.

Se nós consideramos a Carballo medio lucense, os de Ferrol sábeno plenamente ferrolán, e o nome de Carballo xurdiu nunha conversa con Julia Díaz Sixto, compañeira que foi hai anos na cadea galega de Radio Popular, na actualidade Presidenta do Club de Prensa de Ferrol, precisamente na inauguración da exposición “Os nove anos de Fraguas en Lugo”, no Instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, exposición que logo –en colaboración co Club de Prensa– levamos ao Ateneo Ferrolán.

Era preto do Día das Letras Galegas de 2019, e estaba a punto de facerse público o nome de quen ía centrar o Día das Letras Galegas de 2020, e os dous coincidimos en que daquela ou nunca lle podía tocar a Carballo Calero, tantas veces preterido nas votacións da Real Academia Galega polo feito de ser o patriarca do Lusismo ou Reintegracionismo, que provoca na sociedade galega fortes filias e fobias e que ata entón non lle permitira esta gloria póstuma.

Pasaron só un par de días cando se coñeceu a noticia, e puideron felicitar á Presidenta do Club de Prensa e prometerlle que, como fixemos co lucense Fraguas, iamos ocuparnos tamén do lucense Carballo no seu Ano Triunfal. E niso estamos.



Cando este libro e a exposición itinerante que o acompaña estean a percorrer a xeografía lucense e a xeografía vital de Carballo, estaranse a cumprir os trinta anos do seu pasamento o 25 de marzo de 1990. Sirva esta iniciativa para honrar ao profesor en aniversario tan sinalado.

Falando con Carballo



RICARDO CARBALLO CALERO

Ferrol, 1910. Licenciado en Dereito e Filosofía e Letras, pola Universidade de Santiago; Doutor en Filosofía e Letras pola de Madrid. Agregado de Lingua e Literatura españolas no Instituto Rosalia de Castro, de Santiago hasta 1972. Desde entón, Catedrático de Lingüística e Literatura galega na Universidade de Santiago (cargo que, interinamente, desempeñaba desde 1962). (Hoxe, xubilado). Membro da Real Academia Galega. Entre as súas obras, destacan: Novela: "A XENTE DA BARREIRA" (1951) (a primeira novela publicada en galego despois da guerra civil); Poesía: "VIEIROS", "O SILENZO AXIONLLADO", "ANXO DA TERRA", "POEMAS PENDURADOS DUN CABELLO", "SALTERIO DE FINGOI"; e estudos filolóxicos ou literarios: "HISTORIA DA LITERATURA GALEGA CONTEMPORÁNEA", "GRAMÁTICA ELEMENTAL DEL GALLEGO COMUN", etc.

GRABACION "CARBALLO CALERO":

"Destacaría dunha banda a súa capacidade para consustancializarse cos problemas da nosa terra e por outra banda a capacidade pra expresar o universal común. Os Cantares Gallegos responde principalmente á primeira das direccións indicadas. Follas Novas á segunda, sin que esto queira significar que non haxa aspectos na súa obra narrativa tamén moi interesantes".

Fiando da memoria, poñamos que os meus primeiros contactos directos con Carballo Calero foron a comezos dos anos oitenta, cando Marcial González Vigo e mais eu andábamos a traballar nun proxecto titulado MEDIO CENTO DE GALEGOS E ROSALÍA, pensando concorrer ao certame radiofónico que convocara o Patronato Rosalía de Castro que presidía Agustín Sixto Seco.

O medio cento de galegos, entre os que loxicamente estaba Don Ricardo, opinaba sobre o papel de Rosalía na literatura e na vida de Galicia, e mesmo sobre a súa vixencia e actualidade.

Rescato, catro décadas despois, as súas palabras sobre Rosalía para facer constar a súa devoción pola máis grande:

Rosalía de Castro fundamentalmente paréceme un poeta lírico, un grande poeta lírico, que conxuga a galeguidade coa universalidade. Dunha banda, destaca a súa capacidade para consustancializarse cos problemas da nosa terra, e por outra banda a capacidade para expresar o universal humano. Os “Cantares Gallegos” responden principalmente á primeira das cuestións indicadas. “Follas Novas”, á segunda. Sen que esto queira significar que non haxa aspectos da súa obra narrativa tamén moi interesantes. “El Caballero de las botas azules” é unha novela que hai que destacar dentro da narrativa española do século XIX. E por suposto, non debemos esquecer “En las orillas de Sar”, libro que, escrito en castelán, pertence á literatura española e á literatura universal. A súa vixencia actual fúndase en que Galicia existe, e existe a humanidade, e a unha e a outra se recoñecen nos versos da nosa escritora.

O traballo, que foi emitido na rede galega das emisoras de Radio Popular, obtivo o premio instituído (1981), e con posterioridade foi editado en libro, incluíndo as opinións dos participantes, a súa fotografía, e unha mínima recensión biográfica.

Por outra parte, gardo constancia sonora da conversa no programa “En Directo”, de Radio Popular de Lugo, a comezo dos oitenta, con Carballo Calero, xa xubilado, e Ramón Reimunde, daquela profesor de galego no Instituto Feminino de Lugo (profesor un, e sempre alumno confeso o outro), na que Carballo, diante da miña pregunta de se estabamos nunha idade de ouro do noso idioma, respondeu:

Desde logo, non sei que clase de metal é o que pode caracterizar a resonancia vital do galego de hoxe, pero é indudábel que os estudos que se teñen feito a propósito do idioma, e o labor de promoción da conciencia de ter o

galego como sacramento de identidade do noso pobo, iniciada nos tempos do romantismo, ou máis ben como hoxe tendemos a admitir, nos tempos da ilustración, ten producido, efectivamente, un notabilísimo avance no manexo do galego, máis isto especialmente a nivel culto.

Hoxe, calquera escritor galego, como non sexa un desleixado, ten posibilidades de escribir e escribe nun galego máis enxebre, nun galego máis puro, nun galego máis correcto, nun galego menos arbitrario, nun galego máis coherente que escribía Rosalía, ou que escribía Curros, efectivamente. En cambio, como é sabido, a aculturación centralista foi producindo un abandono do uso oral do galego nos medios campesinos e nos medios urbanos, en que antes era absolutamente usual. Endebén, este fenómeno, o avance do galego no terreo da cultura, e o retroceso no terreo popular, pode deterse, está cecais deténdose hoxe, e o feito de que confluán por primeira vez a corrente popular e a corrente literaria, o feito de que o sentido da dignidade do galego teña penetrado xa como consecuencia do aumento do nivel cultural nas masas campesinas que antes falaban galego, pero que non o sentían como unha lingua digna, é un feito certamente positivo que hai que apuntar como reserva na loita contra unha serie de circunstancias adversas que nos intranquilizan, que nos preocupan... pero que naturalmente non nos amilanan.




Carballo Calero e Ramón Reimunde.

Ramón Reimunde fixo para a audiencia radiofónica a presentación do seu profesor:

É moi doado e moi agradábel para min facer unha semblanza do meu profesor don Ricardo Carballo Calero do que fun e sigo a ser alumno, porque ten sempre cousas que nos ensinar e nós cousas que aprender del.

Sabemos do Carballo profesor, primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega na Facultade de Filoloxía de Santiago. De aí é de onde chegamos nós, que logo seríamos licenciados en filoloxía galego-portuguesa, ou en hispánicas e noutras ramas, e que durante quince anos en Lugo, disfrutáramos da súa pedagogía.

Esa é a súa carreira como profesor, pero hai outro Carballo Calero, que está na mente de todos nós. Ontes, nunha brillante conferencia que pronunciou no Instituto Masculino, sobre Amado Carballo, eu presentábao decindo que moitos de nós, moitos dos seus discípulos, e moitos dos que nos preocupamos pola cultura do país, estamos convencidos de que don Ricardo Carballo Calero é a figura viva máis importante das letras galegas do século XX. E temos abondosas razóns para opinar esto. Don Ricardo ten unha cara de poeta e de narrador e de escritor, e de creador literario, ás veces esquecida e escurecida pola enorme potencia do seu ensaio e do seu labor no campo da literatura e da investigación. Mais é un poeta que agora acaba de rematar dous libros, a súa obra completa, “Pretérito imperfecto”, que recolle os seus poemas de 1927 a 1961, e un novo, “Futuro condicional”, que está a saír á venda proxima-mente.



Tamén temos toda a súa obra de teatro, a súa obra de autor dramático, que xa tiñamos en catro pezas, agora en un novo libro que apareceu recentemente, que é o “Teatro Completo”, que recolle as pezas de teatro escritas entre 1935 e 1980. Á parte de “A xente da Barreira” sería a primeira obra de narrativa da posguerra. Despois veu a súa inmensa obra ensaística, onde hai pezas de capital importancia, como poden ser, por citar algunhas, “Gramática elemental del gallego común”, a “Historia da literatura galega contemporánea”, “Estudios rosalianos”, “Problemas de lingua galega” e unha infinidade de artigos soltos publicados en revistas especializadas e demais.

Nesta semblanza quería simplemente afirmar como alumno que fun e sigo sendo de don Ricardo, que el dixo nunha ocasión que a súa obra estaba feita. Daba a impresión do deber cumprido, mais don Ricardo, que está xubilado como catedrático de universidade, é un home que sigue a traballar no seu despacho da Universidade tódolos días do ano. E no seu, digamos, laboratorio particular, no seu lugar de traballo, é un exemplo extraordinario ao que lle vai rendir homenaxe todo o país, á que nos sumaremos en Lugo, por exemplo, o claustro do noso instituto, e moitas máis entidades de Lugo.

Penso que é un home que está por riba de todas as homenaxes, e neste sentido el dixo nunha ocasión que el deitara a súa semente, e que parte desa semente xerminou, e que outra parte comeriana os páxaros... Eu polo menos persoalmente quero formar parte desa semente de don Ricardo que xerminou, xa que nos mostrou un camiño seguro, unha estratexia lingüística... eu penso que os que aprobamos unhas oposicións de profesores de galego aprobámolas porque estudamos os seus libros, e non por outra cousa, eso é un agradecemento persoal e colectivo que penso que todo o mundo ten en mente.

Na conversa radiofónica, Don Ricardo fixo un diagnóstico do estado do noso idioma ao comezo daqueles anos oitenta:

É un momento decisivo para a vida do galego o que transcorre actualmente. É decisivo porque, plantexadas por primeira vez no noso país as condicións xurídicas dunha autonomía política, o país e o goberno do país, teñen moito que dizer a propósito do que queren que sexa lingua propia de Galiza, como a denomina o Estatuto vixente. Durante moitos séculos, o galego viviu unha vida puramente dialectal, reducido á condición de un con-



Homenaxe a Carballo Calero en Lugo, en marzo de 1972. Á esquerda, Asunción Fernández Puentes ("Siña"). Detrás de Don Ricardo, Manolita López Penelas e Amador Valín.

xunto de falas que non tiñan ou tiñan só esporadicamente repercusión na escrita. Como consecuencia de este feito social, o galego afastouse da súa propia natureza, na medida en que cesou a creatividade idiomática e se incorporaron ao léxico galego moitos termos da lingua entón única oficial do país, o castelán ou castellano. Este proceso de afastamento das demais falas do occidente peninsular que estaban orixinariamente conectadas con el, ata o extremo de ter resultado de sucesivos avances do galego cara ao sul, determinou a ameaza de desnaturalización do noso idioma. Hoxe temos catedráticos, agregados de galego nos Institutos, temos o ensino do galego a distintos niveis, e podemos alimentar a esperanza de que estes resortes dos que non dispúñamos, podan asegurar o mantimento e a depuración da nosa fala se os que os manexan son conscientes de que o galego é a forma primitiva do ibero-románico occidental, e que tendo na propia Galiza a competición do castellano, non debe isolarse, non debe pecharse con relación ás demais falas, as demais manifestacións do galego-portugués, que é un sistema lingüístico de proxección universal que nos pode proporcionar unha corroboración para esta loita difícil en que nos atopamos envoltos.

Ao comentarlle eu que os que somos profanos da lingua, os que somos puros afeccionados, se se pode chamar así a falar en galego, parécenos que o noso idioma debería ter vida propia para non ter que ollar para ningún idioma que estea preto del, a resposta non puido ser máis contundente:

Esa aspiración, ao meu xuicio, é unha aspiración que non se pode realizar no mundo actual dunha maneira plena. Non podemos constituír illas lingüísticas como non podemos constituír illas políticas. A independencia no mundo actual é unha utopía, é un arcaísmo, hoxe somos todos interdependentes e non vamos a retroceder a un tempo de organización feudal, de reinos de taifas en que a economía, a vida espiritual, se desenrolaba dunha maneira máis fechada.

Temos que proxectarnos sobre ámbitos máis extensos, e neste sentido non son de ningún xeito partidario dun isolacionismo que nos situaría en condicións de terrible inferioridade respecto da presión do castellano, que por outra parte foi unha lingua que se estendeu polo mundo como se estendeu o galego nas súas formas derivadas do portugués, do brasileiro, etc. De xeito que creo que dadas as condicións de nivel ecuménico en que se desenrola a vida de hoxe, o galego si se isolara enteiramente dos demais idiomas románicos i especialmente de aqueles que son irmáns ou descendentes del propio, acabaría por ser un mero instrumento de folclore pintoresco, unha lingua ritual que se alongaría da realidade e que polo tanto carecería de porvir.

Pedinlle finalmente un resumo dos seus quince anos en Lugo, que comentou así:

Foron quince anos de interesantísima experiencia pedagóxica, que eu realicei tratando de facer viábeis na práctica cotidiana as ideas de un gran lugués, Don Antonio Fernández López, creador dese Colexio que aínda subsiste en pleno rendimento, e que está dirixido e administrado pola mesma descendencia de Don Antonio Fernández.

Fixemos un experimento de educación que naqueles momentos era mui arriscado; a coeducación, a coexistencia no centro escolar de alumnos masculinos e femininos loitaba en realidade coa lexislación vixente, pero Don Antonio Fernández conseguiu que se nos considerase centro experimental, e aínda que non se dictara por aquelas alturas o reglamento deste tipo de centros, como a lexislación previa a posibilidade da súa existencia, esta circunstancia, esta declaración, nos permitía unha grande autonomía na realización e na pedagogía aplicadas.



Efectivamente, aqueles quince anos tiven alumnos que hoxe son os meus colegas, varios alumnos que chegaron a ser catedráticos de universidade, e aínda que estivemos moitas veces ameazados pola evidente dose de desequilibrio que había entre o espírito da lexislación vixente naquela época e os nosos propósitos de facer un ensaio de educación realista profundamente baseada na realidade que nos rodeaba e sen prexucios librescos, esa experiencia ás veces evidentemente desnortada por excesos de idealismo, servíume moito para adiantar no meu traballo de profesor, ao que veño consagrado desde tempos moi remotos, xa que na miña vila natal fun profesor afeitoado aínda antes de rematar o bacharelato.

De modo que esa experiencia a considero moi positiva, e aínda que en medio da angustia que pesaba sobre min, cando pasei a ser profesor oficial, creo que levaba un equipaxe de experiencia que me foi útil.

Dise que Sócrates xustificaba terse casado con Xantipa, muller agría de pésimo carácter, indicando que para adeprender a montar a cabalo é moi útil que os primeiros ensaios se fagan sobre cabalos difíciles. As dificultades coas que tiven que loitar naquela experiencia de Fingoi tamén me

axudaron a afrontar as dificultades que moitas veces eran inferiores cando tiveron que afrontar o ensino oficial en anos posteriores. Polo demais, eses quince anos en Lugo fixeron de min un lugués, un lugués que agora, en parte con anterioridade, estou ligado por razóns de familia de maneira moi estreita.

Contacto tivemos logo con Don Ricardo con motivo da serie de programas “Poesía na noite”, da Televisión de Galicia, producida por Ophiusa, para a que Carlos Rodríguez Arias e máis eu percorremos Galicia na procura de cen poetas que leron os seus poemas diante da cámara, co fin de que a Televisión Galega, que acababa de nacer, pechase a súa programación diaria con palabras de poeta.

Carballo Calero leu para este programa, entre outros, o poema “*Praia de Corujo*”, e eu pedinlle que me mandase, escrito á man, este poema, pensando na posibilidade de facer nalgún momento unha exposición na que figurasen os poemas dos autores coa súa expresión caligráfica. Esa exposición nunca se chegou a confeccionar, nin mesmo planificar, pero trinta e tres anos despois a caligrafía de Don Ricardo pode figurar neste libro a través da transcripción do poema que acredita a súa presenza na praia na que alguén chantou para el un parasol.

Lembro, finalmente, outra ocasión na que coincidín co profesor Carballo, e foi na presentación en Compostela do libro “Homenaxe a Díaz Castro”, publicado por Xermolos, que tivo lugar no local que a entón Caixa Galicia tiña preto do domicilio compostelán de Carballo Calero.

Despois dunha longa admiración mutua e correspondencia epistolar, por fin Díaz Castro e Carballo Calero puideron coñecerse persoalmente na súa vivenda en Lugo, en compañía de Alfonso Blanco Torrado.

O contacto, de lonxe, entre os dous escritores, tivera un froito importante no “Prefácio” que Carballo escribira en 1981 para “Nimbos”, de Díaz Castro, publicado por Agal en 1983, e rescatado en edición dixital con motivo da XL edición do Festival de Pardiñas por “Os Vilares, lareira de sonhos” e Nova Poesía Guitírica. Del extraemos o anaco no que Carballo di que o de Díaz Castro é “*um mundo poético de plenitude, no cal retrocede até os confins da presenza todo o que tem umha existência contingente, e se organiza em equilibrada síntese para ocupar o primeiro plano da atençom, aquilo que para o home é esencial: o seu contorno nativo, a nostalgia da meninhez, a lembrança dos carinhos familiares e a inquietude que só desaparecen a referênciã á divindade*”.

Carballo Calero

Prin le bonis

Tra area pax min algum croru
o paxell, e a caravelas pax
de honore pax min d'india Egipto.
Ghede d'india: cu fuaia.

Te un riu de amicia, amite in pax
Esquide de un o riu d' amite
d'ale un, un o capra a alon. Pox
cu colidat i fual pax un

I' mite pax d' mite pax an d' am
cu colidat de pax d' mite, cu un riu
cu d' mite de pax d' mite, e cu un riu
cu d' mite, cu un pax d' mite

I' mite riu d' mite riu in d' mite.
E o riu d' mite e in d' mite, e riu
d' mite e in d' mite, e
e cu d' mite. E o riu d' mite, e in d' mite, d' mite.

De un riu d' mite, e in d' mite,
e in d' mite e in d' mite, e in d' mite.
e in d' mite, e in d' mite, e in d' mite,
e in d' mite, e in d' mite, e in d' mite.

D' mite d' mite, e in d' mite, e in d' mite,
de un riu d' mite e in d' mite, e in d' mite.
E in d' mite e in d' mite, e in d' mite, e in d' mite,
e in d' mite, e in d' mite, e in d' mite.


Tra un riu, e in d' mite, e in d' mite,
E in d' mite, e in d' mite, e in d' mite,
E in d' mite, e in d' mite, e in d' mite,
E in d' mite, e in d' mite, e in d' mite.

En “Desorballando Outonos” (Guitiriz, 2014) Alfonso Blanco Torrado lembra aquel acto comentando que Carballo Calero, na presentación do libro-homenaxe en Santiago, xa cos primeiros síntomas da enfermidade final (febreiro do 1988), confesou a raíz do seu mal derradeiro, daquela aínda sen diagnosticar, e referíndose á ausencia de Díaz Castro, tamén enfermo: “Estiven eu mesmo a punto de estar ausente tamén por razóns de saúde. Notaredes que o ton con que se emite a miña fonazón é un ton que acusa unha afección das vías respiratorias. A miña “balística verbal”, frase consagrada por Ortega para referirse á capacidade de elocución fronte a un auditorio en ocasión memorábel, é pois “noelística”, sumamente afectada polas circunstancias meteorolóxicas adversas ou posiblemente pola adversidade da miña caixa torácica”.

Lembra Blanco Torrado que “Xa non puido vir á festa de Xermolos arredor do poeta (21 de abril de 1990), iso que fora un dos máis afervoados impulsores. Morrera no ano fatal para as letras, o 25 de marzo de 1990”.



Alfonso Blanco Torrado, Serafín Díaz Castro, Ricardo Carballo Calero, Luís Cordeiro Rodríguez e Xulio Xiz, na presentación en Santiago do libro-homenaxe a Díaz Castro.



Carballo nos anos lucenses, visto por Siro.

O lucense Carballo Calero

Postos a buscar pegadas de Carballo Calero na capital lucense mesmo podemos atopalas en calquera historia da literatura galega, se atendemos ás repercusións do seu traballo, e así, do 1955 é a súa tese sobre “Aportaciones fundamentales a la Literatura Gallega Contemporánea”, que foi Premio extraordinario, ou a súa incorporación á Real Academia Galega no 1958 e, naturalmente, as súas obras “Anxo da terra” (1950), “A xente da Barreira” (1951), “Poemas pendurados dun cabelo” (1952), “Sete poetas galegos” (1955), “Aportaciones a la literatura gallega contemporánea” (1955), “Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía” (1959), “Salterio de Fingoi” (1961), “Versos ñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal” (1961) e, con lugar de honra, a “Historia da Literatura Galega Contemporánea”, de 1963.

Pero non é o noso obxectivo directo estudar a súa investigación ou produción literaria, aínda que esta se efectuase en Lugo, e desde Lugo irradiase para todo o mundo galego, senón coñecer de primeira man o seu labor como docente, a súa personalidade, o impacto que produciu nos seus alumnos e alumnas, e a permanencia na actualidade do seu recordo, dos froitos do seu paso por Lugo. E poderán rexistrarse duplicidades en conceptos e lembranzas que proceden de hai preto de seis décadas, pero entendemos que, mesmo respectando escrupulosamente as palabras do antigo alumnado, acreditamos a práctica unanimidade sobre Don Ricardo de Fingoi.




Carballo Calero foi durante quince anos o Director do Colexio Fingoi. Mellor aínda: máis ca director, xa que, como os seus condicionamentos políticos non permitían que ostentase a dirección, foi nomeado Conselleiro-Delegado do Colexio, polo que a dirección quedaba sometida ao seu goberno. Este, pois, debía ser o punto de partida na miña pescuda sobre as pegadas do profesor.

Fingoi era unha zona extramuros da capital lucense, naqueles anos plenamente rural, que se foi urbanizando paulatinamente coa construción do chamado Polígono de Fingoi en primeiro lugar, logo coa urbanización do Valiño, a emisora de Radio Popular, o Colexio Menor Santísimo Sacramento, do Bispado de Lugo e, por fin, coa Segunda Ronda e a Cidade Universitaria.

Nesta zona rural, don Antonio Fernández López elixiu uns amplos terreos para construír un colexio singular, moi avanzado naquel tempo, pioneiro nun ensino asentado na terra, onde nin os alumnos tiñan que sufrir para que os coñecementos entrasen neles, nin os profesores se sentían atados por todas as normas en vigor, escritas ou tácitas.



Isto lévanos a lembrar ao fundador deste colexio, Don Antonio Fernández López, do que eu tiven a primeira noticia ao escoitar na emisora Radio Lugo que fora nomeado “Lucense del año 1968” este membro da familia coñecida como de Antón de Marcos (nome polo que era coñecido seu pai), polo seu papel benefactor da cultura e, de xeito especial, polo seu apoio ao Museo Provincial de Lugo.



Libro de Avelino Pousa e Valentín Arias sobre Antonio Fernández López, publicado por Edicións Ir Indo.

Ese foi o meu primeiro coñecemento da obra filantrópica de “O fillo de Antón de Marcos”, que andando o tempo sería honrado polo Concello de Lugo, dándolle o nome de “Fillos de Antón de Marcos” á praza interior contigua ao Museo provincial de Lugo.

Fingoi vai ser, pois, punto de referencia e de partida deste traballo, como tamén foi o primeiro lugar ao que acudín na procura de información, atopando en Siña (Asunción Fernández Puentes), Directora do Colexio, a mellor das acollidas e colaboración. Tardei moi pouco en decidir que este libro se tiña que titular “DON RICARDO DE FINGOI”.

Era... Don Ricardo

Marisol Truque Fernández
Catedrática de Latín



...en las clases: “el sol se pone” era la forma de recriminarme cuando no respondía a sus expectativas; pero no recuerdo que subiese el tono o la reprimenda, y siempre me he preguntado si conocía nuestro lenguaje de signos con los que salíamos de apuros en las dificultades sin que “aparentemente” los profes se percatasen.

...en las actividades: supongo que otros condiscipulos mencionarán cómo en las veladas de Navidad y fin de curso pudo sacarse la espinita aprovechando para introducir el uso de la “lingua galega” y del folklore como actividad cultural.

...a nivel personal: conservo una carta con la que me contestó agradecido y emocionado por haberme acordado de él cuando, al terminarla carrera, le envié una foto con la beca de licenciada... creo que debí sentir y considerar que había sido mi profesor y se lo debía.



Don Ricardo de Fingoi

Nun proxecto coma este, ao coordinador ocórreselle abrir os sentidos para percibir palabras e intencións, xestos e miradas... e soltar as redes para conseguir froitos que tentar de reflectir no traballo. E comentar a pretensión de coñecer para que os que o escoiten, e saiban do tema, comenten a súa sintonía xeral co tema.

Ademais da xente de Fingoi, un dos primeiros entendidos especiais aos que lles comentei o tema foi a Martiño Montero Santalla, profesor da Universidade de Vigo, discípulo e devoto de Carballo Calero. O contacto foi a mediados de setembro de 2019 na Romaxe de Crentes Galegos que se celebrou na praia fluvial da miña Vilalba. E Moreno Santalla, ao saber que eu quería pescudar sobre os quince anos lucenses de Carballo Calero, comentoume que precisamente Carballo pronunciara en 1974 unha conferencia no Centro Lucense de Buenos Aires co título “Quince anos em Lugo”.

Daquela lembrei que eu xa soubera hai preto de corenta anos desa conferencia, e puiden logo conseguila, na Biblioteca Provincial de Lugo, no volume “Letras Galegas”, que Agal publicou en 1984 con textos de Carballo Calero, entre os que se encontra o texto desta intervención, imprescindible para esta iniciativa de homenaxear en Lugo a Carballo Calero, e de reivindicar o seu lucensismo, polo menos temporal, nesta xeral homenaxe que Galicia lle rende.

Martiño Moreno Santalla, autor de “Carballo Calero e a súa obra”, comenta a sempre perceptible aversión de Carballo a falar de si mesmo por modestia e discreción, pero destaca especialmente a alusión feita máis dunha vez por Carballo á súa amnesia: “*O grande trauma da guerra esnaquizou moitos arquivos. O da miña memoria foi alarmantemente saqueado. [...] Entre 1936 e 1941 acontecéronme tantas aventuras -como a tantos desventurados!- que moitas figuras familiares e moitos sucesos importantes da miña vida familiar ficaron eliminados da miña memoria*” (Libros e autores galegos, II).

Nesta mesma obra, o autor comenta que “*Essa perda do arquivo mental da memoria viu-se agravada pala desaparición, durante os seus anos de*



ausencia forzosa nos tempos da guerra e da posterior prisom, do seu arquivo material de escritos e documentos persoais”, e subliña a gran preocupación polo futuro que sempre afectou ao profesor: “Cadaquén se proxecta sobre o tempo segundo os condicionamentos da súa personalidade e das súas circunstancias. O que isto escribe, combatido até a senectude pola inseguridade do futuro, de cote coidando nel, forxándoo ilusoriamente, aduro puido, por exceso de coidados ou defeito de atesouramento, reter do pasado leviás cinzas voandeiras, consagrado o presente, por enteiro, a imaxinar o porvir, e, por iso, sen oco para conxurar o pretérito”.



E xa que antes mencionei a necesidade de contar con amplas fontes informativas, digo agora que ao final do libro figura ampla nómina de xenerosas persoas vencelladas ao Fingoi de Don Ricardo, que colaboraron a que sexa tan variado o abano de opinións sobre o período lucense de Carballo Calero. E agradezo esas opinións, e a achega de numerosas fotografías que ilustran como corresponde este libro.

Pero velaquí que querendo comezar a reflectir o que foi o paso de Carballo Calero por Lugo, as súas pegadas (tanxibles ou intanxibles) na cidade e nas xentes, adéntrome no tema lendo “Cautivério de Fingoi”, do escritor amigo Ramón Reimunde Noreña que estudou

con agarimo e fondura “Os anos lugueses (1950-1965) de D. Ricardo Carvalho Calero”, e que o autor resume en que “*chega en 1950, coñece a sociedade e as tertúlias luguesas, gaña prestíxio docente en Fingoi, fai literatura e investiga seriamente, publica libros importantes e participa en institucións culturais sérias, fala en público do que máis sabe por todo o país e finalmente marcha a Santiago para traballar na Universidade e acadar a meta final difundindo o reintegracionismo*”.



Homenaxe a Cabanillas no Colexio Fingoi. De pé, Marianela Fernández, entre Carballo Calero e Juan Carlos Teijeiro.

Os meus recordos de Don Ricardo Carballo Calero, claros e intensos, reflexo do seu enorme carisma

*Angelines Penas Truque
Directora do Museo de Belas
Artes da Coruña*



É unha gran satisfacción que se dedique o Día das Letras Galegas 2020 á figura de Don Ricardo Carvalho Calero, acontecemento que permitirá ao fin o recoñecemento público da súa traxectoria intelectual e do seu firme compromiso con Galicia, no seu aprecio e defensa da lingua galega ao longo da súa vida, mesmo en épocas complexas e moi diferentes ás actuais. Ademais daranos a oportunidade de profundar na súa obra literaria e distinguir a súa indubidable contribución no crecemento e enriquecemento do noso Patrimonio cultural.

Os meus recordos están vinculados ao Colexio Fingoi, de Lugo, onde estudei ata o inicio da miña carreira universitaria en Santiago de Compostela.

O Colexio Fingoi, creado por Antonio Fernández nos anos 50, perseguía un sistema educativo novo e vangardista influído polas formulacións da Institución Libre de Ensino. É aquí onde Carvalho Calero non só imparte clase de lingua e literatura, senón que exerce como Director do Colexio durante case 15 anos. Coincidín con el nos anos da miña nenez. E os meus recordos, aínda que escasos, son claros e intensos, reflexo do seu enorme carisma.

Don Ricardo deixou o Colexio en 1965 para iniciar a súa andaina no mundo universitario de Santiago de Compostela, cando eu aínda non iniciara o Bacharelato, pero como alumnos, a pesar da nosa idade, si tivemos algunha clase preparatoria previa ao chamado exame de Ingreso, froito do seu compromiso co programa educativo que recibiamos.

Tiña unha gran personalidade. Era serio, recto, intelectual nas súas expresións, parco en palabras, ás veces moi calado e silencioso. Impoñía respecto e apreciaba a boa educación e a corrección. Con todo, a pesar da súa autoridade, podía ser moi agradable e próximo ao manter unha conversación, por moi pequena que esta fose, tratando calquera tema, fose cotián ou excepcional.

Posuía vivenda no espazo arquitectónico do Colexio Fingoi, o que lle permitía supervisar continuamente o ritmo diario de todo o que alí acontecía. A lingua e a cultura galega estaban presentes no ámbito educativo do propio Colexio dunha forma directa ou indirecta, sobre todo nas súas actividades, destacando o teatro, a poesía, as cancións e os bailes e tradicións populares galegas. O Colexio, baixo as súas directrices, participou en distintos certames literarios e teatrais da época.

As alumnas que gozaron da súa docencia adóitano lembrar con grande aprecio. Teño exemplos claros e palpables no meu ámbito familiar. Dúas tías miñas (Marisol e Maricruz Truque Fernández), estudantes do Colexio Fingoi, foron as súas alumnas durante todo o bacharelato de entón. Ambas gardan gratisimos recordos e un gran respecto e agarimo cara á súa persoa, e así mo transmitiron: non só polo excelente trato que Don Ricardo mantiña nas súas clases entre profesor e alumno, a pesar da



A profesora de infantil Chicha Fernández Crespo era a responsable do grupo de baile folclórico que actuaba nas festas colexiais de Fingoi.

súa seriedade, senón pola creatividade e o interese das súas clases de lingua e literatura onde prevalecía, xa entón, o diálogo e o fomento da poesía, a escritura e o teatro.

O propio sistema educativo do Centro implicaba que algunhas veces os profesores e o director xantasen no propio comedor do colexio, e na mesa onde comiamos xunto a outras/os compañeiras/os. Cando isto sucedía, a súa conversación era parca en palabras pero ás veces resultaba atractiva. Un día coincidiu Don Ricardo na nosa mesa de comedor e preguntounos ás tres alumnas que compartiamos a mesma polo noso interese pola lectura e a literatura infantil e xuvenil. Entre as distintas preguntas que nos expuxo, unha era quen nos gustaba máis, Alicia no País das Marabillas ou o conto de Peter Pan. Eu díxenlle que este último, e a partir de entón, moitísimas veces, dirixíase á min chamándome por ese apelativo

Pasados os anos, cando estaba a realizar os meus estudos universitarios na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela, atopeime con Don Ricardo Carvalho Calero saíndo da Biblioteca da devandita Facultade. Para a miña sorpresa chamoume a viva voz. Pero non só polo meu nome e apelidos, que lembraba perfectamente, senón, o que é mellor, polo meu “apelativo”. Foi moi amable e interesouse polos meus estudos. Unha vez máis a súa conversación foi curta pero profunda, recalcoume a importancia de coñecer a Historia pasada para comprender e analizar o noso presente, e convidoume a acudir a algunha das súas clases de lingua e literatura galega na Facultade de Filoloxía. O seu aspecto era o de sempre, pero riseiro e alegre. Persoalmente alegreime moitísimo daquel encontro, que me produciu certa emoción. Eran os anos finais da década dos 70, pasaran máis de dez anos desde a súa marcha de Lugo. Ao fin chegara o seu recoñecemento académico.

Afortunadamente, agora, uns cantos anos despois, chega o seu recoñecemento como figura indiscutible das Letras Galegas... xa era hora.

Carballo Calero en Fingoi

Foron quince anos os que Ricardo Carballo Calero residiu en Lugo, se ben antes, e especialmente despois, tivo importante relación coa nosa cidade. E cando por fin se lle dedica o agardado Día das Letras Galegas, o Colectivo Egeria faise voceiro de ducias de alumnos/as da súa etapa lucense para destacar o seu vencello coa cidade, e o impacto que Lugo e as súas xentes produciron no noso profesor e escritor. Noso, por vivir connosco, e por quedar vinculado coa cidade para sempre.

No chamado “Ferrol Vello”, na casa número 51 da rúa de San Francisco, hai unha placa que proclama que “NESTA CASA / NACEU O 30 OUTUBRO 1910 / RICARDO / CARBALLO CALERO / ESCRITOR, LINGÜISTA / E DEFENSOR DA CULTURA GALEGA”. A lápida colocouse en 1982 por iniciativa da Asociación Cultural Medulio, do Ferrol, en acto no que participou o homenaxeado escritor e profesor.

Ricardo Carballo Calero foi o primeiro dos seis fillos do matrimonio formado por Gabriel Ricardo Carballo Naya e María Dolores Calero Beltrán. Logo virían Mario, Dolores, Josefina, Ángel e Gabriel. Mario e Ángel morreron de nenos, e só Dolores sobreviviuiu ao seu irmán maior.

Pertencentes á burguesía ferrolá, a súa nai ensínalle a ler na casa, sendo a familia asidua ao Jofre (teatro e cine), afeccionándose o neno Ricardo ao teatro, afección que o marcaría de por vida.



Súa nai morre meses antes de cumprir Ricardo os nove anos (21 de abril de 1919). O pai casará coa madriña de Ricardo, irmá de súa nai, que tamén morrerá moi axiña.

Con dez anos examínase no coruñés Instituto General y Técnico Eusebio da Guarda, aprobando o ingreso e o primeiro curso. Logo, examinaríase tamén en Lugo e Ciudad Real. Con quince anos, era bacharel, e ingresa na Universidade.

Se ben quería estudar a carreira de Filosofía e Letras, e o primeiro curso a compaxinaba coa de Dereito, ao acabar este primeiro ano, e tendo en conta as escasas saídas profesionais, decide, de acordo coa familia, estudar a carreira de Dereito, conseguindo brillantemente a licenciatura en 1931. Tan brillantemente que foron 14 matrículas, 3 sobresaíntes e un notable as notas da súa carreira, con cualificación de sobresaínte no exame final. Tal é xa o seu prestixio que a el se lle encomenda o discurso de apertura do ano académico 1930-1931, discurso que logo sería publicado. Con posterioridade recibiría o encargo de redactar un informe sobre “A entrada da forza pública no edificio da Universidade”.



En 1932 fai oposicións a funcionario do Concello de Ferrol, obtendo o seu primeiro emprego como auxiliar, co número 1 entre os cinco aprobados. Milita na UGT, e ten unha importante dedicación ao Partido Galeguista, do que sería co-fundador.

Contacta co Seminario de Estudos Galegos, onde ten por compañeiros a Ramón Martínez López, Filgueira Valverde ou Lois Tobío. No Seminario foi conselleiro, secretario de actas e secretario xeral. Publica en 1928 o seu primeiro libro de poemas: “Trinitarias”. Colabora en “Nós”. En 1931, Ánxel Casal publica “Vieiros”, o primeiro libro de Carballo en galego. Nel, recóllese un poema sobre o Parque Rosalía de Castro de Lugo.



Carballo Calero, colaborador en “Nós”.

PARQUE (Lugo)

*N-esta hora cedeira
un mendiño durmindo
n-un tallo, o garda, o sol
i eu, estamos sós.*

*No estanque, as brancas aves
que tanto amóu Rubén Darío,
douses feitos con tiza,
escriben na auga crara:
2222.*

*Todo o fogo do sol
non pode derretir o
seu prumaxe de neve.*

*Cheas de dóces chíos,
as arbres son as gaiolas vontarias
da paxariada ceibe.*

*Lá baixo vai o Miño, presidente
da Unión de Rios da Terra.*

*A paisaxe galega
destacóu dúas ringleiras de ameneiros
pra cubrirlle a carreira.*

*As torres da catedral,
lamentando que se non deteña,
réndenlle dende lonxe a homenaxe
da súa surrisa de pedra.*

*Lugo, en lembranza do seu paso
férialle un peite de honor –a ponte–
pra peitear as súas barbas crechas.*

*O Parque Rosalía de Castro en “Vieiros”,
o primeiro libro en galego de Carballo Calero.*

Xa na República, Carballo, Bóveda, Paz Andrade, Risco e Tobío, todos eles membros do Seminario de Estudos Galegos, redactan un anteproxecto do Estatuto de Galicia, avogando porque este país fose un “Estado libre dentro da República Federal Española”.

Fai o servizo militar como soldado de artillería en Santiago, no Cuartel do Hórreo, hoxe edificio do Parlamento de Galicia.

Tentando clarificar o seu futuro, volve á Universidade para cursar en Santiago a carreira de Filosofía e Letras, carreira da que xa tiña aprobado o primeiro curso. En Santiago ten como compañeira de estudos a María Ignacia Ramos, estudante de Filosofía e Letras, sección de Historia, oriúnda de San Pedro de Esperela, de Baleira (Lugo), coa que casaría en 1933.

Rematada a carreira de Filosofía e Letras, con excedencia como funcionario, acode a Madrid en maio de 1936 como comisario para a elección do novo presidente da República Española (Manuel Azaña), e cando en xuño de 1936 vai a Madrid a participar nas probas para acceso ao profesorado oficial, a rebelión militar frustrou os seus proxectos, non podendo volver a Lugo ata cinco anos despois, nin completar esas probas ata pasados trinta anos.

Singular elemento informativo sobre Carballo naquel tempo da Guerra é a “Gaceta de la República” (Diario Oficial do 30 de xullo de 1937), que nos facilita o historiador ferrolán Bernardo Máiz, que vén de coordinar un estudo colectivo sobre o tempo de Carballo Calero en Ferrol.



Nese exemplar da Gaceta publícase o cumprimento dun “Decreto de la Presidencia” de 27 de setembro de 1936, polo que se declaran *“reingresados en el servicio activo con plenitud de derechos [...] a los Profesores de Segunda Enseñanza [...] ordenados atendiendo a la presentación de instancia de los interesados”*, entre os que figura *“Ricardo Carballo Calero, Profesor encargado de curso de Lengua española y Literatura. Del 36”*.

Nesta mesma disposición aparecen incluídos Benedicto Cea Castillo, Catedrático de Agricultura (tamén profesor en Fingoi nos primeiros tempos do Colexio), Alfonso Rodríguez Castelao, auxiliar de debuxo, e o vilalbés Antonio Ínsua Bermúdez, profesor encargado do curso de debuxo do 36.

Naquel verán de 1936, Carballo deixaba en Lugo á súa muller, próxima a dar a luz á súa primeira filla. Esta, Margarita (familiarmente coñecida como Magalí, nome dun personaxe do “Mireio” do Nobel occitano Mistral, que os seus pais non puideron poñerlle), naceu o 17 de xullo de 1936. Carballo entereouse do nacemento, e de que a nai e a filla estaban ben, por un telegrama enviado desde Lugo.



Ricardo Carballo Calero, Profesor encargado de curso de Lengua española y Literatura. Del 36.

MAGALÍ

*O Magalí, miña tanto amada,
asoma a cabeza á fiestra!
Escoita un pouco esta alborada
de tamborís e violíns...
O ceo está cheo de estrelas, alí enriba,
o vento amainou,
pero as estrelas palidecerán
cando te vexan.*

Así comeza esta canción tradicional provenzal, no que Magalí pode metamorfosearse en pescador, paxaro, auga ou margarida... pode ser vento mariño, raio de sol, rosa, árbore, lúa serea... para rematar eclipsando ás estrelas:

*O Magali, séntasme ben!
Pero, en canto te viron,
mira as estrelas, o Magali,
como teñen palidecido!*

Sen posibilidade de contactar con Lugo, Carballo (membro da UGT en Ferrol) inscríbese no batallón Félix Bárzana de milicianos do Quinto Regimiento, organizado pola Federación de Trabaxadores de la Enseñanza da UGT, así chamado na honra dun mestre morto en Somosierra nos primeiros días da guerra.

Seleccionado para participar nun curso de formación de oficiais, obtén en Paterna o grao de Tenente en Campaña, sendo destinado ao 9º corpo do Exército da República, onde foi axudante dun xefe de Servizos Xurídicos, tendo que actuar como avogado defensor en Consellos de Guerra.



Margarita Carballo-Calero Ramos (“Magali”), entre Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística e Asunción Fernández Puentes (“Siña”), Directora do Colexio Fingoi, no comezo en Lugo dos actos de homenaxe a Don Ricardo.

Detido ao rematar a contenda, foi sometido a Consello de Guerra, sendo acusado de separatista e pedíndolle o fiscal cadea perpetua. Foi condenado por “adhesión á rebelión” a doce anos e un día de reclusión maior. En maio de 1941 foi declarado “penado en liberdade condicional”, volvendo a Lugo para establecer a súa residencia en Ferrol.

Quedaban por diante anos de loita e preocupación pola existencia, e por unha rehabilitación nunca pedida pero necesaria para a reafirmación persoal de quen se sabía un galego necesario para o seu país, pero tendo en contra a situación política xeral e galega en particular.

Son anos difíciles, dando clases en diversas academias privadas, colaborando en medios informativos, investigando e escribindo, ata que aparece na súa vida don Antonio Fernández López e o seu singular proxecto dun especial colexio no lucense Fingoi.

Don Ricardo foi unha vítima máis do golpe de estado que sufriu a República no ano 36

*Rosa Canto Reboredo (Marisa)
Arquiveira*



As miñas lembranzas de Don Ricardo Carballo Calero son de cando era nena e estudaba no colexio Fingoí. Os alumnos tiñámoslle moito respecto, raiando no medo. El exercía a dirección con moita disciplina e rectitude (tanto para os alumnos como para os profesores), como me consta por diversas conversas posteriores ó longo destes anos.

As súas clases eran amenas e boas, pero sempre con certa inquietude polo que puidese pasar, xa que tiña o xenio vivo.

Xa de profesor na facultade de letras da Universidade de Santiago, atopámonos polo corredor e, a pesares de que xa non tiña autoridade sobre min, aínda se me aceleraba o pulso da miña época de alumna.

Logo, de adulta, xa me dei de conta do seu gran valor intelectual e da situación que vivira. Pois Don Ricardo foi unha vítima máis do golpe de estado que sufriu a República no ano 36.



Don Antonio Fernández López



Antonio Fernández López, “fillo de Antón de Marcos” (o pai creara as primeiras empresas familiares), naceu en Lugo en 1903. Tiña ben diversos saberes e devocións, e á dirección de empresas unía especial querenza pola cultura e por Galicia, orientando todas as accións empresariais (Zeltia, Frilugo, Transfesa, Frigsa, Cementos del Noroeste, Pescanova...), nutridas das materias primas do país, en ámbitos esenciais para a economía galega, e apoiando á vez iniciativas culturais (Museo de Lugo, Galaxia, Fundación Penzol...) que lle depararon xeral recoñecemento.



Busto de Don Antonio Fernández López na Facultade de Empresariais de Lugo.

Designado “Lucense do Ano” polos informadores lucenses, a Deputación nomeouno Fillo Predicto da Provincia en 1971; o Concello de Lugo deu o nome de “Fillos de Antón de Marcos” á praza inmediata ao Museo Provincial, e o colexio de Oural (Sarria), impulsado por el, chámase Antonio Fernández López. En decembro de 2019, a Fundación Enrique Peinador homenaxeouno, erguendo na súa memoria un busto que preside a entrada á Facultade de Empresariais da USC en Lugo.

Coa experiencia de Barreiros (Sarria), onde creou en 1948 unha granxa-escola de especialización agropecuaria na que foron vitais os galeguistas Avelino Pousa e Valentín Arias, ideou para Lugo un colexio na liña da Institución Libre de Enseñanza, no que os seus fillos e sobriños, e os fillos de familias lucenses preocupadas polo ensino, puidesen recibir unha educación acorde coas necesidades do país.

Elixiu a campa de Fingoi, daquela zona rural no extrarradio lucense, e encargou o proxecto ao destacado arquitecto Gómez Román. Non podendo nomear Director a Carballo Calero polos seus condicionamentos políticos, designouno Conselleiro-Delegado. E Carballo, coa súa familia, converteuse en lucense.

Don Antonio para Carballo era *“home de vida austera, quase ascética, pai de doze fillos aos que amou com amor afervorado, gastou somas elevadas de dinheiro e enerxía mental em servir à sua terra. A caridade, a filantropia -para que cada um recolha o termo que pertença ao seu vocabulário-, todas as formas da cultura tivérom nel, mais que um condescendente favorecedor, um servidor leal.”*



A familia Fernández Puentes, ao completo.

Gobernou o colexio con moita lealdade, responsabilidade e rectitude

*Asunción Fernández Puentes,
“Siña”*



Comezarei falando do meu pai, Antonio Fernández López, máis coñecido en Lugo como Antón de Marcos, un empresario que desenvolveu a súa actividade profesional contribuíndo ao desenvolvemento económico de Galicia e, ao mesmo tempo, cun profundo interese social, cultural e educativo que o levou a crear proxectos pioneiros como a Granxa e a Escola de Barreiros e o colexio Fingoi. O seu afán innovador levouno a investir en educación, porque sabía que preparar aos nosos nenos e nenas para vivir o mundo de mañá era a forma de ter respostas e solucións aos desafíos globais de hoxe.



Avelino Pousa Antelo e María Teresa López Carrozas na Escola de Barreiros.

No ano 1948 crea a Escola de Orientación Agrícola da Granxa de Barreiros de ensino primario, coa a idea de facer un ensaio educativo que fose pragmático, baseado na realidade do entorno e nas vivencias dos propios nenos e nenas, fuxindo do ensino memorístico e rutineiro, coa intención clara de contribuír á mellora do mundo rural, ao mesmo tempo que escolarizaba aos seus fillos maiores en Primaria (aínda estaban sen facelo). Esta escola tivo como primeiro mestre ao galeguista Avelino Pousa Antelo.

Seguindo cos mesmos principios da Escola de Barreiros, e animado polo mestre Don José López Cabanillas, que daba clases particulares aos meus irmáns maiores para poder examinarse por libre no Instituto, foi aquí en Lugo que lle suxire ao meu pai a creación do seu propio centro de ensino en consonancia coas súas ideas educativas. En Lugo non existía ningún centro nin público nin privado que se axustase ás súas ideas. Foi entón cando en 1950 crea un novo colexio mixto, de Ensino Primario e Medio, situado no barrio rural de Fingoi, do que toma o nome para o colexio, cun proxecto educativo totalmente innovador. O Modelo Pedagóxico recolle as teorías e as experiencias máis innovadoras de fin de século e dos primeiros anos do Século XX: a Escola Nova, a Institución Libre de Ensino que meu pai coñecía ben. E, ao mesmo tempo, terminaba de escolarizar a todos os seus fillos.

Pero este proxecto necesitaba de alguén que se responsabilizase da dirección do futuro colexio e que soubese executar a idea do meu pai. Foi cando un amigo común, Álvaro Gil Varela, lle propón a Don Ricardo como a persoa idónea neste cometido. En decembro de 1949 os dous tiveron a primeira entrevista, onde falan deste novo proxecto



Ensaio educativo baseado na realidade e nas vivencias de nenos e nenas.

educativo e lle ofrece a dirección. É en xullo de 1950 cando os dous chegan a un acordo. O 20 de setembro dese mesmo ano Don Ricardo vén para Lugo. Vén só, pois a familia aínda ten que esperar, ata que a súa muller Dona María Ignacia, “Nacha” para os amigos, profesora axudante de instituto, puidese trasladarse a Lugo ocupando o mesmo cargo.

No ano 1951 normalízase a situación e se inaugura o colexio. Nestes primeiros anos, os alumnos de Fingoi teñen que examinarse por libre nos institutos de Lugo, masculino e feminino.

Eu tiven a sorte de ser alumna de Don Ricardo ao longo de toda a miña vida escolar e posteriormente na Universidade. Agora diríxome a estes alumnos: dicimos “Don Ricardo” porque naquela época era habitual tratar aos profesores de “Usted”, “Don”, “Doña”, “Señorita”, e o mesmo os profesores nos trataban de “Usted”.

Co paso dos anos cheguei a comprender a riqueza da súa ensinanza, que me levou a amar a literatura e a escritura, cando a min o que me gustaba eran as ciencias.

Don Ricardo semellaba ser un home serio, incluso algo distante, pero ao mesmo tempo tiña un gran sentido do humor. Gobernou o colexio con moita lealdade, responsabilidade e rectitude, tratando de facer que se cumprisen estritamente os seus principios pedagóxicos, así como as normas que rexían e que todos debíamos cumprir.

A súa ampla formación, tanto intelectual como cultural, permitíalle como profesor impartir clases amenas e interesantes, con actividades moi diversas que facía que aprendésemos de maneira significativa e motivadora cara a comprensión da lingua e da literatura.

A metodoloxía que empregaba era moi interactiva e potenciaba a nosa capacidade creadora e comunicativa, xa que traballábamos a literatura lendo textos e recitando poemas de autores coñecidos cos que posteriormente tiñamos que facer as nosas propias creacións literarias, como podían ser contos, poemas, etc. Algunhas destas creacións despois eran publicadas en revistas como “Vida Gallega”, e outras veces presentábanse aos Xogos Minervais do Colexio Peleteiro en Santiago de Compostela, sendo premiadas moitas das veces.

Para min, un dos grandes recursos pedagóxicos utilizados por Don Ricardo era a representación das obras de teatro, poñendo en escena cada curso escolar diversas obras teatrais como “A farsa das zocas”, “O círculo de xiz”, o lance de “Pimpinela” de “Os vellos non deben de namorarse”, etc. Algunhas da súa autoría, en diferentes linguas, e noutros casos adaptacións de textos doutros autores. Obras que non só eran representadas no colexio, senón tamén fóra do mesmo. As artes escénicas, tanto o teatro como a música ou a danza, son moi importantes para o desenvolvemento integral da persoa, axudan a perder o medo a expresarse en público, aprender a escoitar, a relacionarse e a comunicarse con outras persoas, etc.



*Asunción Fernández Puentes ("Siña"), Dina Bohorque
e M^a Carmen Herrero Figueroa ("Macali").*

No que toca á parte máis formal da linguaxe oral e escrita, Don Ricardo era moi escrupuloso e esixente en canto ao uso dunha correcta ortografía, o mesmo que coa pronunciación. Lembro unha anécdota cando nos facía diferenciar a pronunciación dos fonemas “ll” e “y”, por exemplo: “pollo” (animal) ou “poyo” (banco), que eu aprendera o truco de colocar unha “l” diante da ll (“pol-llo”).

Conservo un grato recordo de Don Ricardo cando relacionaba algunhas das obras literarias con cancións tradicionais de diversas rexións de España e Galicia, e aínda hoxe lembro perfectamente a cantiga popular “Quen me dera en Lobeira”, ou a cantiga dos transhumantes, “Ya se van los pastores a Extremadura”. Gustáballe moito cantar.

Esta metodoloxía, onde trataba de globalizar a literatura con outras disciplinas como a historia, a xeografía, os costumes, a música, e mesmo as ciencias naturais, conseguía que o proceso de ensinanza/ aprendizaxe fose para nós algo significativo e motivador.

Aínda que non falábamos en galego, por ser algo prohibido nesa época, introducía solapadamente en poemas, cancións, obras de teatro, costumes, e nas viaxes de estudo que se facían os sábados pola provincia de Lugo, asistindo a feiras, etc., coa fin de utilizar os recursos que o noso contorno nos proporciona. Horas e horas poderíamos estar falando dunha época que foi tan esencial e especial que non esqueceremos nunca.

E, sen máis, creo que hoxe podo dicir e asegurar que Fingoi segue sendo un modelo que continúa fiel aos principios fundacionais, e que no vindeiro curso cumprirá o seu 70 aniversario.

Grazas, Don Ricardo, polo que fuches para este colexio!

(Intervención de Asunción Fernández Puentes, “Siña”, Directora do Colexio Fingoi, filla de Don Antonio Fernández López, o 15 de xaneiro de 2020, na presentación da exposición itinerante “Don Ricardo de Fingoi”, dedicada aos anos lucenses de Carballo Calero)



A min, Don Ricardo adoitaba chamarme en broma “O Escudero Marcos de Obregón” ou “O Tío Marcos da Portela”

*Marcos Fernández Puentes
Alumno de Fingoi e fillo do fundador
Químico en Cementos del Noroeste, S.A.*



Comecei a estudar en Fingoi á idade de 8 anos, no curso de Párvulos. Desá idade o que recuerdo é a Don Ricardo dando voltas en bicicleta polo patio do Colexio. De aí venlle o alcume de “Coppi”, emulando ao afamado ciclista Fausto Coppi.

Xa nos cursos posteriores, no bacharelato, as mellores vivencias son nas clases de Literatura. Con Don Ricardo, faciamos de todo: Teatro, poesía, cantábamos cancións galegas... E como experto en Rosalía, liánse os seus poemas, e doutros poetas tamén, galegos e casteláns.

Nas Veladas do Colexio Fingoi Don Ricardo dirixíanos obras de Teatro, recuerdo: “O Círculo de Xiz”, “Le Médecin malgré lui”, “A Farsa das Zocas”, “Pimpinela” de “Os Vello non deben de namorarse” de Castelao, “Aulularia” de Plauto... Eu fixen de Xocas na “Farsa das Zocas” e de Pai en “Pimpinela”, esta última tamén a representamos no Instituto Masculino diante de Otero Pedrayo.

Recordo cando nos mandaba cantar a canción galega “Quen me dera en Lobeira”, Don Ricardo emocionábase



Marcos Fernández Puentes en “Pimpinela”.

moito. Cantábanse outras cancións do Cancioneiro de Fingoi, feito a partir da recollida nas escolas da provincia, organizada en aqueles cursos para mestres onde meu pai era o promotor. Por certo, que cando estábamos cantando, se algún ría, por vergoña, preguntáballe que era o que lle facía tanta graza.

Outras veces nas clases mandábanos ler poesía ou compoñer nós algunha. Por certo, algunhas, por aquilo de que a rima fose ben marcada, saían moi xocosas.

Tamén facíamos teatro lido en clase: collíase un texto, por exemplo, do “Alcalde de Zalamea”, e a cada un de nós tocáballe un personaxe, e algún poñíalle tanto ímpeto na lectura do texto que Don Ricardo ría.

O libro “Contos populares da Provincia de Lugo”, cuxa publicación dirixiu Don Ricardo, e onde traballou Bernardino Graña, era unha recompilación de contos realizada nas escolas da provincia de Lugo por aqueles mestres que fixeron os Cursos para eles patrocinados por meu Pai.

Eu tiven una anécdota moi sonada estando na pizarra, falando do “Arcipreste de Hita”. Preguntoume Don Ricardo que significado tiña a palabra “Mur”, polo “Mur de Monferrado” que aparece nesta obra. Claro, eu non tiña nin idea e miraba cara aos compañeiros de clase para que me “soprasen” algo, e eles sinalaban a Don Ricardo e ocorréuseme dicir: “Ricardos”. Don Ricardo botou a rir, tendo en conta que outro dos alcumes que tiña era o de “Rata” e el sabíao, saltábanlle as lágrimas. Aquela foi una anécdota moi recordada.

A min, Don Ricardo adoitaba chamarme en broma “O Escudero Marcos de Obregón”, ou “O Tío Marcos da Portela”.

Persoalmente sempre tiven boa relación con el, gozaba moito nas montaxes das obras de teatro, así como cando cantábamos na clase. Penso que eran unhas clases moi amenas, ademais de aportarnos unha formación para aqueles tempos privilexiada.

Teño o recordo tamén de ver a Don Ricardo sentado nunha cadeira ao revés como se estivese montando a cabalo, explicando algún episodio da historia, para darlle máis énfase ao relato.

Coa pronunciación dalgunhas consoantes, recordo que nos remarcaba moito a pronunciación do “y” e do “ll”, para que as pronunciásemos correctamente, corrixíndonos cando non o facíamos ben.

Tiñamos unhas normas no Colexio Fingoi dalgún xeito curiosas, como que non se podía correr polos pasillos (como te vise Don Ricardo chamábache a atención), nin por suposto asubiar; en deportes estaba prohibido xogar ao fútbol, o deporte no Colexio Fingoi era o baloncesto, en cuxo equipo, o “Liber de Fingoi”, xoguei eu, participando nas Ligas infantil e xuvenil de Lugo; no recreo había que poñer unha boina para protexerse do Sol.



Arriba: Vicente Devesa, Manuel Figueroa, Emilio Fernández, Chicha Fernández Crespo, Carballo Calero, Luis Verdalles e Marcos Fernández. Abaixo: Santiago Fernández Puentes, Antonio López-Acuña, Manuel Sáñez, Fernando López-Acuña e José Manuel Fernández Fernández ("Melén").

No comedor, se algún neno levantaba o cóbado para comer, poñía un servilleteiro debaixo do brazo e como caese quedabas sen recreo. Había que comer toda a comida que che poñían, recordo que había alimentos como o leite ou a remolacha que non lles gustaban a moitos nenos, e os que tiñamos bo saque botabámoslles unha axuda, tamén recordo unhas pastillas que eran un complexo vitamínico de Laboratorios Zeltia, que a moitos lles custaba comelas, viñan nuns frascos de cristal.

Recordo ver a Otero Pedrayo polos corredores do Colexio cando viña a visitar a Don Ricardo.

Para nós, por suposto, era un luxo ter a Don Ricardo de profesor, coa erudición que tiña, naquelas datas da educación do franquismo, nun Colexio mixto, que foi un dos pioneiros en España, co Colexio Estudio de Madrid.

Contaba meu pai que naqueles tempos no Ministerio de Educación estaban os Xesuítas, e que para poder autorizar un Colexio mixto, fixo a trampa de pedir que autorizasen dous colexios, un colexio para as nenas e outro para os nenos, e xuntou os dous nun só Colexio.



1950: Amencer vital

Carballo fora un dos fundadores do Partido Galeguista e redactor (con Bóveda, Risco, Paz Andrade e Tobío) dun anteproxecto do Estatuto de Galicia. Funcionario en excedencia do Concello de Ferrol, compromisario na elección de Azaña como presidente da República, acudiu a Madrid en 1936 para as probas de acceso ao profesorado oficial.

Tardaría tres décadas en completar esas probas, e cinco longos anos en volver a Lugo, onde quedara a súa muller, que o 17 de xullo de 1936 daría a luz á primeira filla, Margarita, familiarmente coñecida como Magalí, (nome dun personaxe do “Mireio” do Nobel occitano Mistral, que os seus pais non puideron poñerlle).

Membro dun batallón de voluntarios, acadou o grao de Tenente en Campaña do 9º Corpo do Exército da República. Sometido ao final da contenda a un Consello de Guerra, acusado de separatista por aplicación retroactiva da Lei, foi condenado por “adhesión á rebelión” a doce anos e un día de reclusión maior. Posto en liberdade condicional en 1941, puido volver a Lugo e reunirse coa muller e a filla, para logo residir en Ferrol.

Seguen anos de incerteza e inseguridade, impartindo clases en colexios privados onde non pode figurar oficialmente o seu nome, publicando na prensa... ata que aparece don Antonio Fernández, financeiro, cun proxecto

educativo que parecía feito á medida do extraordinario intelectual que agardaba unha rehabilitación nunca pedida, e un recoñecemento que o confortase de tanto sufrimento, de tanta inxustiza.

O tempo lucense de Carballo pode parecer unha etapa de silencio, pero foi un abrente, un amencer vital que lle permitiu rehabilitarse diante de si mesmo, e proxectarse (a través do colexio e do seu alumnado) á cidade de Lugo; e a través da súa escrita, a todo o mundo de fala galega.



Carballo Calero en Fingoi, pintado por Tino Grandío.

Como profesor era magnífico. Tiña uns coñecementos moi vastos, enciclopédicos, interrelacionados e panorámicos

Rosendo Figueroa Dorrego
Economista



Hai case setenta anos que se puxo en marcha unha das iniciativas máis transcendentais, en todas as ordes, para Lugo e a súa Provincia, de Don Antonio Fernández López: o Colexio Fingoi. En base aos principios da Institución Libre de Ensino e outras liñas pedagóxicas de vangarda en programas metodolóxicos educativos, Don Antonio pon en marcha, tras sete anos de tramitación, en 1950, este proxecto educativo, innovador naquelas datas en España, presentado administrativamente como proxecto educativo experimental, pero o que é máis destacable é que chocaba coa política educativa vixente naquel momento: un colexio mixto, con profesores e intelectuais represaliados da República, galeguista, laico e baseado en principios, metodoloxías e experiencias dunha institución educativa modélica republicana, e todo isto nun Lugo de 1950, capital dunha provincia eminentemente rural, paleta, pobre, e politicamente disciplinada e adaptada ao réxime saído dunha recente guerra civil fratricida. Só a perspectiva que nos dan os anos transcorridos permítenos valorar a enorme transcendencia desta iniciativa educativa “experimental” que funcionou, ininterrompidamente, como un faro de liberdade e modernidade, e aínda hoxe segue funcionando nun contexto político e educativo moi diferente.



Á fronte do Colexio Fingoi, Don Antonio pon a Don Ricardo Carballo Calero, lingüista, intelectual, escritor, destacado galeguista e extenente do exército republicano, condenado por un Consello de Guerra por separatista, encarcerado e inhabilitado para o exercicio de toda función pública. Nin sequera podería ser oficialmente director do Colexio, aínda que de facto dirixise o Colexio durante quince anos. Xunto a varios inte-

lectuais en situación político-administrativa de represaliados republicanos como profesores, pónese en funcionamento o Colexio no Curso 1950-51, impartindo o primeiro de Bacharelato, con sete alumnos: María del Carmen Fernández, Pepa Carro, Maricarmen Gil, Carmela Dadin, Emilio Valiño, o meu irmán Carlos e eu. Tamén estudaban os fillos maiores de Don Antonio, Gonzalo, José Luís e Pedro, matriculados en cursos máis avanzados, e algúns de cursos previos ao bacharelato. Mentres non foi recoñecido oficialmente en 1957, examinabámonos nos institutos masculino e feminino, como alumnos libres.

Hoxe asómbrome ante os extraordinarios dotes de persuasión e contactos que tería que despregar nos anos 40 Don Antonio para lograr os permisos administrativos para abrir o Colexio, aínda que fose como experimental. Pero tamén hai que recoñecer que os nosos pais, profesionais e empresarios, tiveron moito valor para encomendar a educación dos seus fillos a un centro con eses “antecedentes”, e cun director e profesores cos seus. É obvio que o prestixio de Don Antonio influíu nesa decisión.



Don Ricardo cos primeiros alumnos de Fingoi.

Fago estas consideracións porque creo que esta etapa de Don Ricardo, que vivía no mesmo colexio coa súa familia, hai que contextualizala politicamente na España de 1950, e vela coa perspectiva de setenta anos, xa que como estudante de dez anos de idade non era consciente da realidade política na que se situaba a posta en funcionamento do Colexio Fingoi e os seus primeiros anos, xa que suceden na etapa máis dura do réxime franquista. E non se entendería a figura de Don Ricardo sen a súa estancia de 15 anos en Lugo como director do Colexio Fingoi.

Do que nos dabamos conta os alumnos, e mesmo o comentabamos entre nós polo que nos contaban os nosos parentes e amigos, era que o Colexio era diferente aos institutos onde nos examinabamos, e doutros centros educativos: era mixto, funcionabamos con apuntamentos e non con libros de texto, non memorizabamos, faciamos prácticas de laboratorio, tiñamos talleres e hortos, faciamos viaxes culturais por Galicia que se estenderon posteriormente ao resto de España; analizábase o menú semanal das comidas na súa composición de vitaminas, hidratos, proteínas, mesmo as mozas ían ao mercado para comprar os alimentos; non había a materia de galego, pero impartíase literatura galega, e facíanse moitas actividades como teatro, folclore (eu tocaba o bombo e a percusión nunha banda de gaiteiros), que che facían vivir e querer a Galicia, e de paso aprendías o galego de forma amable e natural, sen orientacións partidistas de natureza nacionalista ou separatista. Sen embargo o que nos distinguía netamente dos alumnos dos demais centros era que non xogabamos ao fútbol, e como o Colexio estaba nos arredores, íamos nun autobús pintoresco, o “Raio de prata”. O de “prata” era pola cor do autobús, e o de “raio” pola lentitude da súa marcha, propia dun transporte escolar, que o facía moi atractivo á rapazada do barrio de Recatelo para subirse á escada traseira do autobús e darse un “viaxiño”.

Desde o meu punto de vista, como alumno, Don Ricardo dirixía o Colexio con man moi firme, quizais en exceso, dado o reducido número de alumnos e a súa curta idade. El era unha persoa moi seria e os seus xestos, actitudes, e manifestacións eran coherentes con este carácter, aínda que ante situacións hilarantes que se producían inevitablemente nun grupo de alumnos tan novos, custáballe manter esa seriedade e, en moi contadas ocasións, rompía a rir, un intre, pero dominábase e rapidamente volvía ao seu xesto adusto, posibelmente impostado. Como profesor era magnífico. Tiña uns coñecementos moi vastos, enciclopédicos, interrelacionados e panorámicos. Cada clase de literatura, historia, xeografía, hoxe diría que eran clases maxistras, que se apoiaban en publicacións e láminas de cadros pictóricos, edificios, etc. Creo que o meu espírito crítico e as miñas afeccións á lectura, á pintura, a viaxar, a visitar museos, veñen desas clases. O ano que vivín en Italia, xa como funcionario, foi inesquecible, vía realmente como un repaso ao que xa oíra e vira, e as viaxes a Grecia e Centroeuropa, o mesmo. Sinto non poder ir, por motivos de seguridade, a Exipto e aos países de Oriente Medio, para repasar as clases de Don Ricardo.

Un recordo curioso é ver como, nunha aula baleira, o pintor Tino Grandío pintou o cadro de gran formato da Virxe dos Ollos Grandes, que estivo anos presidindo a capela

do colexio, actualmente no Museo. Daquela época é o retrato, magnífico, de Don Ricardo. Non me podou imaxinar as conversacións do estrambótico e “retranqueiro” Tino co serio Don Ricardo.

O pequeno grupo que formamos a primeira promoción do Colexio Fingoi, cun cadro de persoal de profesores extraordinarios, creo que nos debemos sentir moi afortunados. Vinte anos despois estudou no Colexio outro irmán meu, Jorge, logo os meus dous fillos, Xavier e Ana, e agora os netos Ximena e Beltrán.



Nosa Señora dos Ollos Grandes, patrona de Lugo, obra de Tino Grandío.

*Nom podo
esquecer a coragem
e integridade moral
que caracterizou
dom Ricardo na
promoçom e defesa
da língua e cultura galegas*

*Dra. María de los Ángeles Rico Díaz
Alergóloga*



Conhecim Dom Ricardo como aluna do Colégio Fingoi. Ele era o diretor. Lembro-o como uma pessoa muito estrita, exigente, alguém que impunha um temor reverencial entre nós. Se tenho que destacar algo que me transmitiu, no plano pessoal, foi a disciplina e o grande sentido da responsabilidade.

Também nom podo esquecer, naqueles anos, a coragem e integridade moral que caracterizou Dom Ricardo na promoçom e defesa da língua e cultura galegas. Essa paixom que manifestava com inúmeras iniciativas culturais organizadas no nosso centro e que tinham por objetivo valorizar a nossa música, a nossa fala, os nossos costumes populares... Soubo inculcar em nós esse amor pela nossa terra para nos tornar pessoas mais sábias, elegantes e cultas.

Anos depois, já adulta, podem gozar da sua magnífica obra literária com a leitura de “Scórpio”, e concordar com ele na necessidade de aproveitar o galego, o galego-português, como umha magnífica oportunidade para estarmos no mundo.



Festa en Fingoi. Asiste Monseñor Antonio Ona de Echave, bispo de Lugo, situado entre Don Antonio e Don Ricardo.

*La elegancia
que tenía su
lenguaje infundía
no solo respeto,
sino admiración*

M^a Luz Corredoira Veiga

Profesora en Fingoi



Agradezco la oportunidad que tengo de poder comunicar lo que Don Ricardo ha sido para mí y para el colegio.

Yo conocí a Don Ricardo cuando era Director del Colegio Fingoy y con él compartí varios años como profesora de ese colegio.

Lo que más me llamaba la atención era la disciplina que él conseguía, porque era perfecta, los chicos actuaban correctamente y, si en algún momento no era así, la simple presencia de Don Ricardo corregía la situación al momento.

Yo me pregunté varias veces: ¿Por qué logra con tanta facilidad algo que es difícil conseguir? Me doy cuenta del secreto: porque reflejaba muy bien su estilo personal.

¿Cómo era Don Ricardo? El respeto con que nos trataba a los compañeros y a los alumnos, la delicadeza que reflejaba en este sentido y la belleza de sus palabras cuando se dirigía a todos para dar algún aviso o hacer una petición, era de forma poética, muchas veces, que cautivaba y animaba a cumplir lo dicho. La elegancia que tenía su lenguaje infundía no solo respeto, sino admiración. Yo sentía pena porque pocas veces le oía hablar en gallego, ya que sus palabras encerraban una belleza especial.

No era con miedo y amenazas como mantenía la disciplina entre un número elevado de jóvenes y profesores, era su estilo personal con un nivel intelectual poco corriente.

Yo, además, tuve a mi cargo el comedor escolar. Me dio absoluta libertad en los gastos que se originaban. Me demostró una confianza total en el manejo del dinero que yo realizaba.

Su presencia entre nosotros enriqueció notablemente el colegio.



*De esquerda a dereita: María Victoria Carballo-Calero Ramos, "Chan"; Olga "da Primavera";
Carmen Fernández Puentes; Carmen Gil e Lolí Sánchez Fernández de la Vega.*

Quince anos en Lugo / Quinze anos em Lugo

QUINZE ANOS EM LUGO

Meus paisanos lugueses, minhas senhoras, meus señores:

Ao falar neste Centro, bem podo considerar-me dentro do meu ámbito familiar. Um home coma mim, que tem consagrado a sua vida ao serviço da cultura galega, especialmente ao estudo da lingua e da literatura de Galiza, acha-se em condicións de considerar-se no seu lugar nativo em calquer punto de Galiza, e, com certeza, o Centro Lucense de Buenos Aires, aínda que honrosamente ubicado na generosa terra argentina, é tamém espiritualmente terra galega em virtude de um direito ideal de extraterritorialidade que lle outorga o ordenamento da emoçom. Mas, tenha um nado dentro de Galiza da terra santa ou na Galiza da diáspora, sempre nace um num lugar determinado. O que me correspondeu a mim, nom foi nemgum lugar, nem grande nem pequeno, da provincia de Lugo; pois arrolárom-me as mesmas ondas da ria a cuja beira abalárom os berces de Benito Vicetto, Concepción Arenal e, sem dúvida, Fernando Esquio, para nom citar senom nomes de escritores soados, ja que um é tamém, aínda que nom soado, escritor. Conto-do, nom só, sem mingua da minha calidade nativa de marinham, devo considerar-me lugueñs por razom de longa vizinhança, mas porque os meus filhos e os meus netos levam sangue lugueñs, pois lugueñs é o sangue da nai daqueles e avoa destes, e porque a metade dos meus filhos e a totalidade dos meus netos fórom nados em Lugo, e em Lugo vive hoje toda a minha descendência.

Umha parte do meu bacharelato foi realizado no Instituto Geral Técnico de Lugo; ou, para ser mais exacto, sofrim exame de diversas matérias, como aluno livre, naquel Centro, do cal os locais estavam situados no edificio da Deputaçom Provincial, na rua de Sam Marcos. Muitas vezes depois visitei de moço a capital da provincia. Em Lugo casei, na igreja de Santiago da Nova, e o crego que

Lugo, os lucenses, Fingoi, Don Antonio... vistos por Carballo

Quince anos en Lugo (“Quinze anos em Lugo”, para o Profesor), é (máis ca unha declaración) a confesión de Carballo sobre a súa vida lucense, feita no Centro Lucense de Buenos Aires case nove anos depois de deixar Lugo (25.07.1974), que viña ser un canto á cidade, ás súas xentes, a Fingoi, a Don Antonio... evidenciando que Lugo deixara na súa ánima un pouso que o marcara para sempre.

Porque se no que neste libro imos facer especial fincapé é nas pegadas que Don Ricardo deixou en Lugo e nos lucenses, nas palabras do profesor en Buenos Aires queda moi claro o impacto profundo que Fingoi, Lugo e os lucenses deixaron nel.

E esta narración en primeira persoa sobre aquel tempo especial ábre-nos as portas deste lucense para mellor entender o seu ser e estar entre nós. Tamén aquí intercalaremos, como contrapunto, opinións de antigos alumnos que incidan no sentir do Profesor.

Em Lugo

*...tenha um nado dentro de Galiza da terra santa ou na Galiza da diáspora, sempre nace un num lugar determinado. O que me correspondeu a mim nom foi nemgum lugar, nem grande nem pequeno, da província de Lugo; pois arroláromme as mesmas ondas da ria a cuja beira abalárom os berces de Benito Vicetto, Concepción Arenal e, sem dúvida, Fernando Esquio, para nom citar senom nomes de escritores soados, ja que um é tamém, ainda que nom soado, escritor. Con todo, nom só, sem míngua da minha calidade nativa de marinhám, **devo considerar-me luguês** por razom de longa vizinhança, mas porque os meus filhos e os meus netos levam sangue luguês, pois luguês é o sangue da nai daqueles e avoa destes, e porque a metade dos meus filhos e a totalidade dos meus netos fôrom nados em Lugo, e em Lugo vive hoje toda a minha descendência.*

*Umha parte do meu bacharelato foi realizado no Instituto Geral Técnico de Lugo; ou, para ser mais exacto, sofri exam de diversas matérias, como aluno livre, naquel Centro, do cal os locais estavam situados no edificio da Deputaçom Provincial, na rua de Sam Marcos. Muitas vezes depois visitei de moço a capital da província. Em Lugo casei, na igreja de Santiago da Nova, e o crego que abençoou aquela uniom, dom Federico Somoça, era abade de Sam Pedro de Esperela, parróquia em que a noiva nacera. Residente, polos azares da vida, em distintos lugares, na minha mocidade e na minha maturidade, **sempre mantivem relação estreita com a cidade de Lugo**, aginha emparentado com gentes daquelas terras; e em festas e vacaçons costumava passar dias ou semanas de lazer numha casa próxima à porta de Sam Pedro, na rua de Sam Roque, perto da capela da mesma advocaçom.*

Lugo, alta acrópole de claridades e purezas

*Criado à beira do mar ártabro, onde os efeitos da Corrente do Golfo adoçam a temperatura, tardei muito em conhecer a neve. Lugo, alta acrópole de claridades e purezas, como lhe chamou Otero Pedraio, surprendia-me polos seus duros invernos, que às vezes registam as temperaturas mínimas entre as capitais peninsulares, a carom de Cuenca ou Sória. Aos meus olhos de neno, as lajes de piçarra que cobriam os teitos dos edificios, o mesmo os públicos que os privados, o mesmo a igreja catedral, primeira que vim na vida, que as casoupas arrabaldeiras ou campesinas, **infundiam à paisage urbana umha vaga tristeza grisalha** que contrastava com a vermelha ledice dos telhados da minha terra alapeados pola soalheira. Senhores constipados e reumáticos fardados em samarras guateadas, cregos abufandados, moças de rostos amaratados com as pernas enfundadas em calcetas da lá, povoavam umha cidade onde o gelo e a neve eram umha presença imperante num duro inverno continental de atmosfera mui distinta à húmida, mas lene, do meu porto natal.*

De outra banda, filho de umha cidade de forte fisonomia castrense e obreira, o peso eclesiástico, fidalgo e artesao de Lugo, centro de umha economia gadeira e agrícola muito mais natural que a economia burocrática e industrial dos funcionarios e técnicos que rodearam a minha nenez, puxome em contacto com realidades da vida galega apenas perceptíveis para um observador infantil nas formas de vida mais estratificadas e convencionais que constituíram o meu primitivo entorno.



Fingoi, 15 de xaneiro de 2020: Celebrando os “Quince anos de Carballo Calero en Lugo”.

*O maxisterio de
Don Ricardo supuxo
un galano que, sen ser
nin sequera conscientes,
e menos merecentes,
recibimos nenos e nenas
de Lugo e provincia*



Araceli Herrero Figueroa
Profesora e escritora

Naquel século XX no que se centra a vida de Don Ricardo Carballo Calero (1910-1990), poucas figuras deu Galiza da súa talla intelectual. Hoxe é, por fin, homenaxeado co Día das Letras Galegas. É de xustiza. De certo, os que tivemos a sorte de sermos os seus alumnos, discípulos e amigos, sabemos ben do seu amor á nosa lingua, cultura e aos seus valores literarios, patente para nós xa desde as aulas daquel querido e inesquecible Colexio Fingoi, centro que remite ao magnífico tándem que conformaron dúas relevantes figuras: Don Antonio Fernández López e Don Ricardo Carballo Calero.

Se hai un texto de Carballo que deberíamos coñecer, agradecer e aplaudir todos os lucenses, é a conferencia que impartiu no Centro Lucense de Buenos Aires, “Quinze anos em Lugo”, texto no que se nos precisa que, se ben se criou á beira do mar ártabro, na súa moi querida cidade de Ferrol, Lugo representa na súa vida e familia un espazo e tempo de acariñadas lembranzas.

Carballo amaba Lugo e a cidade recórdao cunha ampla avenida no seu Campus pertencente á Universidade de Santiago de Compostela, da que foi catedrático, obrigándonos á vez a lembrar que, precisamente a esta súa etapa luguesa remite un moi importante e transcendental labor investigador, traballo filolóxico que desenvolveu á par do seu desempeño como profesor e director (conselleiro-delegado) de Fingoi desde 1950, ano que veu a Lugo para dirixir o Colexio, até 1965, se ben mantería nesta cidade o domicilio familiar até 1968 e, nos seus derradeiros anos, tería aquí a súa segunda vivenda na veciñanza da súa filla Magalí.

Para aqueles que fomos alumnos do Colexio o maxisterio de Don Ricardo supuxo, como teño dito nalgunha ocasión, un galano que, sen ser nin sequera conscientes, e menos merecentes, recibimos nenos e nenas de Lugo e provincia. Maxisterio que, no meu caso, decidiríame para, renunciando ao proxecto de estudar Medicina, cursar Filosofía e Letras e orientar a miña profesión cara a docencia que, por certo, me aportaría grandes satisfaccións.

Sabedora de que outros compañeiros, por exemplo a miña irmá Carmen, falarán do traballo profesoral de Carballo, e deixando xa aparte a súa produción creativa, literaria, vou centrarme nesa súa actividade investigadora e filolóxica dos anos de Fingoi, actividade que adiaba, aprazaba e, mesmo, abandonaba, non xa para impartir aquelas magníficas aulas de lingua, literatura, historia universal, latín, francés... que en todo o alumnado deixaron fonda pegada, senón para complementar a nosa formación con actividades varias, como as actividades teatrais das que nalgunha ocasión falei (“O teatro en Fingoi”) e nas que se nos formaba en expresión oral e código xestual, en vocalización e entoación... En suma, na competencia lingüística e literaria de que fala tanto nos epistolarios (con R. Piñeiro e F. Fernández del Riego) como nas entrevistas de Carme Blanco, Salinas Portugal, Fernán-Vello/Pillado Mayor ou “J. Loureiro” (Reimunde Noreña).

Vexamos, como exemplo, esa correspondencia de Carballo e Piñeiro do Epistolario publicado nos Cadernos Ramón Piñeiro (XXXIII) pola Xunta de Galicia. Carballo escribe (2 de maio de 1965): *“Din unha lección no Curso de Galego que illustrei con recitados dos meus alumnos. Agora queren que na clausura represente toda “Pimpinela”. E aquí me tes loitando cos rapaces [...] Todo isto me rouba tempo, pero agora a xente fala do Grupo de Teatro de Fingoi, e como tal cousa non é senón catro rapaces aos que teño que hipnotizar para que non fiquen demasiado mal, véxome nun compromiso do que intento saír sen que todos fagamos o ridículo. Vou sacándome da manga, como un ilusionista, poetas e actores criados en Fingoi; e a xente os aplaude. E parece que o merecen [...] Algo supón isto para o galeguismo, e aínda que a miúdo me arrepinto de me meter en tanto labirinto, e quizás valoro excesivamente a eficacia do que pode ser ilusorio ou efémero, non sei resistir a tentación dun traballo tan ousado, que me dá unha ledicia que non*



“Pimpinela”, polo Grupo de Teatro de Fingoi.

acho no meu traballo persoal". E Ramón Piñeiro contéstalle (4 de maio de 1965): "[...] son cousas que merecen todo o tempo que se lles consagre. Entre a posta de "Pimpinela" e un retraso de un mes na aparición da Gramática, coído preferible o retraso da Gramática".

Están referíndose ao retraso que as actividades teatrais e dramáticas, extraescolares, provocan na publicación da ben coñecida "Gramática do Galego Común", na que xa Don Ricardo traballaba daquela, manual que é case colofón do labor investigador daqueles anos de Fingoi, delimitando este período lugués coa súa primeira edición, que coincide á vez coa publicación do "Breviario Antolóxico": ano 1966 (precisamente ese curso 1965/66 será o primeiro no que Don Ricardo se incorpora á docencia na Universidade de Santiago de Compostela e gaña a praza de adxunto para o Instituto Rosalía de Castro da mesma cidade).

Calquera estudo ou ensaio bio-bibliográfico que asuma a produción investigadora de Carballo deste período lugués vai sorprendernos, revelando un amplísimo corpus filolóxico de extraordinario valor, constituído por publicacións e edicións textuais (inéditos e dispersos de Pondal ou os "Contos Populares", ambos baixo patrocinio de Centro de Estudos Fingoi, por exemplo, ou o seu discurso de ingreso na RAG sobre Rosalía ou a edición de "Cantares Gallegos" para Cátedra, entre outros); e á par, variados ensaios críticos e académicos que publicará en revistas e xornais (Galicia, Vida Gallega, Destino, Papeles de Son Armadans, Grial, Cuadernos de Estudios Gallegos, Boletín da RAG, La Noche, Faro de Vigo, etc., hoxe de doada localización por estaren dixitalizados), e estudos e recensións que serán logo recompilados en volumes varios, ben coñecidos por aqueles que, como no meu caso, cursariamos "baixo a súa férula" (que diría o profesor) distintas materias de Filoloxía, no meu caso, nas licenciaturas de Románicas de Español e de Galego-Portugués, aparte xa dos cursos de doutoramento previos á redacción da miña tese que, dirixida por Carballo, lin en 1976.

De revisarmos as datas de edición e publicación, vemos que os estudos crítico-literarios de Don Ricardo que coñecemos revelan unha constante ao longo de toda a súa vida, xa desde os primeiros anos de xuventude, época na que alternaron con outros varios de diferente orientación, en boa parte pola súa formación e licenciatura en Dereito (rematada en 1931) e pola actividade política desenvolvida nos anos previos ao 1936. Como home de Letras (licénciase en 1935 con Premio Extraordinario), Carballo era un extraordinario lector e preciso, minucioso e moi exixente analista e crítico literario. Porén, o que aos coñecedores da súa obra ensaística non deixa de sorprenden é o seu grande esforzo dedicado á "Historia da Literatura Galega", publicada como primeiro tomo en 1963, nos anos de Fingoi nos que, á vez, traballará no segundo tomo. Veláí unha obra monumental, de tres edicións, na que, con estudos varios, conflúen a súa tese de doutoramento (lida, con Premio Extraordinario, en 1954), e as edicións tanto desta tese ("Aportaciones a la literatura gallega contemporánea") como do volume "Sete poetas galegos" editado por Galaxia ao tempo.

É o ano 1955. Estes últimos estudos, preámbulo como vimos de anotar da “Historia da Literatura Galega Contemporánea”, retrotráennos tamén aos anos de Fingoi e ás xuntanzas cos amigos lugueses, que conformaron un importante grupo de homes de Galaxia, conse lleiros, accionistas ou colaboradores, tanto da editorial fundada en 1950, como, logo, da Fundación Penzol (Antonio Fernández, Álvaro Gil, Ánxel Fole, Celestino Fernández de la Vega, Luís Pimentel, Antón Figueroa, Emilio Gil...); e, en canto á Historia, cómpre recordar de novo a Ramón Piñeiro e aos paseos e parrafadas polas fermosas carballeiras de Fingoi que daquela (hoxe poucas quedan) circundaban o Colexio no cal tiña tamén a vivenda o seu director, quen, así, apenas saía da contorna.

Nun daqueles paseos fingoiáns concertan a edición da “Historia”. Carballo acepta a proposta de Piñeiro: Galaxia, da que ambos forman parte, apoiaría o traballo de pes cuda textual e achegaría a documentación precisa, de difícil localización e moi dificultosa consulta naquel tempo carente de medios tecnolóxicos, os medios que hoxe a calquera investigador facilitan o traballo.



Araceli Herrero Figueroa lendo o seu poema galardoado nos Premios Minerva de Compostela.

Eran, pois, os anos de Fingoi, tempos extremadamente complicados para a localización e reprodución de textos, concretamente dos decimonónicos (a “Historia” partiría dos textos en galego dos anos da Invasión Francesa, 1808); dificultade de consulta que Carballo soubo e puido solventar, por exemplo, con amizades varias aparte xa de Del Riego (Galaxia), quen, mesmo, actuou de mecanógrafo. Houbo tamén o apoio de familiares, en especial María Ignacia, a súa muller, a quen remite, como o propio Carballo precisa, a colaboración na confección dos índices desa primeira edición de 1963. Porén, como xa adiantamos, compartindo o pouco tempo que a amplísima xornada colexial deixaba para a organización, disposición, elaboración e redacción da Historia, competindo con ese esforzo inmenso, había outras iniciativas editoras, actividades varias de proxección cultural galeguista (o que sempre dixo Don Ricardo que fora, que era, e que seguiría sendo até o final do seus días), conferencias e mesas redondas, participación en organización de actos e actividades culturais varias como recepción de membros da RAG, congresos, cursos, entrevistas, etc., dos que dan boa proba e noticia xornais como “El Progreso” e outros que hoxe podemos consultar dixitalizados.

Recapitulando, pois, a “Historia da Literatura” que centra a evocación do noso vello profesor revela, á par da súa grande capacidade de traballo, disciplina e sacrificio, o seu xeneroso, esforzado e moi meritorio labor de entrega a Galiza. O seu foi un moi meritorio traballo de estudo crítico, e á vez coidadoso labor de delimitación do que



Festa colexial en 1964: Asunción Fernández (“Siña”), M^a Carmen Buceta, Araceli Herrero, Conchi Correa e M^a Carmen Herrero (“Macali”).

debe entenderse por Literatura Galega (só a escrita en galego), concreción do que certamente pode considerarse arte literaria, Literatura, así, con maiúscula, Literatura Galega á par de outras literaturas hispánicas e europeas, que ben coñecía, por certo.

Coa “Historia” estamos así perante a elaboración dun canon literario merecidamente galego, galego de seu, un censo e rexistro de escritores e obras que, desexaba Carballo, mostrasen que a nosa lingua non era o “patois” ao que querían reducila as autoridades do Réxime, nin a nosa literatura se limitaba a catro escritos singulares nunha lingua ágrafa, afastada do ensino, ameazada pola dispersión dialectolóxica, limitada ao contexto familiar e reducida ao meramente coloquial. Velaí o canon literario galego configurado e defendido por Carballo a partir dos seus estudos crítico-literarios, desde o seu traballo filolóxico.

Quede constancia do grande mérito daquel tan destacado profesor que, desde Fingoi, foi capaz de transcender das limitacións que lle impoñía a dureza daquela época, aqueles tempos e aquel noso Lugo, esta cidade que don Ricardo amou e hoxe recoñece nel un dos maiores valores do século XX lugués.



Recital de poesía galega no Círculo das Artes coa participación de Araceli Herrero, Carmen Fernández (“Camolas”) e Bárez, xunto con Celso Emilio Ferreiro e Arcadio López Casanova.

Capital silenciosamente encravada no torrom labrego

Contra a leda e buligueira Corunha, para um ferrolano concreçom mais livre e variada do seu próprio âmbito cidadão, Lugo resultava um mundo novo, mais enraighado no contorno rural. Nom era um porto nem umha fortaleza. As suas abraiantes muralhas, perante as cais os restos de Baterias ou do Parrote resultavam insignificantes, falavam certamente de um passado militar; mas esse passado era remoto, e ja só arqueologicamente presente. Mais preservada da influênci forasteira que funcionários militares e colónias veranegas acarretava às vilas marinhas, Lugo aparecia-seme como umha capital silenciosamente encravada desde sempre no torrom labrego.



Lugo era um mercado, desvanecida a tradiçom romana de campamento militar, mas conservando, nom só, como em nengum outro ponto do antigo Impèrio, o recinto fortificado, senom outros vestígios do traçado castrense, juntamente com restos arqueológicos, dos cais sem dúvida nos agardam novas descobertas, próprios da capitalidade de um convento jurídico.

Os estratos sociais que se ordenavam na vida da cidade eram os mesmos que constituíam a estrutura social na província, de jeito que a capital ofereciase aos meus olhos como um núcleo de coordenaçom espontânea das terras que a rodeavam. Ainda polos anos vinte, a aristocracia de sangue, integrada por fidalgos, rara vez titulados, com poder económico baseado na propriedade agrícola, e poder político derivado desse poder económico, dominava a vida da capital em artelhada harmonia com a

autoridade dimanante do paço do Bispo. Apelidos como Montenegro, Neira, Saavedra, Ulhoa, Gaioso, Pedrosa, de reconhecida avoença, conservavam o prestígio popular antigo, e as cortesês relaços que vinculavam os seus membros e os da cúria eclesiástica com os funcionários mais distinguidos da administração provincial -magistrados da Audiência, catedráticos do Instituto-, de origen foránea, nom erosionavam ainda o poder social que as velhas famílias representavam. Esta jerarquizaçom contrastava com a que me rodeava no meu mundo vernáculo infantil, onde privava, mália a carência de fortificaçoms defensivas do perímetro cidadao -pois a defensa da praça estava projectada sobre a base de um sistema de castelos que controlavam os acessos marítimos-, umha classe dirigente formada, como é natural numha zona de grande importância estratégica, pola oficialidade da numerosa guarniçom, oficialidade entre a que destacava a que rodeava ao Capitám-General do Departamento marítimo.

Assi, Lugo foi para mim a primeira cidade de Galiza que se me apresentou como expressom urbana da nossa terra, como esta seria na sua vida espontânea, independente das instalaçoms militares ou das afluências turísticas.

Lugo foi tamém a última cidade de Galiza que me viu polas suas ruas em 1936. De ali partim para Madrid a fazer umhas provas para ingresar no professorado oficial, provas que, interrompidas pola contenda civil, podem acabar trinta anos depois. **Lugo foi tamém a primeira cidade de Galiza que pisei ao meu retorno; mas havia ser em 1950 cando me transformaria por primeira vez em vizinho de Lugo**, onde trabalhei arreo no ensino privado durante quinze anos, e onde continuei tendo o meu domicílio até 1968, cando ja era professor do instituto Rosalia de Castro e da Universidade de Santiago. Mas foi umha quinzena longa a que vivim do exercicio da docência na cidade de Lugo, como professor e director do Colégio Fingoi.

As gesteiras e os pinheirais rodeavam por todas partes os locais dedicados à docência

Fingoi e Magoi som dous lugares das imediaçoms da capital, duas aldeias do termo municipal. Hoje están absorvidas polo alargamento da cidade. O polígono de Fingoí inclui arestora o edificio e as dependências do meu Colégio; mas em 1950, cando tal edificio e tais dependências



Baile galego en Fingoi.

*estavam ainda sem rematar, o campo, a agra de Fingoi, sementada de centeio, os soutos e as carvalheiras, as gasteiras e os pinheirais rodeavam por todas partes os locais dedicados à docência. **O Colégio, que levava o nome do seu empraçamento, um acerto do bom gosto do fundador, estava, pois, encravado numha zona rural, de acordo com a orientação que animava as suas actividades.** Aspirava-se a centrar o ensino no meio galego, a arraigar fortemente a educação no ambiente do país. Rejeitava-se toda pedantaria livresca que confundisse a formação dos rapazes com a erudição infantil, despersonalizada e apátrida. Nom se tratava de educar os alunos como se fossem habitantes de calquer país, como se existisse umha educação uniforme para calquer país. Sem pretender introducir novas teorias, senom aspirando somente a praticar teorias razoáveis, procurávamos, sem minguia de lhes fornecer os conhecimentos hoje necessários para calquer home civilizado, proporcionar aos alunos umha imagem imediata do mundo em que viviam, que lhes permitisse desenvolverem-se com eficaz soltura no seu próprio meio.*

Mais importante que aprender nos libros e nos mapas os afluentes do Óbi, como se fossem siberianos, ou os do Congo, como se fossem bantus, era levá-los à meseta das Pias para que estudassem sobre o terreno a dispersom das águas e vissem com os seus próprios olhos como, ao Norte, fluía o Mandeu cara a ria de Betanços; como, ao Leste, as águas do Narla iam empatar com O Minho; de que jeito, ao Sul, a corrente do Furelos procurava a bacia do Ulha; e como, em direcçom ocidental, fluíam cara o mar as ondas do Tambre. As excursoms ou viages de estudos por Galiza, realizadas os dias feriados, e precedidas de umha cuidadosa planificación, permitiam aos alunos familiarizarem-se com a sua terra. A observaçom da paisage, dos tipos de cultivo, das formas de populaçom, dos monumentos architectónicos e das manifestaçoms da vida artesá e industrial, aspiravam a proporcionar aos escolares um conhecimento directo da realidade galega, que lhes servisse de base práctica para a comprensom das diversas facetas da realidade universal.

Mas o Colégio contava com instalaçoms permanentes onde estudar empiricamente nas aulas diárias esse mundo que se visitava nas excursoms para



Xardín botánico do Colexio Fingoi e estación meteorolóxica colaboradora do Instituto Nacional de Meteorología.

comprende-lo na sua plenitude. No parque acolulavamse as espécies arbóreas; havia parcelas assinaladas aos distintos alunos, que eles cultivavam, sob a direcção dos seus mestres. Pitas, parrulos, pombas, coelhos, porcos, enchiam os currais e as granjas. **Os alunos, assi, partiam do conhecimento efectivo do mundo rural que os sustentava.** Era um esforço que realizávamos para conseguir que cando aqueles alunos, em intercâmbios que organizávamos, saíssem a completar a sua educação no estrangeiro, levassem os chumbos de um arraigo efectivo na realidade do seu país, que lhes permitisse contrastar a experiência que com as suas viagens adquiriam. Umha cultura livresca faria deles fora e dentro desvalidos eruditos.

Se os rapazes aprendessem a sachar umha leira, a sementar o grao, a trabalhar a torno, a manipular num quadro de electricista, a erguer umha cabana e a criar umha rolada de pitos saídos da incubadora, estariam melhor situados para afrontar a vida real, disporiam de umha concepção do mundo mais prática e comprensiva calquer que fosse seu destino profissional, ainda que seguissem o caminho das mais especializadas carreiras universitárias.



Cursiño de cociña en Fingoi: Melisa Fernández Puentes, Marisol Truque, “Pititi” (Srta. Matilde, profesora), María Victoria Carballo (“Chan”), Marianela Fernández e Carmen Bohorque.

Lembranzas de don Ricardo no colexio Fingoi: a autoridade da sabedoría. Deixou unha pegada en min que endexamais se apagará

*María José Pardo-Gil Magadán
Doctora en Filoloxía románica*



Escribir sobre o profesor Carballo Calero (para min, sempre Don Ricardo) supón evocar a personalidade dun extraordinario profesor, máis aínda naqueles anos de certas rutinas pedagóxicas.

O respecto que inspiraba, tanto nas clases como en todo o colexio, non procedía da súa condición de director, senón da súa valía e do seu saber; non da súa “*potestas*”, senón da súa “*auktoritas*”. Deixou unha pegada en min que endexamais se apagará.

Mencionarei algúns exemplos do estilo pedagóxico de Don Ricardo. Nas súas clases non había exames. Faciamos ditados que, unha vez corrixidos e comentados, en ocasións (se se trataba dun poema ou unha cantiga) había que memorizar e despois recitar ou cantar con toda seriedade. Nunha ocasión un alumno riuse inconvenientemente e Don Ricardo fixo un ditado alusivo a esa actitude, de tal xeito que ao rapaz non lle quedaron ganas de mover os beizos.

Se nun texto de estudo ou lectura xurdían palabras novas, cada un tiña que achegar unha idea que se aproximase ao seu significado; para dar a palabra dun alumno a outro utilizaba un “*percutor*”, que consistía nunha regra ou calquera outro obxecto co que poder petar na mesa e así marcar a orde das intervencións. En ocasións facía frases alusivas ás nosas actitudes, expresións que, en todo caso, eran sempre respectuosas e, dende logo, con clara intención didáctica.

No colexio o teatro era unha actividade habitual na que participabamos alumnos e alumnas. As representacións teatrais, coidadosamente preparadas para Nadal e fin de curso, estaban incluídas no “*Seminario de Estudos Literarios do Colexio Fingoi*”.

Nas clases organizábanse tamén concursos literarios. O alumno ou a alumna gañadores do certame correspondente á especialidade de teatro tiñan que preparar a obra, dirixindo a súa posta en escena e elixindo os actores e actrices entre os compañeiros, o cal resultaba ás veces algo comprometido. O conxunto do labor teatral de Don Ricardo foi estudado pola profesora Carmen Blanco.

A ese mesmo seminario débese a publicación dos “Contos populares da provincia de Lugo”, unha achega fundamental para o coñecemento da literatura popular luguesa. Lugo está presente tamén, xa dende o mesmo título, no “*Salterio de Fingoy*”, un poemario de gran calado intelectual e existencial elaborado nos seus anos de residencia na nosa cidade.

Volvo aos meus anos colexiais para lembrar cando, nas clases de lingua e literatura, tiñamos que recitar un poema previamente estudado cunha entoación perfectamente adecuada a cada xénero, xa fose un epitalamio, xa unha elexía... A este respecto, recordo que certo día estudáramos o poema “*La nieve*” de Gerardo Diego (“por Quintanar de la Sierra / danzando viene”). Os meus compañeiros recitarono timidamente. Cando foi a miña quenda, puxen toda a miña énfase e alcei os brazos, sen me decatar de que tiña a sisa da chaqueta descosida. Como é natural, as risas foron



Araceli Herrero Figueroa e María José Pardo-Gil Magadán.

inevitables, e tan contaxiosas que ata o propio Don Ricardo acabou rindo e sacando o pano para secar as bágoas; logo rematou agradecendo o bo anaco que tiñamos pasado entre todos.

As alumnas recibiamos clases de cociña. Cada día, antes de sentar á mesa, unha de nós tiña que dicir unha oración e anunciar o menú correspondente; se había un prato que levase un “ll” ningunha quería intervir, porque sabiamos que don Ricardo nos preguntaría se era “pollo” ou “poyo” e insistiría ata que o pronunciásemos correctamente diante de todos os comensais.

Era un gran melómano. E precisamente foi a súa afección á música o que o levou a crear un coro, que entre outras cousas servía para entreternos un anaco tralo xantar. Unhas veces cantabamos algún poema escrito por el mesmo, como o que lle dedicou a “Pimpinela”, a protagonista de “Os vellos non deben de namorarse”; outras, cantabamos alalás (lembro “Quen me dera en Lobeira”), ou cantigas populares en castelán, como “Ya se van los pastores a la Extremadura”.

En 1965 foille levantada a prohibición de exercer a docencia en centros públicos. Foi entón cando se trasladou a vivir a Santiago. Anos despois, en 1972, accedería (por oposición) á primeira cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago.

Nunca deixou de visitar frecuentemente Lugo, a cidade da familia da súa dona, María Ignacia Ramos. E, dende logo, os que tivemos o privilexio de beneficiármonos do seu maxisterio levámolo sempre na nosa lembranza e no noso corazón.



De festa por Fingoi.

Ensinávamos para a vida, e nom para a escola



Olga Gonzalez (da Primavera), Donatella Castellnuovo, Pepa Carro, "Pititi" (Srta. Matilde), "Chan" Carballo Calero, M^a Carmen Gil e Marisol Truque.

*O principio da unidade do mundo e, por tanto, da unidade de conhecimento, era fundamental no nosso conceito da educaçom. Havia que cumprir o velho preceito, mil vezes repetido e mil vezes esquecido, de que ensinávamos para a vida, e nom para a escola. **E como a vida e umha sendo múltipla, toda a educaçom em Fingoi, orientada a servir à vida, estava organizada sobre a base da coordenaçom dos distintos aspectos do ensino.** Tomando como base as ciências da natureza, no seu mais amplo sentido, traçavase um esquema de trabalho, aprovado em reunions regulares celebradas polo professorado, e os distintos educadores ajeitavam o desenvolvimento das suas explicaçoms, na medida do possível, a aquel esquema, a fim de que a concentraçom num foco de interesse das distintas actividades formativas, provocasse o máximo rendimento com o mínimo gasto de energia no alunado.*

Certamente, existia o perigo de esnaquizar a metodologia e o plano de cada matéria de conhecimento numha utópica pretensom de unidade científica. Isso seria voltar ao filosofismo enciclopedista do abrente da cultura ocidental, cando sábio, filósofo e científico eram a mesma cousa. Umha certa aproximaçom à actitude pedagógica derivada dessa concepçom primitiva, estava se calhar ontofilogeneticamente justificada para o grau primário do ensino, organizado basicamente ao redor da direcçom de um só mestre. Este, responsabilizado de um conjunto de alunos, podia praticar as liçons de cousas segundo um método empírico, ajustado ao plano coordenado geral, devolvendo à unidade natural, mediante o estabelecimento das oportunas relaçons, o fragmentário material que a especializaçom ordenadora e simplificadora lhe suministrava como elemento de comunicaçom do saber. **Mas o pluralismo de professorado, necessário, nom só por imperativo legal, senom tamem por exigência pedagógica no grau médio de ensino, impunha umha realista moderaçom na ingénua e simplista concepçom unitária do elenco educativo.** Como tantas vezes ocorre, umha verdade historicamente obscurecida tende a reafirmarse extremado a sua vigência no mundo da realidade em termos que supõem a confusom total do real com o ideal: a infantil crença de que a estrela polar ou a Cruz do Sul som, nom ja signos astrais que orientam os navegantes, senom portos de destino em que ham desembarcar os passageiros.

Um candoroso idealismo unitário, como reacçom contra um fragmentarismo caótico, nom deixou de nos apresentar problemas na prática, e o mesmo sucedeu perante o princípio de método que supunha como quantitativa e nom qualitativa a diferença entre os distintos graus do processo formativo. Do mesmo jeito, a inclinaçom especulativa dos mestres de ensino primário -aos cais nas Escolas Normais se lhes fornecera umha doutrina pedagógica-, e a falta de formaçom oficial neste sentido dos licenciados universitários em Letras ou Ciências -educados no conhecimento especial das suas disciplinas, mas nom na arte de transmitir os seus saberes-, nom deixou de engendrar, como no Instituto Escola, que em parte prefigurara o Colégio Fingoi, desajustes que promovêrom freqüentes plantejamentos de questons de política pedagógica.

De outra banda, **o primitivo propósito de manter a máxima independência de métodos didácticos e organizaçom escolar respeito do Estado, tivo de ser rectificada perante a impossibilidade de ajustar tam absoluta autonomia à filosofia da legislaçom, que propugnava um intervencionismo incompatível com o experimentalismo imaginativo que presidiu a criaçom do Centro.**

A todos estes problemas fixo-se cara sem dogmatismos intransigentes, e a principal missom, às vezes mui difícil, e, em definitiva, esgotadora, do Director,

foi durante os quinze anos longos que regentou o Centro, procurar a viabilidade do mesmo dentro do marco real em que funcionava, sem renunciar aos princípios que constituíram a sua razão de ser.

Cultivo dos herdos autóctonos



Gaiteiros de Fingoi: Antonio López-Acuña, Marcos Fernández Puentes, Fernando López-Acuña, Emilio Fernández Fernández e Bernardo Abeledo.

Como consequência inescusável do espírito de referência ao meio em que o Colégio estava engravado, o cultivo dos herdos autóctonos no campo artístico era um feito que dava carácter à nossa actividade. As danças galegas, os instrumentos musicos do nosso país, o teatro em língua galega mereceram sempre especial atençom. **O Director consagrou umha dedicaçom particular ao teatro, e chegámos a ter um grupo de actores de que pudemos estar satisfeitos.** Numha época em que a legislaçom excluía a coeducaçom, **consequimos para Fingoi o reconhecimento oficial como Centro experimental, o cal nos permitia educar conjuntamente nenos e nenas.** Assi, as actividades artísticas contavam com elementos de um e de outro sexo. Nom só nas festas que celebrávamos no Colégio, senom tamém em saídas fora do nosso recinto, representamos obras, em textos originais ou traduzidos, que, em parte, nunca fôrom objecto de encenaçom nom ja en Colégios da península, senom em cal-quer local da península mesma.

Umha das nossas realizações mais entusiasticamente trabalhadas foi a Pimpinela de Castelao. Mas chegamos a representar textos de Herondas, de Plauto, de Courteline, de Baring, de Lope de Rueda, de Lope de Vega. Fixemos mesmo teatro chinês -O círculo de giz- e japonês -Kantan-. Algumas destas peças -mesmo francesas e latinas- fôrom representadas na língua em que as escrevêrom os seus autores.



Representación de Kantan.

Constituida finalmente a educacôm primária em regime de escolas de Patronato, dispuxemos de mestres nacionais elegidos por nós, especializados no ensino de acordo com as peculiaridades do ambiente em que iam actuar, como diplomados nos cursos correspondentes organizados pola Inspeçom Provincial com assessoramento e subvençom do próprio Colégio. Menos estabilidade lográmos para o professorado de Ensino Médio, por nom se ter chegado nunca a umha soluçom paralela à adoptada com os mestres de ensino primário, por causa das dificuldadesde ordem administrativa.

Promover a formação do pessoal docente

*Em todos os graus aspirava-se a promover a formação do pessoal docente, para o cal se proporcionavam bolsas à gente moça devidamente titulada. **Por Fingoi passárom licenciados que hoje som catedráticos em diversos liceus do Estado e que connosco fixérom os primeiros ensaios de docência. Alguns som figuras mui destacadas das letras galegas. Lembremos três escritores ben conhecidos.***

***Bernardino Granha**, hoje catedrático em Reus, poeta de nomeada temporá, autor da Profecia do mar, contribuiu ao teatro galego com a sua tragédia naturalista Vinte mil pesos crime inspirada numha novela de Boccaccio, e acaba de dar ao prelo as narrativas de Fins de mundo.*

***Joše Luis Mêndez Ferrim**, outro precoce engenho, que, mui bem dotado para a poesia, na cal se estreou com Voze na névoa, derivou logo cara o relato e a novela breves, em que introduziu novidades técnicas que o conectam com o nouveau roman francês e outras escolas da nova narrativa europeia e americana. Hoje catedrático em Vigo e figura bem conhecida dos galegos de América.*

***Arcádio Lôpez Casanova**, catedrático en Valencia, cultivador da tragedia palliata e poeta de grande habilidade técnica, de grande flexibilidade estilística, vantajosamente julgado, entre outros, polo seu volume de versos Palavra de honor.*

*Mais próxima seria a lista dos **alunos de Fingoi** que hoje destacam em diversas actividades intelectuais. **Temos mesmo catedráticos de Universidade, como Emílio Valinho del Rio, colega do seu antigo professor na Fonseca compostelana.***

Cando depois de trinta anos de ausência do ensino oficial, podem ocupar um posto na mesma, e fum chamado a encarregar-me dos cursos de Língua e Literatura galega na Universidade de Santiago, tivem de deixar, paulatinamente, primeiro, o trabalho docente, e, afinal, o meu posto de Conselheiro Delegado do Patronato ou Director Geral do Colégio Fingoi.

Nunca agradeceré bastante haber tenido esa dieta de 11 horas diarias en el Colegio Fingoy, gracias a sus profesores y también a Don Ricardo

Emilio Valiño del Río

Catedrático emérito de la Universidad de Valencia



Don Antonio Fernández López, ingeniero, empresario y filántropo, fundó el Colegio Fingoy en 1951 con el fin de hacer algo distinto de lo que había en otros centros de enseñanza, públicos o privados. La inspiración venía del Instituto Escuela, interpretado a su modo. Contó para dirigir de hecho el Colegio con Ricardo Carballo Calero, que había cursado las carreras de Filosofía y Letras y de Derecho en la Universidad de Santiago, tenía una clara ideología galleguista desde sus años jóvenes, y en la Guerra Civil había sido oficial del ejército vencido.

También fueron contratados en el citado Colegio otros varios profesores, algunos represaliados. Entre ellos, por ejemplo, Don Benedicto Cea Castillo, que abandonó pronto el Colegio y recuperó su cátedra en el Instituto Beatriz Galindo de Madrid, del que creo fue director.

Entre las singularidades del Colegio, que era mixto y en el que pasábamos unas once horas diarias, creo que podrían citarse las siguientes, que fueron evolucionando y cambiando: Por ejemplo, había en los primeros años un refinado señor francés, que daba varios días por semana clase solo en francés en la que participábamos todos los alumnos, en la que él hablaba y nos preguntaba. También en el colegio se daba clase de gaita gallega a todos los que querían y tenían condiciones, al igual que se enseñaban las danzas gallegas (muiñeira, jota, carballeira...).

Los primeros en participar en todas estas actividades eran los hijos de Don Antonio Fernández que, como su padre, eran personas sencillas, nada engreídas y normales en su conducta. Cada curso académico, asimismo, se hacían representaciones teatrales (unas tres por año), a veces en gallego, a veces en castellano (incluso antiguo) y hasta yo participé en una breve obra de teatro toda en latín.

Los alumnos teníamos una parcelita de tierra (más o menos 2,5 x 1,5 metros) en la que había plantaciones (por ejemplo, de lechugas) que teníamos que observar y cuidar. Igualmente era digno de mención el hecho de que había una sala de estudio vigilada

a la que teníamos que acudir a estudiar o a realizar actividades intelectuales cuando había un hueco en el horario de clase, o si faltaba un profesor.

Carballo me dio varias asignaturas en los 6 años del bachillerato. Creo recordar: Latín, Francés (en estas dos materias se hacía siempre el análisis morfológico, sintáctico y luego la traducción de los textos), Lengua y Literatura españolas, Inglés, Geografía e Historia, Historia del Arte e Historia de la Filosofía. Lengua y Literatura era su gran especialidad y lo hacía muy bien en esta materia. Y bastante bien en todas las demás. Asimismo, le gustaba la Historia del Arte y tenía de esta materia numerosos libros en todas las lenguas, que utilizaba para dar clases y que nos mostraba a los alumnos.

La Historia de la Filosofía la preparaba por el magnífico libro de Julián Marías, de la Revista de Occidente. Ya fuera idea de Don Antonio Fernández o suya, he de subrayar que a partir de 5º curso teníamos que estudiar Inglés, aunque no formaba parte del plan de estudios porque, decía Carballo, “hoy en día es fundamental conocer esta lengua”. Con tal motivo él mismo la explicaba, teniendo como texto el libro elemental de Lewis Girau editado en Barcelona.

Su pasión galleguista le llevaba en algún caso a estimar que, por ejemplo, una poetisa inglesa, hija de un napolitano, Cristina Georgina Rosetti, estaba influida por la poesía de Rosalía de Castro, e incluso nos obligó a aprendernos una composición poética en inglés de la misma (“When I am dead, my dearest...”); o cuando al tratar del imaginero Gregorio Fernández, como Murguía, estimaba que era muy bueno porque era gallego, aunque hubiera hecho su obra en Valladolid.

Leyó su tesis en la Universidad Central de Madrid a mediados de los años 50, y se publicó luego en Gredos: “Aportaciones a la literatura gallega contemporánea”. Tras el estudio profundo de la obra de varios escritores gallegos, el autor llegaba a la conclusión de que la literatura gallega era tan buena como la catalana o como la castellana.

Para valorar a Carballo Calero creo que hay que distinguir el ámbito como profesor y el otro como Director. Este último sería más controvertido. Algunas veces, bajo su dirección parecía, según algunos, que el Colegio era un centro castrense en el que no siempre algunos alumnos y algunos profesores se hallaban felices.

Algo inevitable, quizá, en cualquier centro educativo, y más en esa época. En cuanto a los alumnos, cuando se estableció que se comía en el colegio (3 comidas al día: a las 11 vaso de leche, a las 18 la merienda y a las 13.30 la comida) ello constituía para alguno una verdadera tortura. Aunque la cocina era de excelente calidad, dirigida por el saber hacer de Matilde y con buenos productos locales, no a todos los alumnos les gustaba todo, y esto irritaba a Carballo. A alguno(a) lo enviaba a casa durante unos días para que le enseñasen a comer o a degustar productos como la remolacha violeta o salchichas de Frankfurt (de muy buena calidad y sabor, por cierto). Entendía Don



*Con Emilio Valiño e
Carmen Fdez. Puentes.
San Sebastian, 1954.*

Ricardo que aquellos estudiantes no estaban preparados para comer en un colegio donde no podía haber miramientos sobre lo que a alguno le gustaba o no. Incluso cuando algún estudiante se hallaba incómodo con alguna comida, Don Ricardo le decía, primero, “¿Qué harás cuando un sargento soviético te torture dándote para comer coles de Bruselas?”. Y, luego, le decía lo mismo, pero citaba ya a un sargento chino.

Carballo Calero, aunque no hablaba de estos temas, como antiguo oficial en el Ejército, conocía la estrategia militar, y cuando explicaba batallas de la Antigüedad nos sacaba a los alumnos al patio para describir los movimientos de los ejércitos de los cartagineses, de los romanos o las tácticas de Alejandro Farnesio. Incluso a veces utilizaba el vocabulario castrense.

Don Ricardo, cuando se le preguntaba sobre esos temas, sí hablaba de política, aunque no de su biografía personal, como tampoco nunca hizo referencias a su obra literaria; si alguien le preguntaba por el autor de sus obras siempre decía que eran “anónimas”. Quizá en sus años juveniles era más apasionado. Esto es lo que se me ocurre al leer el trabajo de Justo Beramendi sobre los años políticos de Carballo joven, sobre todo cuando dice que éste no veía con malos ojos¹ las posturas de Companys

¹ En general, todos los humanos (o casi) hemos tenido “baches” en nuestra trayectoria; al respecto puede verse el libro reciente del Dr. YVES-ALEXANDRE THALMANN, *Pourquoi les gens intelligents prennent-ils aussi des décisions stupides?: Le paradoxe du QI*, 2018.

en 1935. Por cierto, que sobre este último político no pueden dejar de verse los breves pero profundos escritos del economista y profesor lucense José García Domínguez (en “La Ilustración liberal” y en “Libertad digital”), que vive desde hace muchos años en Barcelona, conoce muy bien la vida política catalana y maneja la pluma con gran soltura e ironía. También Companys, por lo demás, tuvo amistad con otro ferrolano, Ramón Franco Bahamonde.

Si a Don Ricardo alguien no le caía bien y se le preguntaba por lo que pensaba de él, emitía un sonido gutural que me resulta imposible poner por escrito. Era una especie de “Aj” desgarrador y despectivo. Otras veces, respecto de sus adversarios ideológicos, simplemente hacía referencia a ellos formulando un despectivo “éste”, para referirse a quien le disgustaba. No le agradaban, por ejemplo, los gallegos que escribían solo o también en castellano, y cuando se le preguntaba por alguna de sus obras recientes para que él diera su opinión, casi siempre decía: “¿Y por qué no escribe en su lengua madre?”. Quizá virtuoso en muchos aspectos, y sin duda un buen profesor en general, hombre competente en sus especialidades humanísticas, no presuntuoso, sencillo y austero, no puede decirse de él que fuera “un universitario liberal” en el sentido del “gentleman” inglés educado en los “college” de Oxbridge (a los que admiraba hondamente), que comprendiera (o al menos lo intentara) a los discrepantes, que podrían tener algo o toda la razón.

Creo que a Carballo no le gustaba su puesto como director ni el gobierno de un colegio de niños de la burguesía local. Incluso le parecía mal que alguno, que quizá no tenía origen gallego, no fuera capaz de pronunciar la “x” gallega. Pienso en un compañero, hoy distinguido profesional, que cantaba: “Xa fun a Marín, xa pasei o mar, xa comín naransas do teu naransal”. Esta “s” y no “x” le molestaba y no entendía que aquel joven, hijo de un renombrado profesional, no sé si gallego, no fuera capaz viviendo en Galicia de pronunciar la “x” gallega.

Después de quince años en Lugo, deja Fingoy y comienza su andadura como profesor en un Instituto primero y luego, en 1972, obtiene la cátedra de Lengua Gallega de la Universidad de Santiago, que se había creado gracias a los buenos oficios del Rector extremeño Manuel García Garrido.

Respecto de mi experiencia personal me parece que puedo decir lo mismo que W. von Braun cuando contó que en sus primeros años de enseñanza secundaria en Alemania estuvo sometido a una dieta de 10 horas semanales de traducción latina de Cornelio Nepote (que tanto gustaba a Don Froilán López). A pesar de que intencionalmente no he querido usar el botafumeiro, puedo decir que nunca agradeceré lo bastante haber tenido esa dieta de 11 horas diarias en el Colegio Fingoy, gracias a sus profesores y también a Don Ricardo.

Carballo, con una buena preparación intelectual, sobre todo en lo relativo a la lengua gallega y castellana, es una figura relevante del siglo XX en Galicia. Me parece que cualquier homenaje que se le haga es merecido. Como mensaje para las llamadas

Em circunstâncias para mim nom doadas



*Familia Fernández, na inauguración do busto de Don Antonio.
De esquerda a dereita: Ulpiano Puga, Carmen Fonseca, Santiago Fernández Puentes,
Teté Fernández Fernández, José Puga Villamide, Asunción Fernández Puentes, Mariloli
Fernández, Marcos Fernández Puentes, Chus Noguero e Marianela Fernández Fernández.*

*Durante todo o tempo que ostentei aquel cargo sustivem umha relación quase diária com o Presidente do Patronato, **fundador da institución e grande mecenas da cultura galega, dom Antonio Fernández Lôpez**. Quero dedicar-lhe neste momento, aqui no Centro Lucense de Buenos Aires, umha lembrança emocionada.*

Em circunstâncias para mim nom doadas, dom Antonio -como familiarmente se lhe chamava na Casa- asesorado por amigos queridos que tamém o eram del, mas sem conhecerme persoalmente, ofereceu-me a dirección do Centro que ideara, e a política cultural, pedagógica e administrativa daquela entidade -que em regime de meiopensionado, com um número limitado de prazas para alunos, mas con umha complicada organizacom, exigia umha atençom constante de parte do director gerente-, foi traçada decote por el e por mim em incessantes entrevistas.

Vivia eu interno no Centro, e dom Antonio nas proximidades do mesmo. Tínhamos, à parte das reuniões com o professorado ou com o Patronato, conferências quase diárias. Abundava com umha chamada telefônica desde o meu gabinete para concertar calquer entrevista extraordinária. Dom Antônio personava-se no Centro assi que lhe era possível, e mantínhamos longuíssimas conversas, em que discutíamos com toda liberdade os problemas pendentes. A miúdo, depois de despachados os assuntos, prolongava-se a conversa informalmente, e filosofávamos um pouco sobre educação, sobre cultura galega, sobre persoas e instituições, sobre os mesmos temas familiares que nos preocupavam. Home de exquisita cortesia, modesto e singelo no seu trato, **chegámos à força de luir os nossos cerebros mediante o contraste contínuo de opiniões, a estimar-nos mutuamente e a ser verdadeiros amigos.**

El era, sob umha aparência reservada e correctamente impassível, **um sentimental, que por alto sentido da dignidade professava umha moral estóica, ao menos polo que se referia às suas exigências para consigo mesmo.** Era tamém, no fundo, um home ingênuo, no sentido mais nobre da palavra, a quem, no encanto, os desenganos fixeram, numha dolorosa experiência, desconfiar da sinceridade e generosidade dos mais. [...] Muito lhe deve o Museu de Lugo, construído polo grande architecto Gómez Romám, autor tamém do edificio do Colégio e da própria vivenda próxima do seu fundador.



Antonio Fernández, visto por Mouriz.

*Me siento agradecida
hacia él por inculcarnos
el gusto e interés por el
saber, el descubrir...*

*M. Carmen Fernández Fernández,
“Camolas”*

*Patrona de la Fundación Jiménez-Avellano
Alonso de la Universidad de Valladolid*



Don Ricardo era una persona seria y estricta que supo entender muy bien la educación que mi tío, Don Antonio Fernández López, quiso que recibiésemos los alumnos del Colegio Fingoy. Mi tío estableció las bases educativas y puso los medios necesarios para poder cumplirlas –un laboratorio científico, una incubadora para comprender el ciclo gestacional de los pollitos, un huerto...–, y Don Ricardo, como director, supo entenderlas, desarrollarlas y utilizar esos medios del mejor modo para sacar de nosotros el máximo. Además, sabía transmitir muy bien lo que quería enseñar.

Me siento agradecida hacia él por inculcarnos el gusto e interés por el saber, el descubrir... Hoy me doy cuenta de que fue una enseñanza muy especial en aquella época, e incluso en ésta... Nos transmitió su amor por el teatro –los ensayos para mí eran una fiesta– y por la poesía –nos presentaba a los juegos florales–. Además, conocía a los alumnos y sabía el refuerzo que necesitábamos cada uno en su ámbito de enseñanza, que era la lengua. A mí me costaba mucho memorizar y me hacía memorizar poemas, textos y papeles de teatro larguísimo.

Por otra parte, nos enseñó a amar el folclore español, las tradiciones en general y nuestra lengua en particular, nos hacía participar a los alumnos en esas fiestas de música y danza tradicionales, sin imposición ni exclusión, con naturalidad y buen criterio.

Eran años de pocos alumnos y quizás por eso nos sentíamos como una gran familia. Aunque pase tiempo sin ver a mis amigos de entonces, cuando los veo siento el cariño y el afecto que nos tenemos, y que nos unió tanto gracias a afrontar juntos todos los retos que Don Ricardo nos ponía en el camino. No siempre sabíamos cómo afrontarlos, pero entre todos buscábamos la solución.

Adicionalmente, en el colegio recibimos una educación práctica para la vida de adulto, tal como pretendía mi tío Antonio, al que Don Ricardo supo entender muy bien, dirigiendo toda una serie de actividades. Por ejemplo, íbamos al mercado a comprar,

cultivábamos el huerto nosotros mismos, nos daban clases de cocina complementadas con el estudio nutricional de los alimentos, nos inculcaban la importancia del cuidado de nuestra salud y nos enseñaban higiene personal y bucal –teníamos nuestro cepillo de dientes en el colegio–, recibíamos clases de conducir, nos llevaban al campo para estudiar la naturaleza o los accidentes geográficos... También organizaban excursiones para ir conociendo cada curso una región de España y, algo también infrecuente en la época, buscaban familias extranjeras con las que hacer intercambio para que aprendiésemos idiomas.



*Camolas Fernández, Gloria Baamonde, Maricruz Truque,
Manuel Sáñez e Araceli Herrero.*

Bolseiros do Centro de Estudos Fingoi

Dom Antonio Fernández Lôpez era filho de Antom de Marcos, traficante em gado, que puxo os cimentos da fortuna familiar. Em Barreiros de Sárria, onde nacera o seu pai, fixo dom Antonio construir a sua residênciade verao, ou umha delas, pois para que os seus filhos desfrutassem da praia dispunha tamem de umha casa no Pinhal de Baceiros, sobre a praia de Lourido, hoje chamada Praia América. Em Barreiros montou umha granja e umha Escola de especializaçom agropecuária que regêrom mestres tam entregues à sua profissom como dom Avelino Pousa e dom Valentim Árias.

Ja dimitido do meu cargo em Fingoi, continuei sustendo estreitas relaços com dom Antônio, que me visitou muitas vezes no meu Seminário da Universidade e me facilitava bolsas para estudantes e graduados. Um número mui crecido de licenciados e doutores por Compostela, boa parte dos cais som hoje professores em distintas Faculdades, fôrom bolseiros do Centro de Estudos Fingoi, que assi mesmo publicou livros como os Versos inhorados e esquecidos de Eduardo Pondal, o Cancioneiro de Pero Meogo e Contos populares da província de Lugo, que servirom de base a estudos importantes, como os recentes de Harry Meier sobre problemas de uso do galego.

*Foi para mim um dia de profunda afliçom aquel em que tivem de trasladarme precipitadamente a Lugo para darlhe o meu derradeiro adeus e assistir às honras fúnebres que se tributárom a **um dos homes mais bons e mais autenticamente galegos que tenho conhecido.***

Merenda en Fingoi. Carballo, Antonio Fernández, Manolo Fernández, Mariano Álvarez Movellán e Pedro Fernández Puentes.



O comércio, a indústria criavam umha nova aristocracia

De 1950 a 1970, desde que no Café Méndez Núnhez me apresentárom dom António Fernández até que o vim por derradeira vez, ja cadáver, na sua casa de Fingoi, **o Lugo que conhecera na minha nenez adquirira umha fisionomia que pouco a pouco o transformara profundamente.** A complicaçom burocrática multiplicara os altos postos de funcionários. Médicos distinguidos atingiam os primeiros renques da sociedade luguesa. Agora era a era dos engenheiros, dos cirurgiaos. Surgiam tamém grandes capitais burgueses. O comércio, a indústria criavam umha nova aristocracia. O mesmo Fernández Lôpez pertencia a este estamento social, e era engenheiro de caminhos, ainda que sempre foi pessoalmente, mais que modesto, ascético, de umha singeleza franciscana. As velhas famílias de gineía fidalga, alheadas as suas terras, perderam toda importância, todo peso, na vida da capital. E ja nom eram os cônegos da catedral e os catedráticos do instituto as veneradas persoas que eu conhecera nos meus anos da nenez.

Cando em 1950 passei a viver em Lugo, primeiro em Sam Roque, logo no Bom Jesus, depois em Fingoi, ainda a cidade conservava parte do seu enlevo de pequena capital de província. Ainda a gente passeava sistematicamente no Cantom, na Alameda, na rua da Rainha.

Mas a conversa ha de rematar. **Vós e mais eu compartimos a saudade da acrópole que se assoma ao Minho polas costas do Parque.** Nom quero aliméntá-la mais com lembranças gozosas e dolorosas. Aqui se pom fim a esta conversa sobre Lugo que temos sustido entre lugueses; e como onde estam os lugueses está Lugo, temos falado em Lugo sobre Lugo, e a plática tem sido um monólogo doméstico e familiar.



A minha lembrança de Dom Ricardo em Fingoi: Um referente de autoridade, moral e de “sapientia”

Adela Figueroa Panisse

Profesora e escritora



O Colégio Fingoi foi o meu primeiro colégio. Na minha família a cultura era um valor de primeiro ordem inquestionável. Por isso os meus pais escolheram o único colégio que, na posta guerra franquista, reunisse as condições de laicidade e de coeducação junto com os princípios pedagógicos da Instituição livre de ensino.

Em Lugo tivemos esse privilégio mercê a Dom António Fernandez que o fundou, e escolheu um elenco de professorado exemplar a partir de mestres sancionados polo regime franquista entre dos quais salienta Dom Ricardo Carvalho Calero. Minha mãe era mestra da república, e tanto ela como meu pai davam muita importância à educação.

A minha passagem por este colégio influiu muito em mim. Nunca agradecerei bastante aos meus pais ter-me beneficiado deste privilegio. Em Fingoi desfrutei muito até o ponto de não querer nunca perder um dia de aulas. Se perdia o autobús, que nos recolhia diante do Concelho, ia andando ainda que for sozinha. Fui lá desde os quatro até os oito anos. Mas as amizades de Fingoi nunca as esqueci e ainda as cultivo.

E, Fingoi era Dom Ricardo Carvalho Calero, que era o diretor (para mim a autoridade suprema) e a minha primeira professora a querida “Senhorita Chicha”. Ir ao colégio era uma alegria. Nunca uma obriga.

De Dom Ricardo, nessa época, guardo uma lembrança nebulosa. Sei que o alunado lhe tinha muito respeito, ou alguém poderia dizer medo. Porque era um homem de aspeto serio e solene.

A mim nom me deu aulas diretamente, mas como aluna do colégio sentia sua presença sempre: Ao sairmos da aula, no comedor, no pátio dos recreios, no cuidado das hortas que tínhamos o alunado, etc. Ele estava sempre cuidando dos espaços comuns (recreios, atividades complementarias, etc). Visto desde a ótica de hoje, penso que fazia um exercício de total responsabilidade do seu trabalho como diretor.

Tinha a coordenação do projeto educativo do centro que fora ideado por Dom Antonio Fernandez e o levava a cabo rigorosamente.

Lembro uma ocasião em aulas de francês com Carmucha Teijeiro. Fazia sol e estamos dando a classe dentro do colégio. Entrou e perguntou porque nom estávamos fora passeando para aproveitar o bom tempo. Na minha vaga memoria creio que dixó algo como que podíamos aprender os nomes das plantas em francês. E assim foi. A profesora levou-nos de andaina pola contorna mentres nos sinalizava as “feulhes”, “les fleurs”, “l’herbe” ou “les oiseaux”. São as pequenas cousas que ficam gravadas na memoria e que faziam de aquele colégio algo mui especial.



Primeiras comuñóns en Fingoi: Antón Figueroa, Adela Figueroa, Jorge Castelnuovo Santaella e Marcos Fernández Puentes. Ao fondo, Don Ricardo.

Dom Ricardo era serio, mas era carinhoso. Assim o percebia eu. Nom nos deixava marchar do comedor mentres nom acabássemos a comida. Mã comedora, eu tentava dissimular metendo toda na boca sem tragar com a esperanza de poder deita-la fora quando ninguém visse.

Mas ele, que nos cuidava, vinha onda mim e palpava a minha meijela descubrindo o bulto que eu guardava. Dizia: “Beve, verás como assim o podes tragar”. Nom havia remedio. Nada se escapava ao seu olhar. A comida era também algo a que se lhe dava muita importância. Iamos a praça de abastos acompañando à cozinheira ou ajudávamos a cozinhar e aprendíamos o menu, para recita-lo antes de começarmos a comer, sempre presidindo Dom Ricardo o comedor.

Em Fingoi nom somente se aprendia teoria. Também educação, liberdade e alegria. Todas tínhamos que bailar, cantar ou encontrar alguma atividade complementar do “Currículo escolar”. Eu gostava muito de bailar a muinheira. Dom Ricardo era exigente pelo que diz as atividades, e ainda discorria jogos educativos que se praticavam depois da comida. Havia “repouso” na hora da sobre mesa. Faziam-se equipas que tentavam competir com baterias de perguntas e de respostas. Nesse “repouso” ele estava sempre presente coordenando e controlando que tudo fosse corretamente. Eu lembro ter participado nesses concursos e olhar de relance para onde ele estava por saber se o fazia bem ou mal.

Bem pensado nom sei como ainda encontrou tempo para escrever entre tantas horas de ocupação: as suas aulas e o controlo do funcionamento dum colégio de tanta complexidade. Era um homem de grande valia. Extraordinario.


Aparece na foto da minha comunhão detrás de nós. Com ar de quem está a confirmar que tudo está a correr corretamente.

Nos domingos, as vezes íamos de passeio até Fingoi, onde ele vivia com sua família. Meu pai gostava da sua companhia. Durante aqueles negros anos de pedra nom havia muita gente em Lugo com quem manter uma conversa inteligente e Dom Ricardo representava essa elite galeguista e de esquerda expedientada pela repressão franquista. Pelo delito de pensar. Fracasso do franquismo, porque em Fingoi ensinavam-nos a pensar.

A Dom Ricardo tratei-no mais de maior. Depois de me eu ter licenciado em Biología, e nomeadamente quando organizávamos Jornadas do Ensino em que ele sempre participou ao nosso pedido. Para mim sempre foi uma figura relevante cultural e socialmente. Um referente de autoridade, moral e de “sapientia”.

Caro Dom Ricardo, Bem haja.





Siro - 86.

Don Ricardo Carballo Calero visto por Siro en 1986.

O “estranu” Colexio Fingoi

A diferenza de Fingoi con calquera outro colexio da época comeza polo proxecto da obra, que Don Antonio encarga a Manuel Gómez Román, un dos promotores do Día das Letras Galegas, derradeiro secretario do Partido Galeguista, e participante en Galaxia e na Fundación Penzol.

Consólidase coa elección do responsable do Colexio, Ricardo Carballo Calero, galeguista represaliado, que estivera no cárcere, condenado ao ostracismo social, para o que Fingoi significaba a liberdade económica, educativa e cultural. Algúns dos outros profesores de Fingoi (Ánxel Xohán, Benedicto Cea, Vicente Devesa, Concepción Fernández-Chicha ou José López Cabanillas) foran tamén represaliados ou estaban mal vistos polo réxime. E aquí foron profesores becarios Xosé Luís Méndez Ferrín, Bernardino Graña ou Arcadio López Casanova.



Fingoi, afirman todos, ensinantes e alumnos, era diferente a todo, destacando (nun tempo de absoluta separación por sexos) como o único colexio mixto. Cóntase que o promotor pasou unha mañá detrás do Ministro de Educación para que lle autorizase un colexio para rapaces e outro para rapazas, que logo converteu nun só, mixto. Tiña moito camiñado Don Antonio pola empresa, a administración e os labirintos da política como para non conseguir o seu propósito.

Nin existían libros de texto, nin se levaban deberes para a casa. Podía haber clases de dous alumnos, e nunca máis de vinte por aula. Impartíanse clases de gaita, de canto e baile tradicionais, de conducir... Facíanse viaxes culturais, íase ao mercado a aprender a comprar, e cada alumno tiña un horto que traballar, controlándose a produción para ver a rendibilidade do seu traballo. E facíase teatro experimental, ás veces escrito e sempre dirixido por Don Ricardo, o Conselleiro-Delegado, que resultaba ser a alma do Colexio. Nas súas clases de literatura de Bacharelato incluía o cine, a zarzuela e a ópera, para cumprir co programa oficial de ensino.

El papel de Fingoi era totalmente rompedor

Francisco García-Bobadilla Prósper
Funcionario



Estudié en Fingoi hasta los catorce años: el Bachillerato elemental, cuarto y reválida. Éramos pequeños para que nos explicaran cosas de alto nivel intelectual, pero hasta donde podíamos llegar, muy bien.

No teníamos libros de texto, tomábamos apuntes; aprendimos a tomar apuntes, lo que luego fue importante en la Universidad...

Carballo Calero nos daba literatura y lengua. Era un buen pedagogo. Y el colegio, una maravilla. Organizaba representaciones teatrales, veladas de fin de curso y Navidades, programando representaciones de obras muy importantes. Yo llegué a trabajar en “El círculo de tiza”.

Teníamos clase de gaita y muchas otras actividades muy modernas que, claro, también estaban marcadas por el propietario del colegio, Don Antonio Fernández, impulsor de esta iniciativa académica.

En el panorama de la educación oficial en Lugo el papel de Fingoi era totalmente rompedor. Para empezar, era mixto. El único. Éramos pocos alumnos en clase; diez, por ejemplo. Había cursos de solo dos alumnos. Había un Mini-furgoneta pequeñito, de los que estaban como forrados de madera por fuera, y allí nos daban clase de conducir. Íbamos a la granja de Barreiros a ver la matanza del cerdo. Nos explicaban todo: el pulmón, el corazón, cómo se mataba...

Teníamos un profesor, Vicente Devesa Jul, que nos enseñaba todo lo referente a la miel y las abejas. Era una educación pedagógica. Claro que para que les permitieran aprobar oficialmente los cursos tenía que seguir las normas del Ministerio de Educación y, a la vez, llevar a cabo esa otra educación paralela como la de aprender a conducir, la agricultura, las abejas, la música...

La diferencia a nuestro favor en relación con los alumnos de otros centros la notaban más los que estaban en el Instituto o en los Maristas. Nosotros no lo apreciábamos. Lo considerábamos normal. Los alumnos de otros centros nos preguntaban cómo era lo de tener chicas en clase, cómo era la clase de gaita... yo creo que provocaba más curiosidad fuera que a nosotros mismos. Para nosotros era algo normal.



Don Vicente Devesa cos alumnos en Barbadelo.

Y en igualdad con todos nosotros, los Fernández, hijos de la familia promotora. Yo tuve de compañeros a Marcos y a Asunción, Siña. Y había dos hermanas mayores en el colegio, Churi y Tona; y también estaban sus primos, hijos de Don Emilio y Don Manuel Fernández, Emilio, Belén, Camolas, Marianela, Mariloli... La integración era total.

Hacíamos excursiones culturales. Recuerdo especialmente una a Melide, para ver el pórtico de su iglesia... Creo que ninguno de los que estudiamos allí se olvida del Colegio de Fingoi. Nos dejó a todos una huella importante.

Carballo Calero era el gran protagonista. Ejercía de director, no sólo en las clases, en las aulas, el comedor, los pasillos... te pillaba corriendo por un pasillo y era un lio. Hacía de todo: era el bedel, el director, el ordenanza, el vigilante... Nos vigilaba en el recreo. No podías perder la boina, no podías chutar a un balón, porque no se podía jugar al fútbol; había que jugar al baloncesto.

A veces andaba por el patio, vigilándonos, en bicicleta. Por eso le llamábamos "Coppi", por Fausto Coppi, el gran ciclista italiano.

Estaba muy implicado en el colegio, allí tenía la vivienda. Estaba en el colegio desde las ocho de la mañana hasta las doce de la noche. Los alumnos estábamos en el colegio de nueve de la mañana a nueve de la noche. Las dos últimas horas eran de estudio, con profesores, para poder preguntarles y recibir sus explicaciones.

Su papel en el colegio como literato se notaba bastante, y traía a su clase gente de su época y su nivel: Cabanillas, Otero Pedrayo, Avelino Pousa... a todos los importantes de la época. Por cierto, que Ferrín me dio clases de geografía.

Nos adjudicaban parcelas de huerta, donde cada uno de nosotros tenía un trocito de terreno, una parcela, sembrabas guisantes.... Y luego se pesaba la cosecha para ver quién era el ganador. De vez en cuando íbamos al mercado para aprender a comprar. Eso, ahora, es lo más moderno: enseñar a andar por la vida.

El colegio, gracias a don Antonio, era un avanzado en su tiempo. Lees un programa de hace cincuenta años o más, y ves su actualidad tanto tiempo después.

No éramos nada competitivos entre nosotros. No hacíamos exámenes y estaba prohibido llevar trabajo para casa. Recuerdo que en las filas que hacíamos para coger el autobús nos metíamos los libros debajo del jersey para poder llevárnoslos a casa y estudiar.

Contemplando a Carballo en la distancia, y viendo la cercanía de profesores como Alonso Montero, recuerdo que el excelente profesor no tenía un acercamiento amistoso con el alumno. Era distante, muy autoritario. Y no me extraña, teniendo en cuenta la represión que había sufrido, la imposibilidad de enseñar... y eso lógicamente afloraba.



Nenos no horto escolar.



“Siña”, M^a Carmen Canto, Dina Bohorque, Don Ricardo, “Macali” Herrero, Olga López Boullosa, Marianela López Iglesias e M^a Carmen Buceta.

*Experiências e lembranças no Fingoi de Xosefina Baamonde Traveso, Profesora de Historia*²

Eduardo Méndez Baamonde



Xosefa María Baamonde Traveso (1943), minha mãe, e María Gloria Baamonde Traveso (1945), minha tia, foram alunas do professor Ricardo Carvalho Calero no Colégio Fingoi durante vários cursos do bacharelato. Mas, a história começa antes... Como é que chegaram duas pícaras nascidas no pequeno lugar de Cedofeita (Ribadeo) a serem alunas dum colégio privado de Lugo?

O respeitável empresário Dom Antonio Fernández López fundara um Colégio com uma educação única, moderna e avançada na sua época, mas em certo modo elitista, já que nem todo o mundo se podia permitir uma estadia meio-pensionada em Lugo e pagar o Fingoi, e ainda menos duas pícaras numa aldeia escondida no interior da marinha lucense, afundida atrás do enorme Mondigo.

Tal é assim, que em certa maneira, as duas nenas chegaram a ser no início um algo discriminadas no Colégio polos outros pícaros, quase todos de Lugo. Às vezes, burlavam-se um pouco delas por pailás, com a crueldade característica dos nenos... As irmãs misturavam galego com castelhana numa espécie de “castrapo”. Xosefina e Gloria não se podiam permitir roupas tão à moda coma os outros. “*Deveciamos por termos saias plisadas*” (Gloria). “*O uniforme do Fingoi, aqueles odiados mandís a quadrinhos que deviamos trazer da casa, faziam-nos esquecer as modas e equiparar-nos aos mais*” (Xosefina). Em certa maneira, o Fingoi foi o Colégio que a enorme filantropia e amor de Dom António fundou, com o propósito da educação que queria para os seus próprios (e numerosos) filhos e sobrinhos, à que se somaram nenos de famílias da classe meia-alta de Lugo que o podiam pagar, e alguns outros becados.

² Este escrito basea-se nas testemunhas contadas diretamente pola minha mãe Xosefina Baamonde Traveso, e em duas entrevistas gravadas a ambas as irmãs: Xosefina e Gloria Baamonde. Também usei um pequeno fragmento das memórias manuscritas do meu avô: Anselmo Baamonde Paredes. As imagens e fotografias inseridas pertencem aos albums familiares de Xosefina e Gloria Baamonde Traveso. O escrito foi revisto por Xosefina, que aprovou o que aqui se conta.

Agora bem, a educação deste Colégio igualou-nos a todos à par também. E aqui é onde Xosefina e Gloria se distinguiram. Dom Ricardo Carvalho Calero, punha-as sempre como exemplo vivo de pronuncia perfeita das vogais fechadas e abertas do galego, o que dalguma maneira as enchia de satisfação.

As pícaras eram filhas do casal formado por Felix Anselmo Baamonde Paredes (1913-1996) e Jesusa Traveso Maseda (1906-1982). "Dom Anselmo" era um mestre represaliado e truítero, amante da natureza e das atividades hortícolas...

"Anselmo é o único que veu aqui pescar ao Eo con traxe, igual que Franco", diziam pola contorna do rio arraiano...

Só que para Franco coutavam o rio, e Dom Anselmo ia de furtivo polas partes ceivas. As casualidades da vida, fizeram com que o mesmo "gancheiro" que ajudava a Franco a tirar os salmós do rio, Dom Jesús Calain (uma boa pessoa) fosse gancheiro também de Dom Anselmo e já de velhos, travassem uma profunda amizade.



Gloria Baamonde Traveso e Xosefina Baamonde Traveso. Foto Quintero, Lugo.

Anselmo deixou manuscritas umas belíssimas memórias, em galego, dumas quatrocentas páginas onde perpassa a vida na marinha lucense (Cedofeita, Ribadeo, Lourençã, Valadouro, Mondonhedo, Cospeito...) desde “o Gripe” do 1918 até a chegada da Democracia:

“No fondo dos vasos do chinero quedaba un bo reloxo de ouro; unha cadea, igual; unhos Amadeos en prata; e unhos billetes do Banco de España metidos entre as follas dun libro de Novenas... Con nada deron. Quedaron repartidos entre os fillos, anos despois. Anoitecía. Collemos prá estrada de Cedofeita. Alí tiñan un coche con ampras bandeiras ondeando nos faros, de por diante.

- *Veña, dixo un, subi-lo ao auto. Vou virar pra ir por Cubelas. Nas voltas do “Gerente” di-me se quero Confesión. “Penso que nada mau teño feito”.*

- *Estes todos morren así ¡Mala centella os coma!*

Pasamos Cubelas, deixamos atrás a Capela, collemos o Empalme de Vilela. Coroa-mos a Casa da Edra, baixando xa, ao Pontigo do Rio Pequeno.

Silencio, e o “FORD” a mau dereita, apagado e cos homes dentro.

- *“Bueno, chico, vas a morir” ¿Como desexas, de frente ou de cu?*

- *De cara.*

- *Camiña desde esta á outra cuneta.*

Nada dixen, nada falei. Cavilei, mentres atravesaba, xa non tiran!

Volveu o muito silencio, pra diciren: “Eu coñecín a túa mai. ¡Perdono-che a vida!”

- *Todo llo podes agradecer, aquí, ao meu amigo Folgueira. Este que vai ao lado meu, aquí. Subi-lo, outra vez, ao coche!*

Así foi, así arrancaron comigo, camiño de Ribadeo. En Ribadeo, non se detuveron prá nada. As banderolas ían-se abanicando colgadas ao pé dos faros, a todo gas”.

Finalmente, Dom Anselmo foi preso em Lugo acusado de “rebelión”. Sai do cárcere, após uma estadia de pouco mais de três meses, e no ano 1945 consegue aprovar as oposições a mestre de escola primaria. “És mais pobre que um mestre de aldeia”, dizia-lhe um parente indiano com retranca. Assenta vida em Cedofeita, onde casa com Susa e tem três filhos: Xosefina, Gloria e Pepe.

A todos os três tentou dar-lhes educação. Pepe, o menor, decide abandonar os estudos e permanecer na casa de Cedofeita. Gloria e Xosefina porém, começam por educar-se com o pai, nas escolas de Abres e Balboa; e na biblioteca do “Velho Panchó” de Ribadeo, e a examinarem-se por livre dos primeiros cursos do bacharelato no Instituto Feminino de Lugo...

Entretanto, Dom Anselmo, como mestre e como especialista em atividades hortícolas e cuidado de árvores frutais, é invitado a impartir conferências-práticas a outros mestres em diferentes juntanças agropecuárias. Ali ensina-lhes a prantar, a enxertar... e aprende também dos outros. Eram os chamados “Cursos de formación para maestros rurales”, celebrados na granja-escola de Barreiros (Sarria), dirigida por Avelino Pousa Antelo e financiada pola filantropia outra vez de Dom Antonio Fernández López. A granja (1948) era o germe, a ucha, a despensa do Colégio Fingoi de Lugo (1950). Ao Fingoi chegavam os porcos, os jamós curados no gélido frío do interior de Lugo, ou as maçãs “tabardillas” dos frutais. Em Barreiros, Anselmo trava amizade com outros mestres como Avelino Pousa Antelo e Vicente Devesa, que exercia de mestre de primária no Fingoi.

Este último, amostra-lhe a Dom Anselmo o Colégio e foi provavelmente quem o convence de levar as filhas aló³. Primeiro a Xosefina, a maior (ante a preocupação de Dom Anselmo que via que a pícara começava a vaguear, no primeiro andar da escola de Balboa, onde estudava “por livre” os primeiros anos do bacharelato), e dous cursos mais tarde a Gloria, a pequena.



Dom Anselmo ensinando a podar a outros mestres, na Granja-Escola de Barreiros, dirigida por Avelino Pousa Antelo.

³ Anteriormente Dom Anselmo já tinha visitado com a cativa Fina em Lugo algum colégio religioso, como as “Josefinas”, mas à pícara não lhe gostaram porque via entrar a nenas de pago por uma porta e às outras nenas pola outra.

Vou-me centrar sobretudo nas testemunhas de minha mãe, já que a minha tia dá a sua própria visão num fermoso escrito para esta mesma publicação.

Xosefina examina-se de quatro cursos por livre, no Instituto Feminino de Lugo, com umas qualificações não demasiado brilhantes. Tinha dificuldades em “Formación del Espiritu Nacional”, “Hogar” e “Gimnasia”. Entra no Fingoi no curso 1958/1959⁴ e, ainda tendo o quarto curso aprovado, recomendam-lhe no Colégio repetir para subir o nível. Assim, este curso não figura no livro de bacharelato como tal, mas a partir daí o seu expediente académico sobe exponencialmente.

Realiza no Fingoi 4º (1958/1959), 5º (1959/1960) e 6º (1960/1961). Há normas, mas também um espírito de tolerância “rara avis” naqueles anos. O colégio constava de dous andares em U e um grande patio aberto⁵. Ao fundo, uma horta e árvores frutais com os nomes em galego, castelhano e latim.

O Colégio era misto. O processo de aprendizagem abarcava-o tudo. Tínhamos que aprender a comprar no mercado... provavamos e escolhíamos os queijos, por exemplo... algumas vezes mesmo acompanhadas no bus por Dom António Fernández. Havia aulas de cozinha para homens e mulheres. Um dia à semana, elaborava-se um prato nas aulas de Pititi, e tínhamos o direito a fazer uma sobremesa especial, que depois partilhávamos na comida alunos e professores. Dom Ricardo e algum outro professor comiam também no Colégio... As refeições estavam pensadas de maneira nutricional, mediam-se as calorias e traguíam-se alguns produtos da granja de Barreiros.

No comedor alguém recitava o menú, e punham-nos os guardanapos nas axilas para comer com a postura adequada. Os nenos de párvulos, aprendiam a mastigar. Eu provava pola primeira vez melão no Colégio Fingoi e outras cousas que me nau-seavam. Ao início davam-me reparo e regalava-lhas as companheiras. Pouco a pouco, abriu-se um novo mundo de sabores para mim. Os alunos, ajudavam a pôr e recolher as mesas. Cada um traguia da casa os seus próprios talheres e copo.

No único momento em que o Colégio não era misto era na comida, onde pícaras e pícaras sentávamo-nos separadamente. Três comidas diárias: pola manhã meio “bocata”, depois a comida, e pola tarde uma merenda. E após cada comida havia que escovar os dentes.

⁴ Em realidade isto é o que figura no expediente do bacharelato. Já rematado este artigo, descobro por Gloria e confirmo com a minha mãe que Xosefina entrou antes, tal vez no curso 1956/1957 ou 1957/1958, ainda que se examinava por livre no Instituto Feminino. O caso é que quando Gloria chega ao Fingoi no curso 1958/1959, Xosefina conhecia perfectamente o centro e estava afeita a el. Gloria lembra ademais, de estar ela e Pepe sós em Cedofeita.

⁵ Xosefina lembra ver o resultado da construção dum novo andar, que se deveu realizar num verão.



*Pequeno-almoço no comedor do Fingoi com Ana “da Primavera”,
María Victoria Carvalho Calero (“Chan”) e Xosefina Baamonde.*

No patio faziam-se atividades ginásticas, aulas de baile ou de gaita... Nos recreios, muitos patinavam. Xosefina ficou sem patins porque Anselmo non lhos comprou, assim que lhe tocava saltar “à comba”. Quando o sol apertava, era norma obrigada levar a cabeça coberta com um pano. De súbito, ouviu-se a voz profunda de Don Ricardo:

- *Alto, alto, altooooo!*

E Xosefina dizia-lhe às companheiras resmungando: Coppi⁶, Coppi, Coppi! Vos fazei como que não ouvdes!

- *Baamonde, por qué é que não tem a cabeça protegida com o pano do sol?*

- *Aiii olvidei-no na casa, Dom Ricardo!*

- *Castigada dous días para a casa... comunicou Dom Ricardo implacável.*

Enquanto que Xosefina dirigia-se no bus para a casa, Dom Ricardo, que gastava boina, desde a distância acenava-lhe com o dedo na boina, para indicar-lhe que não esquece-se trager o pano ao próximo dia.

⁶ Era o alcume com o que conheciam a Dom Ricardo.

Meio-pensionada na pensão de Dona Erminia no tempo não letivo, meio sábado e o domingo inteiro; a pícara não comunicou a sua expulsão temporal à família. Gloria ademais, trouxe uma carta para o padrinho onde se comunicava a infração da nena e pedia-se firma manuscrita:

- *Agora si que a arma-che! Traio-che uma carta para o teu padrin!*

- *Eu não sou mais velha ca ti? Quem é a tua autoridade mais imediata?*

Gloria acatou ordem, e a mesma Xosefina leu o informe e assinou o “recibi” e “aqui paz, e depois gloria”. Quando se reincorporou outra vez ao Colégio, Xosefina pede-lhe à sua amiga Teresa Arias “Teleta” que lhe empreste uma boina “de requeté”. Regressa ao recreio, e volta a saltar à comba, desta vez sem pano mas com boina:

- *Alto, Alto, altooooo! -apareceu Dom Ricardo. Vostede como é que me vem com este “atuendo”?*

- *Dom Ricardo, porque como vostede me acenava assim com a sua boina, eu deduzim que tinha que traer uma boina para proteger-me do sol!*

- *Pois o próximo dia traga o pano como todo o mundo!*

A paciência e tolerância de Dom Ricardo eram grandes, mas também o eram a educação no esforço e o trabalho disciplinado nas aulas, que inculcava aos seus alunos; sem nunca esquecer um fino e inteligente sentido do humor.

Aulas de língua e literatura impartidas por ele mesmo. Aí revisitavam-se desde o Ulises clássico ao Ulises de Joyce, em espiral inovadora; sem esquecer a lírica medieval galego-portuguesa. “Eu sabia lêr prosa, mas eu apredim a lêr poesia com Dom Ricardo. Dizia-nos por exemplo: -esta cantiga deve-se recitar assim, como o ritmo de moineira, e batia com os cotenos na mesa...”*tou-po-rrou-tou*... ao final do verso deve-se fazer uma ligeira pausa, que destaque a rima. Punha-nos como tarefa às vezes memorizar uma cantiga de amor ou de amigo...”. Estimulava-se a leitura. Às vezes, impartia as aulas ao ar livre.

Dom Ricardo fazia ademais um grande labor teatral, levado à prática com a representação de obrinhas polos próprios alunos: Desde Plauto ao “Círculo de giz circasiano”, de Bertolt Brecht ou “A farsa das zocas”, da sua autoria. As representações costumavam-se realizar antes do Natal e no fim-de-curso, com as visitas dos familiares.

Havia um labor de estimulação criativa, através da publicação de contos dos seus alunos na revista Vida Gallega. Em 1960 minha mai e minha tia publicam, em galego, os contos “Por pouco me quedo sen cartos” (Julho) e “Xente nova e leña verde todo é fume”⁷ (Setembro-Outubro). Gloria, ademais, consegue um segundo prémio no cer-

⁷ Ainda não tivemos a oportunidade de os lêr, e mesmo desconhecia a existência do de minha mai.



Xosefina Baamonde, de narradora na "Farsa das Zocas".

tame literario dos jogos florais do Colégio Minerva⁸ em Santiago, representando ao Colegio Fingoi, onde um Dom Ricardo exultante apresenta-lhe a Álvaro Cunheiro. Quando volta ao Colégio, Dom Antonio Fernández López diz-lhe a Gloria que se sente mui orgulhoso; o que a ela lhe causa uma fonda impressão e agradecimento: “*A auctoritas ou se tem ou não se tem, não se ganha; e Dom António tinha-a*” (Gloria).

Dom António os financiava, e Dom Ricardo os dirigia, mas havia outros mestres: intelectuais boémios qualificados acuvilhados no Fingoi, muitos deles represaliados polo franquismo anteriormente: Dom Angel de debuxo, “a Teixeira” de história, Chicha que dava em párvulos, Alicia de latim e grego, Pitita de cozinha, alguma professora de francês nativa; e Gloria depois recebeu aulas de francês de Xosé Luís Méndez Ferrín, de inglês de Bernardino Graña... Até o “choffeur” do Colégio fora um represaliado...

Havia aulas de ginástica, de música, de cozinha, de conduzir e de matérias comuns... Do aspeto avançado do Fingoi, dá boa conta alguma anedota. Não havia que ir a missa. Porém, nesses tempos não se podia obviar a religião, e ao pé do Colégio existia uma capela, onde às vezes se celebravam certas oferendas ou atos de carácter religioso, e se rezavam jaculatórias; como no mês de Maio, o mês das flores. Aí os alunos podiam levantar a mau, e formular livremente uma petição. Ante a olhada estupefacta dos assistentes, Gloria pediu o seguinte: “*Eu quisera rezar um padre-nosso e três ave-marias, polas muitas injustiças que se cometem neste Colégio*”.

Menção especial merecem as excursões, curtas e longas. Estas eram financiadas a praços nas mesmas mensalidades e tinham um carácter cultural. As curtas faziam-se com certa periodicidade por Galiza adiante aos domingos⁹, e as longas uma vez ao ano por diferentes lugares fóra ou dentro de Galiza.

Quando chegava o bom tempo, em primavera ou outono, aos domingos e acompanhados por algum professor (às vezes polo próprio Carvalho) visitavam diferentes lugares de Galiza. “*No colégio, preparavam-nos uns “bocatas” e fruta para comer. Vimos com os nossos olhos de nenos Portomarim antes de ser assulagado, o Courel, Sarria, Monforte, Santa Eulalia de Bóveda, Vilar de Donas e o Castelo de Pambre, Ferrol...*”. Os despraçamentos eram normalmente no bus do Colégio e às vezes de taxi, dado o reduzido número de alunos das turmas.

A excursão de fim-de-curso era obrigatória, Xosefina Baamonde realizou várias: Uma ao longo da costa cantábrica: “*Viajamos a Santander, Santillana del Mar, tivemos uma visita às covas de Altamira que ainda estavam virgens e apenas protegidas por uma cancela. Ali, tumbados e olhando para riba observamos maravilhados as pinturas e gravuras*

⁸ Atual Peleteiro.

⁹ Muitas vezes eram fastidiosas para professores e alunos porque na altura, o domingo era o único dia livre da semana.



*Em Santillana del Mar, 23/6/59.
Mari Carmen González, Josefina Franco, Teleta,
Xosefina Baamonde, Ana Fernández,
Dom Ricardo, Mari Loli Fernández,
Ana “da Primavera” e Juan Carlos Teijeiro.*

de “Alta-Mira”. Produziu-me uma grande emoção. Devia eu ter 14 anos¹⁰ [...] Em Bilbao visitamos os altos fornos. Provávamos também a comida típica de cada lugar. Eu provei pola primeira vez as angulas em Bilbao, e recordo abrir a boca polo picante da guindilha durante toda a tarde...”.

Nas excursões curtas e longas cada aluno tinha que fazer, de maneira obrigada, um diário das cousas que visitávamos e víamos, diário que havia que entregar ao final da viaje. Outra foi por Zaragoza, Barcelona, Montserrat... Outra por Ibiza, Valencia... Outra por Madrid, o Escorial e Toledo, onde visitamos os grandes museus... Outra com Dom Ricardo, foi pola Semana Santa de Zamora, Salamanca, Estremadura, passando por Cáceres e o teatro romano de Mérida, até baixar a Sevilha... Em Sevilha, escapavamos-lhe a Carvalho pola noite para ouvir as saetas. A tolerância era abonda e a aprendizagem continua, feliz.

Às vezes Don Ricardo deixava-nos o nosso próprio espaço, ir de compras... mentres nos esperava num café. Dom Ricardo e o Fingoi abriam as nossas mentes miúdas ao mundo...

Trás cursar sexto de Bacharelato, no curso 1960/61, Xosefina abandona o Fingoi e prepara o exame de grao pre-universitário¹¹, que a levará a Santiago a estudar Geografía e História e a meter-se nas folgas universitárias do

¹⁰ Xosefina acabou dedicando-se também ao ensino, como profesora de história em institutos de secundária. Voltou a Altamira, mas o recordo daquela primeira visita ficou-lhe gravado imborrável na memória.

¹¹ No Instituto Feminino de Lugo “Virgem dos olhos grandes”, já que no Fingoi não se podia fazer.

1968 compostelã, mas essa é outra história... A sua irmã Gloria, ainda há-de continuar em Lugo durante três cursos mais no Fingoi, e depois juntar-se-ão novamente em Compostela, para continuarem juntas os seus estudos universitários.

“A experiência do Colégio Fingoi foi fundamental na minha vida, na minha construção como pessoa. Não creio que as mensalidades chegassem para pagar tal excelência educativa, intuo que a filantropia de Dom António aportava o dinheiro que faltava. Graças a meu pai Dom Anselmo, a Dom António, a Dom Ricardo e aos outros professores do Fingoi, bons e generosos; devo a minha educação e o ter chegado a ser quem som”.



Recordo escolar. Teleta (Teresa Arias Froilán), Fina, Maricarme González, Marianela, Carvalho, Juan Carlos Teijeiro.

Velaquí imaxes de diversas celebracións no Fingoi de Don Ricardo, tanto dentro da actividade de cada día como en todo tipo de festividades.







A profesora Chicha Fernández Crespo dirixindo un ensaio.

Profesor e Director

A previsión inicial do fundador era que Carballo Calero fose non só destacado profesor senón tamén Director do Centro, se ben houbo que sufrir rixideces intanxibles pero sempre vixentes, e os antecedentes políticos e penais do profesor non eran os axeitados para ese cargo. E non foi Director, pero foi nomeado Conselleiro-Delegado, que viña ostentar a maior autoridade no Colexio, dependendo del a persoa que ocupase a dirección.

A dedicación ao centro (no que finalmente viviu) era absoluta, tendo afirmado que o tempo lle fuxía “entre as mans”, e o traballo “absórbeme a vida enteira, e nin saio de Fingoi nin fago outra cousa que traballar no Colexio”.

Carballo, nas cartas aos amigos íntimos (especialmente Fernández del Riego) nunca menciona abafos derivados do seu papel de profesor, mentres que son continuas as referencias aos problemas de dirección ou organización que van dende “o colexio absórbeme” (1952), “esto do colexio eche unha cousa moi seria” (1954), “son eu tragado polo colexio” (1955), “tarefas esgotadoras” (1958), “problemas administrativos de moito bulto” (1960), “os problemas do colexio abáfanme” (1964)... ata sentirse “esmendrellado e afogado polo traballo” (1965).

Do mesmo xeito, pode haber controversias sobre a súa rixidez, control, vixilancia... pero hai que facer constar a absoluta unanimidade sobre a excelencia das súas ensinanzas, das súas clases, do seu saber, do seu saber ensinar... e os seus alumnos e alumnas (quizais, estas, máis expresivas) gardan do seu maxisterio a mellor e máis agradecida das lembranzas.



Comunicación do Conselleiro-Delegado á Dirección.

*Era duro, pero ejemplar
en su dedicación
y en su empeño por
darnos una educación
extraordinaria,
imposible de olvidar*

Fernando Pardo Sánchez
Médico



En 1956 comencé mis estudios en el Colegio Fingoy, fundado por el empresario Don Antonio Fernández para la educación de sus hijos, los hijos de sus amigos, los hijos de los trabajadores del centro y los de quien pudiese pagarlo. De su dirección se encargó Don Ricardo Carballo Calero (Don Ricardo), que estuvo preso dos años en Jaén al acabar la Guerra Civil por su pertenencia al Ejército Republicano, y fue liberado en 1941.

El colegio era elitista y experimental: muy pocos alumnos (mi curso del bachillerato de Ciencias lo acabamos 5 alumnos), y mucha enseñanza no habitual entonces. Desde clases de danza, canto y música gallegas (yo llegué solo al tambor, no tenía cualidades para la gaita) hasta clases de agricultura (que incluían en algún curso una parcela de guisantes por alumno, con premio final a la mejor cosecha, injerto de frutales, etc.). También disfrutamos de contacto con animales (gallina ponedora / alumno) y matanza del cerdo en noviembre. Disponíamos de laboratorios de química y física, clases de taller mecánico y clases de conducir en un viejo Mini-Morris en 6º de bachillerato.

Siempre que el tiempo lo permitía en primavera, clases al aire libre en las fantásticas “carballeiras” cercanas al Colegio.

No olvidaremos los espectáculos para todos los familiares en Navidad y fin de curso, con la participación de todo el colegio en bailes regionales, ballet y representaciones teatrales.

A Don Ricardo le debemos que se representase en estos festivales a autores españoles del Siglo de Oro o autores universales malditos en aquella época, como Bertolt Brecht (“El círculo de tiza caucasio”), o que se recitasen versos desde la literatura griega hasta autores gallegos.

Es verdad que su dirección y sus normas eran espartanas y rígidas. Por poner ejemplos: no había libros, se estudiaba por apuntes cogidos al dictado en clase, horario continuado hasta las 20 horas, biblioteca de obligatoria asistencia o prohibición de llevar

tarea a casa (para eso había horas de estudio vespertinas). Más detalles: salida al recreo con boina los alumnos y pañoleta las alumnas (¡Sin eso, no había recreo!), obligación de comerse todo en el plato, prohibición de pasarlo a un compañero (mesas de cuatro de muy diferentes edades), codos pegados (servilletero bajo el codo con castigo si se caía)... Recuerdo la respuesta que le dio a mi padre cuando fue a verlo para decirle que yo tenía alergia a la remolacha (que acompañaba al pescado todos los viernes de cuaresma y me producía diarrea incoercible): “Cámbielo de colegio”. Y no lo hizo, afortunadamente...

Don Ricardo (apodado “Coppi” por su parecido con el famoso ciclista italiano) era temido por los pasillos y también en sus clases. Aunque el primer contacto académico real era la Literatura de 1º de bachiller, una extraordinaria experiencia. Y, sin duda, a él le debemos haber disfrutado de fantásticos profesores como Méndez Ferrín, Gómez Pacios, Vicente Devesa Jul, Chicha Fernández, Don Virgilio, M^{ra} Luisa, Ánxel Xohán, o Arcadio López Casanova.

En definitiva, Don Ricardo era duro, pero ejemplar en su dedicación y en su empeño por darnos una educación extraordinaria, imposible de olvidar en todos estos años, y que sin duda marcó la vida de muchos de nosotros, los que fuimos alumnos del Colegio Fingoy.



Homenaxe a Ramón Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega no Restaurante La Barra o 24 de marzo de 1951: Ricardo Carballo Calero, Adriano Pintos Fonseca e Luís Pimentel. Na esquina inferior da dereita, Luciano Fernández Penedo.

Gran profesor, me lo pasaba en grande en sus clases

Luis Abeledo Fernández
Empresario de transportes



Gran profesor, me lo pasaba en grande en sus clases (latín, filosofía, literatura...), no podía haber faltas de ortografía. Sus puntuaciones eran con alfabeto griego.

Gran director, muy riguroso en todas sus actuaciones, se rodeó de muy buenos profesores en todos los ámbitos, Don Ángel, Don Benedicto Cea, Don Vicente Devesa, Chicha (profesora de baile y canto) y otros muchos.

Tuve una relación muy personal, incluso después de salir del colegio; llamaba a mi padre y le decía: “A ver si dejas venir al chico conmigo a hacer un viaje”, e íbamos los dos a visitar alguna aldea.

Por otra parte, desde ingreso hasta 6º fui compañero de clase de “Chan” (María Victoria Carballo).

En Deportes, casi todos excepto fútbol. Y en cuanto a recuerdos, un hecho que me impactó mucho fue cuando Don Faustino Santalices vino a enseñarnos una zanfoña, y a tocarla, claro.

Con la perspectiva que da el tiempo, veo que fuimos unos conejillos de indias de aquella enseñanza que nuestros padres ni se podían imaginar, y si nos entregaron a esa “aventura” sólo se puede explicar por la fe que tenían en Don Antonio Fernández.

Recordo preadolescente do Director do Colexio Fingoi

*Bernardino Pardo Teijeiro, “Manu”
Médico*



“Coppi”, rata, peladillo. Así era como chamabamos a Carballo Calero, o noso profesor de literatura e director do Colexio Fingoi, mixto daquela, liberal, galeguista no posible e laico na medida do permitido.

“Coppi”, en homenaxe ó ciclista italiano Fausto Coppi, porque usaba unha bicicleta para subir a Lugo, xa que o colexio estaba fóra do casco urbano da capital e se accedía por un camiño de terra entre dous preciosos valados de laxas moi feitos. “Peladillo”, pola súa calva total. E “rata” porque camiñaba en silencio sobre uns zapatos de sola de goma elástica que non facían ruído algún, sixilosamente axexando ós alumnos para poder pillalos en falta... e mandalos ó estudo sen recreo.

A visión, ata este intre, é a normal que ten un neno de 13 anos do director do seu colexio.

Falaba castelán porque non quedaba outra daquela, pero os textos en galego nas representacións de Nadal e fin de ano, as panxoliñas ou o folclore en galego, estiveron presentes ó longo da nosa estancia no colexio, nos cursos nos que dirixiu Don Ricardo.

Profesor chapado á antiga, tiña claro que a letra con sangue entraba. Na clase de terceiro de bacharelato, 13 anos meus e derradeiro curso onde me deu Lingua Española (non había outra), colleu un lapis e preguntou á primeira da clase, Araceli: “¿Qué es un percutor?”. A boa da rapaza puxo cara de estar entre figos e brevas; dando un golpiño na mesa co lapis foi facendo a mesma pregunta a todos os ilustres membros da clase que puxemos a mesma expresión de sabedoría que Araceli. Cando rematou con nós deu dous ou tres golpiños máis na mesa e díxonos: “Percutor es todo aquel objeto que tiene capacidad de golpear, de percutir. Todos están castigados sin recreo”. Ninguén esqueceu o significado de “percutor” nin de “percutir”.

A pesar de estar practicamente prohibido o uso do galego no ensino, aproveitaba toda ocasión para introducir verbas en galego, aínda que ó seu xeito, e notádoselle moito as simpatías ou antipatías que profesaba ós alumnos. “¿Qué significado tienen sus apellidos?”, preguntounos un bo día do curso de terceiro.

Fomos pasando de un en un e foinos explicando con paciencia: “Fernández, hijo de Fernando; Ruiz hijo de Ruy; Pardo, un color que significa a una persona”. Cando chegou a min, a quen quería ben, disertou longamente sobre o segundo apelido: “Teijeiro, un lugar, un topónimo, Teixeiro, o bien un lugar donde proliferan los tejos, los árboles conocidos como teixos ou teixugos, o bien un lugar donde habitan los tejones, teixos ou porcos teixos. Está bien, siéntese”.

Tras de min viña José Ramón, non era santo da súa devoción, con aquelas gafas que lle daban aire de despistado e o incipiente bozo que o facía maior do que era: “Varela, ¿qué quiere decir Varela?”. A etimoloxía das verbas, como ós demais do curso, quedáballe a José Ramón á mesma distancia que os coñecementos de astrofísica. A súa cara de terror foi manifesta: “Varilla, usted tenía que apellidarse Varilla”, exclamou nun acceso de ira Don Ricardo, treméndolle as mans dirixidas ó noso compañeiro: “Sin recreo”. Aquel día zafamos todos excepto José Ramón, vítima propiciatoria diaria de Don Ricardo.

Eu sabía que lle caía ben, coma as irmás Herrero, as súas musas e pupilas avanzadas, porque as iniciara no nobre arte da poesía. O meu viña de familia, meu pai atendera nalgunha ocasión á súa dona, e admiraba á miña mai polo fermosa que era. Eu era dun natural falador, e como Don Ricardo comía connosco no comedor e había que darlle conversa, as nosas disertacións xantando eran longas nun falar por falar, que estou seguro que non tería sentido ningún pero que a el lle facía pasar o rato.

Comía pan tostado, dúas ou tres rebandas, porque padecía do estómago, e o noso deus era mangarlle unha antes de que chegase, e que el tivese que facer que non se daba conta para non montar lea, ou que rifase coas cociñeiras que miraban ós compoñentes da mesa con cara de odio. Normalmente, por prudencia, os da mesa non eramos responsables de tan ousado furto.

No comedor non tiñas que baixar a garda, se subías os cóbados para cortar a carne (eramos pequenos e entre a forza que tiñas que facer e a altura das mesas o labor era imposible para algúns) chegaba “o rata” por tras e metíache dous servilleteiros nos sobacos; como che caese algún deles xa sabías o destino: “Sen recreo despois de xantar”. Algún durmíu a sesta no estudo todos os días do ano.

Non era unha mala persoa nin un mal profesor, era un home fóra de lugar e fóra de época. Na visión actual dos feitos hai que entendela: represaliado pola súa galeguidade, refuxiado nun colexio que o protexía, pero no que a mesma protección o obrigaba a unha disciplina na que tiña que afastar as súas ideas e conviccións, a vida académica non debía ser de moita gratificación para el.

Un día entrou no estudo coma sempre en silencio, mensaxeiro dunha ameaza implícita: se volves a cabeza para ver quen entra, estás castigado ó día seguinte sen recreo. Esta lección aprendíamola todos ó terceiro ou cuarto erro, como moito. Os que non a aprendían eran considerados parvos. Camiñaba Don Ricardo arredor de nós nun silen-

cio sepulcral no que nos afanabamos en demostrar un interese extremo polo estudo, cando o aire abriu unha das bufardas superiores das ventás que abrían cara abaixo e tiñan unha cadea que as soportaba parcialmente abertas para ventilar aquel recinto ateigado de nenos e adolescentes. A cadea estaba rota e o pasador da bufarda golpeou violentamente na calva de Don Ricardo. O impacto foi brutal, e o home, aparvado polo golpe, camiñou ata unha cadeira onde a coidadora do estudio, a señorita Paz, trabataba de atendelo. Cando foi capaz de articular palabra só dixo apertando os dentes: “Grazas que me caeu a min e non a un distes nenos criados entre algodóns”. E erguéndose o máis que puido saíu do estudo con toda a dignidade da que era quen de demostrar. Luciu un tremendo croque no alto da calva que os nenos observamos na súa evolución multicolor ó longo de dous ou tres meses que durou o inverno.

Un refacho de aire estivo a punto de segar a carreira do primeiro catedrático de galego da Universidade de Santiago de Compostela no ano 1966.



Festa do Nadal, 1966.



Carballo, visto por Siro.

Teatro en tempo escuro

Araceli Herrerro, alumna de Carballo en Fingoi, afirma que “sen ser propiamente home de teatro, é unha figura clave na Historia do Teatro Galego no século XX”. Polo que ao seu tempo de Fingoi se refire, o traballo teatral de Don Ricardo tería brillado de xeito singular aínda que noutros centros e en Galicia en xeral florecese esta arte, pero este brillo é especialmente notable tendo en conta que se trata dun exemplo único no seu tempo e no país.

Tiña o profesor a querenza teatral da súa nenez no Teatro Jofre do Ferrol, e dispoñía de cadro de actores entre os alumnos mediopensionistas de Fingoi que, ademais, ao ser un inusual colexio mixto, lle ofrecía entusiastas protagonistas de ambos sexos.

Un satisfeito Carballo declararíaa Carmen Blanco que “celebrábamnos festas nas que procurábamnos a convivencia dos pais cos alumnos e cos profesores, e algunha desas festas foi moi sonada porque chegamos a representar -este aspecto do teatro é o máis interesante- cousas que sorprenden, “teatro noh” xaponés, por exemplo, pezas ou fragmentos de obras de Plauto, textos en francés, textos en latín, obras modernas, por exemplo, de Maurice Baring, e obras clásicas; nese sentido algún día debería escribirse a historia do teatro no Colexio de Fingoi, que sería un capítulo importante da nosa renacencia cultural da posguerra”.

Mención especial hai que facer da “Farsa das zocas”, baseada nun conto popular galego, obra de Carballo, representada en Fingoi sen mencionar quen era o autor; e a montaxe de “Pimpinela”, un dos lances de “Os vellos non deben de namorarse”, de Castelao, que cobrou vida no Colexio e tamén no Instituto Masculino de Lugo na clausura das clases de galego que impartía Arcadio-López Casanova, profesor bolseiro en Fingoi.



O teatro en Fingoi.



A farsa das zocas, de Carballo.

Unha persoa admirable pola súa rectitude, sabedoría e bondade

*M^a Carmen Herrero Figueroa,
“Macalí”*

Profesora



Durante os meus estudos no Colexio Fingoi e na Universidade, tiven a oportunidade de ter como profesor a unha persoa admirable pola súa rectitude, sabedoría e bondade, calidades que non só mantiña na actividade académica, senón tamén na vida cotiá, tal como puider comprobar por ser amigo dos meus pais. Trátase de Don Ricardo Carballo Calero.

Hoxe pídeseme que remita algunhas vivencias sobre el durante a miña etapa colexial que, no meu caso, comprendía dende o segundo ata o sexto cursos de bacharelato.

Recibín as miñas primeiras clases con Don Ricardo cando tiña dez anos no Colexio Fingoi. Os recordos das súas ensinanzas refiren un coñecemento amplísimo, e un moi motivador e significativo procedemento didáctico.

Ao ser nove picaros naquel segundo de bacharelato, a nosa aprendizaxe resolvíase dunha forma moi activa, o que permitía afianzar mellor os coñecementos e comprobar diariamente o noso progreso. Don Ricardo traballaba a partir dunha selección moi coidada de actividades, temas e textos, co fin de que espertasen o noso interese por aprender, potenciasen a nosa capacidade comunicativa e creativa, e nos transmitisen valores.

Entre os primeiros fragmentos cos que traballamos ese curso, dous tiñan como protagonista ao heroe de Vivar. Un foi “Castilla”, de Manuel Machado, onde nos admiramos da lealdade, grandeza e exemplaridade do líder medieval e, ademais de apreciar a plasticidade e outros aspectos estéticos dese poema, serviu ata como exercicio para corrixirmos o “ieísmo”. O outro texto, de “Las mocedades del Cid”, de Guillén de Castro, introduciunos no concepto do conflito dramático, neste caso co enfrontamento entre o deber e o amor.

Gozabamos non só coas lecturas ou recitacións de pequenos poemas de autores recoñecidos, como o do lagarto lorquiano, senón tamén coas dalgunhas redaccións escolares (que, algunha vez, ao resultar especialmente ocorrentes e divertidas, fixeron rir incluso a un profesor tan serio e contido como era Don Ricardo). E sempre resultaban distensivas as observacións interdisciplinarias relativas ao noso entorno, que

eran especialmente propicias nas saídas ao campo que rodeaba o colexio.

Tamén resultaba divertida a interpretación en coro de cancións tradicionais de diferentes zonas de España (“Si n’eren tres tambors”, “Noche lagunera”, “Asturias”...), baixo a alternancia dalgún de nós na batuta. No cuarto curso, con alumnos xa plenamente adolescentes, esta última actividade deixou de realizarse.

E foi difícil para todos nós (imaxino que tamén para os profesores) o cuarto curso, porque os programas das materias deviñeron nunha tremenda concentración de contidos dos que había que dar conta, si ou si, nos exames de reválida. Sería inimaxinable que os profesores e escolares de hoxe, de trece, catorce ou quince anos asumisen semellantes programas na súa totalidade.

No caso da materia que nos impartía Don Ricardo, ao estudo da métrica e dos recursos estilísticos, había que sumar toda a literatura universal (desde o “Mahabharata” e o “Ramayana” ata os nosos días), e un tema sobre o cine, e o xénero “chico” e a ópera.

Para retermos algunhas estruturas métricas, memorizabamos algún breve fragmento ou poema coñecido (por exemplo, a décima calderoniana do sabio que se lamenta da súa pobreza). Noutros casos, a partir dalgún modelo, Don Ricardo propoñíanos a creación propia (algúns facíámolo en galego) de pequenas poesías que tivesen a forma de quintilla, seguidilla con bordón, romance..., ou que ofrecesen determinados recursos literarios (leixaprén, paralelismos...). Comezamos xa a descubrir que algúns poemas deviñan providenciais para verbalizar e comprender mellor os nosos sentimentos e inquietudes, tal fora un poema de Verlaine sobre a melancolía.

O elemento interdisciplinario seguía presente, sobre todo no que se refería aos aspectos relativos ao contexto histórico das obras. Mostrábanos a relación entre obras, temas e personaxes de diferentes épocas, e ilustraba as súas observacións con referencias a figuras históricas interesantes.



Carmen Herrero con Carballo Calero.

E, como á vez que potenciaba o noso interese literario sobre un fragmento, obra ou autor, tentaba tamén reforzar a nosa autoestima, cando a ocasión era propicia, invitaba aos alumnos a intervir compartindo preferencias ou afeccións que conviña que os demais coñecésemos.

Por exemplo, Vicente Espinel prestábase a facer un inciso sobre a guitarra e os diferentes instrumentos musicais, e xa tiña quen, na nosa aula, podía dar boa conta do tema; tamén, ao explicar a simboloxía das flores ou das plantas silvestres, contaba coa intervención de quen gustaba de colecciónalas e sabía o seu nome en galego e castelán. Así foi como algúns aprendemos o que era a zanfona e que a “aulaga” era o noso toxo.

E, neses casos, eu creo que parecía seguir unha pauta en tres tempos que nos mantiña alerta: primeiro suscitaba unha cuestión ao respecto, logo preguntaba a dous ou tres alumnos que, posiblemente nunca repararan no asunto e quedaban expectantes; e, finalmente, dáballe a entrada a quen, por ter a devandita dedicación, ofrecía a resposta máis acertada. Era evidente a satisfacción persoal deste rapaz, cuxa autoestima crecía non só polo protagonismo que lle daba o acerto, senón, sobre todo, porque comprobaba que os seus intereses particulares eran valorados academicamente e dignos de ser compartidos e recoñecidos por todos nós.

Iso mesmo lograba Don Ricardo, ben cando lles publicaba algúns textos aos alumnos ou lles premiaban nalgúns concursos poéticos, ou ben cando lles propoñía colaboraren nas actividades culturais doutras institucións da cidade. Así foi, por exemplo, cando, como resultado de obter algún dos premios, asistimos aos “Xogos Minervais” do colexio Peleteiro en Santiago; e tamén, cando Don Ricardo nos levou para representar o lance de “Pimpinela” e recitar poemas na nosa lingua nos cursos de galego iniciados polo Instituto Masculino, e nas conferencias do Círculo das Artes. Os alumnos tivemos daquela a oportunidade de coñecer a escritores de sona: Piñeiro, Otero Pedrayo, Arcadio López Casanova, Manuel María... Este coñecemento viase reforzado coa selección, como profesores de Fingoi, de novas promesas literarias, como foron Ferrín, Bernardino Graña, Arcadio... en consonancia co proxecto de Don Antonio Fernández de incorporar como profesores do Colexio a intelectuais da cultura galega. Na miña etapa colexial tiven a fortuna de ser discípula tamén de Ánxel Xohán, Pacios, Cabanillas, Ferrín, Bernardino Graña e Vicente Devesa.

No Colexio Fingoi non tiñamos manuais, así que en sexto os nosos apuntes de literatura de cuarto foron a base para traballarmos. Porén, nese curso, precisabamos de certo tipo de libros de texto porque, ao non existiren nesa época multicopistas, nin fotocopiadoras, para dispoñer de fragmentos literarios máis amplos recorriamos á antoloxía de Correa Calderón. Para traballar algunhas obras completas facilitábanos os libros escollidos por cada un de nós, para despois facermos un pequeno traballo. Tamén confeccionabamos o noso propio álbum de autores actuais con recortes de prensa.

A actividade de estudos literarios viase reforzada coas representacións teatrais,

case sempre en galego, que Don Ricardo preparaba para a entrada no Nadal e para o fin de curso. Deste labor dá cumprida conta Araceli Herrero en “O teatro en Fingoi”. Con estas actuacións comprobamos, por exemplo, a conexión entre as narracións tradicionais da China e as nosas (“O círculo de xiz” e “O xuízo de Salomón”). E incluso soubemos de técnicas e autores contemporáneos que apenas se coñecían nas aulas escolares do momento, como era o caso de Brecht.

Todos os alumnos participaban en maior ou menor medida. E asignaba con moitísimo acerto os papeis, posiblemente en función dos trazos persoais de cada un. Recordo a moi boa interpretación de compañeiros que, seguramente, con este exercicio potenciaron as súas aptitudes comunicativas: a miña irmá Araceli, Xoán Carlos Teijeiro, Fina e Gloria Baamonde, Antonio Acuña, Carmen Canto, Carmen, Siña, Marcos e Manuel Fernández, Marianela... todos eles revelaron seren grandes intérpretes en recitais e obras teatrais.

Don Ricardo, que sempre observaba escrupulosamente a adecuación a aquel contexto escolar, escribira algunhas destas obras. Outros autores ou tradutores galegos tiveron cabida no repertorio (Cabanillas, Iglesia Alvariño, Ignacia Ramos...). Recordo o éxito de “A farsa das zocas”, “Señoras na modista”, “A ofrenda das fadas no portal de Belén”, “A oliña”, o lance de “Pimpinela” de “Os vellos non deben de namorarse” e “O



Carmen Herrero, “Macal”, como Pimpinela.

redondel”. Nesta última, a partir dunha tradución castelá de Cahn, Don Ricardo escribira en galego unha adaptación ao teatro infantil dun antigo drama chinés, “O círculo de xiz”, de Li Qianfu (Li-Hsing-Tao), do que tamén Brecht fixera una versión bastante diferente en alemán titulada “O círculo de xiz caucasiano”.

Nalgunhas representacións teatrais participei: comecei tendo un papel mudo (de doncela que lle levaba un vaso de auga a Enrique VIII), pero despois, na de “O redondel”, confiome o papel de Hai-Tang, e na de Castelao honroume co papel de Pimpinela, que interpretei seguindo fielmente as súas instrucións sobre os xestos, ton e ritmo.

E agora penso que tal vez contaba con que a miña personalidade retraída xogaría a favor das súas expectativas, porque, no monólogo final, aos poucos, empezábame a tremer a voz ata rozar o choro, co que a miña timidez lograba o seu posiblemente pretendido efecto identificador da intérprete co personaxe.

Non limitaba a súa misión á meditada impartición de clases ou á dirección teatral, coas que lograba que todos os alumnos, ata os que optabamos pola opción de ciencias, amásemos a literatura. Preparaba igual de concienciadamente as explicacións que nos daba, a primeira hora da tarde, sobre as zonas que habíamos de visitar nas viaxes culturais que o Colexio tiña proxectado, os domingos, pola provincia e, na Semana Santa, pola xeografía española. As súas explicacións espertaban a nosa curiosidade polas zonas que despois visitabamos; semellaba que trataba de confirmar as palabras de Don Quixote: “O que le moito e anda moito, ve moito e sabe moito”.

Realmente, pódese dicir que estaba dedicado a nós dende as 8:45, cando nos recibía ao entrar no Colexio, ata as 20:45, en que nos despedía para marcharmos ás nosas casas. Pero esa recepción e despedida non se facía por unha simple formalidade senón que, con iso, asegurábase o cumprimento dun procedemento do Colexio, consistente en que non levásemos o traballo para a nosa casa, pois, xa dentro do horario escolar, figuraban as horas de estudo precisas (no entanto, tal vez porque non sempre as aproveitabamos ben, en ocasións moi puntuais, os escolares lograbamos burlar dita norma ocultando na nosa cintura os cadernos que urxía repasar na casa).

Polo mediodía Don Ricardo compartía con nós o xantar, cada día nunha mesa diferente. Sentabámonos catro comensais de moi distintos cursos en cada mesa, polo que todos os rapaces, calquera que fose a idade, cando remataban o colexio, coincidían con todos na mesma entrañable familia escolar. Tamén entón, como se dun xogo teatral máis se tratase, o noso director adestrábanos nun protocolo co que aprendíamos a manter no comedor o mesmo grao de urbanidade que se propoñía lograr no conxunto das relacións escolares.

En definitiva, tamén a adquisición de valores, normas e hábitos sociais dos alumnos dependían, en gran parte, deste profesor, polo feito de sermos mediopensionistas. Ata ficaba alerta nos recreos e nas outras xornadas de lecer, como eran as mañás dos

sábados (e dos domingos, se non se tiña programada algunha excursión). Así pois, a súa responsabilidade estendíase ata abarcar gran parte da aprendizaxe, afianzamento e asimilación daqueles valores e normas que nos facilitasen a convivencia social e, en definitiva, a vida.

Durante toda a miña estancia en Fingoi tiven a fortuna de admirar de cotío a capacidade de traballo, o alto grao de coñecementos e autoesixencia, e a bondade e integridade dun profesor intachable e excelente, ao que debo unha parte fundamental e valiosa da miña formación: Don Ricardo Carballo Calero.



Despois dun festival de fin de curso.

Fingoi era un oasis pedagóxico no contexto educativo da España franquista

Gloria Baamonde Traveso
Profesora Titular de Universidade



Eu cheguei ao colexio Fingoi cando tiña doce anos, no curso 1957-58. Antes estiven a estudar por libre. Iso quería dicir que estudaba pola miña conta coa axuda de meu pai, no tempo que lle deixaba libre a súa escola mixta (que sempre era pouco), e ao fin do curso, en xuño, ía examinarme ao Instituto Femenino de Lugo.

Mentres me foron chegando os coñecementos da escola, non tiven problema, pero ao chegar a segundo, a cousa foise complicando: entre xuño e setembro non logrei aprobar as materias necesarias para pasar de curso e tiven que repetir. Meu pai decidiu mandarme ao colexio Fingoi, onde xa estaba a miña irmá, Xosefina.

Fingoi era un oasis pedagóxico no contexto educativo da España franquista. Cando eu cheguei alí Don Ricardo Carvalho Calero era o director do colexio e daba clase de lingua e literatura españolas en tódolos cursos do bacharelato. Aí comezou o meu contacto con este educador que tan fonda influencia tivo na miña vida. Chámolle “educador” porque el non se limitaba a transmitir coñecementos desta ou daquela materia, senón que, dentro do ideario do colexio, que seguía as directrices da “Institución Libre de Enseñanza”, procuraba a formación integral dos alumnos.

Deseguida encontreime valorizada, pois Don Ricardo estimaba moito que soubésemos falar galego. Eu viña da aldea e era unha rapaciña galegofalante, cousa que me deu gran prestixio aos seus ollos. El sacábame ao estrado da clase para ensinar ao resto dos alumnos as diferenzas entre o sistema vocálico galego e o castelán, pois eu distinguía sen dificultade o “oso” animal con “o” fechada do “óso” (do esqueleto) con “o” aberta, ou “ven acó” do “o carro vén aí”.

Tamén é verdade que noutras expresións metía a zoca e Don Ricardo corríxame sempre, pois afirmaba que había que falar ben o galego, pero igual de ben o castelán, por iso non admitía expresións incorrectas en castelán. Por tanto, nada de “voy hacer, voy comprar”.

Sempre era esixente connosco e nos pedía que lésemos e nos documentásemos antes de falar de calquera tema. Recordo que o primeiro ano que estiven en Fingoi

mandounos facer unha redacción comparando as terras da Mariña e as da meseta de Lugo. Eu, que oía a miña nai falar da montaña para referirse á terra de meu pai (Cospeito) e dos seus familiares, escribín toda unha morea de despropósitos falando dos moitos accidentes de relevo propios da “montaña” en contraste coas grandes chairas da Mariña. En canto a leu chamoume a capitulo e díxome que precisamente o que eu consideraba montaña chamábase “A Terra Chá”, e levoume á profesora de Xeografía (Srta. Teijeiro) para que me mostrase o mapa. Despois de ben informada e de facer eu mesma o mapa, refíxen a redacción e nunca máis esquecín as características do mapa de Galicia.

O colexio, amais de atender ao ensino regrado, tiña moitas innovacións que aínda hoxe chamarían a atención: poñían moito interese na hixiene persoal do alumnado -lavábase as mans antes de cada comida, tres veces ó día dentro das horas de colexio (ás once, ó almorzo e á merenda), e tamén lavábase os dentes despois de cada unha delas; coidaban con esmero darnos unha dieta equilibrada-. Pero non me vou a estender máis nestes detalles. Conteí uns, pero podían ser outros.

Interésame agora centrarme nas moitas e moi variadas actividades extraescolares que practicabamos diariamente, semanalmente e anualmente. Nalgunhas delas Carvalho Calero tiña un papel determinante en tanto que profesor de lingua e literatura. Era el o que escollía as pezas que habían de representarse nas funcións de Nadal e nas da fin de curso. Escollía por igual obras en galego, obras orixinalmente escritas en castelán ou traducidas ao castelán, calquera que fose o idioma orixinal da súa escrita.



Maricruz Truque, Don Ricardo e Gloria Baamonde.

Cando eu entrei no colexio sorprendíame coa primeira peza que vin representar alí: tratábase, como confirmei moitos anos despois, dun mimo¹² grego da época helenística escrito por Herodas (século III a. de C.). Era este un subxénero chamado “*mimiambi*” en razón da súa métrica (verso yámbico), peccións curtas escritas en forma dialogada que presentaban escenas da vida urbana, con personaxes estereotipados, tales como a dama celosa, o pedagogo, o rufián ou o “alcahuete”. O ton delas era desenfadado e, en ocasións, chegaba a ser obsceno.

O representado en Fingoi era o do zapateiro que atende ás súas clientas e failles probar os zapatos con comentarios de todo tipo: sobre a boa feitura dos zapatos fabricados por el, sobre o seu color, ou sobre o bo encaixe dos mesmos nos pés das mulleres. Non faltan tampouco os comentarios sobre outros aspectos da vida delas (as relacións cos seus homes, os asuntos económicos, etc.). Nesta ocasión a peza estaba representada polas alumnas dos cursos superiores do bacharelato que se movían con soltura e elegancia.

A min gustoume tanto que a recordei toda a vida, e andando o tempo, nas miñas clases sobre o xénero teatral na Universidade de Oviedo, aínda botei man dela para exemplificar como o diálogo dramático invita a determinadas entoacións, a determinados xestos ou movementos.

Despois deste bautizo, pouco a pouco eu fun entrando nos cadros de actores do colexio. Para esa entrada creo que foi decisiva unha práctica moi do gusto de Don Ricardo: a declamación de poemas. Con certa frecuencia encargábanos a memorización de un ou dous poemas, que recitábamos na clase ou co gallo dalgunha festividade sinalada. Cheguei a gañar moitos deses concursos, e aínda conservo algún dos libros con que me premiaba Don Ricardo ou o xurado, xeralmente nomeado para a ocasión. Anos despois, cando Carballo Calero pasou a formar parte do profesorado da Universidade de Santiago de Compostela, coincidín con el nos cursos 1967-68 e 1968-69, e conservei o meu prestixio de lectora, pois seguiu encomendándome a lectura dos textos dos autores ós que se dedicaba o Día das Letras Galegas mentres estiven na Universidade.

As funcións que se facían no Nadal e en xuño, ao final do curso, eran longas e nelas recollíase o froito das variadas actividades extraescolares. Podía intervir o coro, a banda de gaitas formada por alumnas e alumnos, acostumaba haber bailes galegos, pero tamén ballet clásico. Para rematar a función representábase a obra escollida. Os organizadores procuraban a participación de todo o alumnado: dende os grupos de párvulos aos alumnos do bacharelato superior, pasando polos dos grupos do ensino primario ou

¹² Hai que ter en conta que a palabra “mimo” adquiriu co tempo o significado de peza dramática na que a palabra foi substituída por xestos, mímica, danza e música, o texto do cal é un pequeno guión orientado á posta en escena.

os do bacharelato elemental. A min non me levaba a idea bailar os bailes galegos tan habituais en Fingoi, tampouco era boa para o coro, aínda que formaba parte del como tódalas alumnas e alumnos do Fingoi. Miña irmá era unha das solistas do coro. Eu só conseguín destacar como recitadora de poemas ou como actriz nos diferentes papeis que me foron encomendados.

En máis dunha ocasión fun a actriz principal escollida por Carvalho para algunha representación. Das que me lembro con certeza son “*A farsa das zocas*”, obra do propio Carvalho, en xuño de 1959, “*O círculo de xiz caucasiano*” de Bertolt Brecht, e unha adaptación de Henrique VIII (de Shakespeare?) na que só aparecían dous personaxes, Henrique VIII e unha das súas mulleres, quizais María Tudor. Sinto non poder recordar tódalas obras nas que fun actriz principal, pero teño idea de que tamén fun Antígona na representación de “*Antígona*” de Jean Anouilh.

Como se pode ver a través dos títulos e dos autores, Carvalho Calero preocupouse de que os seus alumnos coñecesen non só a literatura galega e a española, senón tamén a literatura clásica, a europea e a universal. Cando eu facía o sexto curso do bacharelato, dedicou un trimestre a explicarnos os autores e as correntes da literatura europea e da norteamericana de finais do século XIX e de principios do XX. Deste xeito, cando cheguei á Universidade, non me colleron de sorpresa nomes como Eça de Queiroz, Sartre, Camus, Pirandello, Kafka, O’Neil, Faulkner, Walt Whitman e tantos outros. A presenza de Méndez Ferrín ou de Bernardino Graña como profesores de Fingoi mentres eu estiven alí contribuíu a este “*aggiornamento*”.

Hai outro aspecto do maxisterio de Carvalho Calero que me gustaría sinalar: o seu afán por estimular a creatividade dos seus alumnos. Sempre nos invitaba a participar



Gloria Baamonde Traveso.

2.º PREMIO GALLEGO

GLORIA BAAMONDE TRAVESO

(Colexia Fingoy - Lugo)

I
 Chegás a outono,
 As poucas follas que lle restan
 á vello castiñeiro
 na última primavera, caeran.
 Agora empezaba a chover.
 Á auga era fría
 e esbaraba polas espidas pelás.
 Pouco a pouco chegaba
 á punta das palas.
 Doulle así coa á terra,
 como se fosen lagoas,
 que estian
 do vello castiñeiro caçada.
 Eu non sei
 se choraba ou non,
 pero estaba tan vella,
 tan sol e tan triste
 que había mo parez
 que tiña razón pra chorar.
 (Non, é verdade?)



La Srta. Gloria Baamonde Traveso, recibiendo la medalla conmemorativa. Foto Almeida

II

Unha mañá de abril saía
 [aldea.
 Xentá.
 Entre dous ríos unha araba
 [floreu a súa tea.
 As pingotas de aranda
 adentroulla.
 E as primeiras raibas da sel
 pintáronlla.
 Quixen acríncala,
 alouposti a moa...
 e desistina.

III

As primeiras estrelas
 apareceron no ceo,
 despois unhas nubes moitas
 cubreron todo.
 Por fin así a lúa.
 Nas fontes e nos ríos,
 vaíse mirando
 como unha moza presumida.
 As augas queren dormila,
 e arribalana,
 pero alá non tes moa,
 e, como se negara
 de secundala,
 vaíse.

Lembranzas dos Xogos Florais do Colexio Minerva.

en tódolos concursos de contos ou poemas dos que tiña noticia, ben a través das revistas ou ben a través das propostas que lle chegaban doutros colexios. Escribíamos os textos e despois el encargábase de mandar os mellores para a súa publicación. Cando eu cursaba sexto curso do bacharelato, o derradeiro que se podía facer en Fingoi, veu un día don Ricardo a propoñernos que escribisemos uns poemas para mandar aos primeiros Xogos Florais que o Colexio Minerva celebraría en marzo de 1963 co gallo das festas de San Xosé. Meteunos na biblioteca e estivo alí con nosoutras -todas eramos mulleres nese curso- até que os poemas estiveron feitos. Eu fun a última en saír da biblioteca.

Un tempo despois, Carvalho chegou entusiasmado á clase para dicirme que os meus poemas conseguiran o segundo premio de poesía en lingua galega. El sabíao ben pois formara parte, como vocal, do xurado que estivera presidido por Don Henrique Moreno Báez¹³. Don Ricardo díxome que tiñamos que ir a Santiago a recoller o premio. Pouco podía eu imaxinar o rebumbio que me agardaba. Non sei como amañei. Desde logo foi meu pai comigo. Alí xa estaba miña irmá a estudar na Universidade Compostelá. Entre os tres arraxamos de presentarnos primeiro no Colexio Minerva, onde fixemos o ensaio da función que se celebrou ás sete da tarde do día dezaioito de marzo de 1963 no Hostal dos Reis Católicos.

Eu quedei superada pola función da entrega de premios: houbo moitísima xente. Alí estaban moitos dos que despois serían os meus profesores na Universidade Compostelá. Alí estaba o escritor Álvaro Cunqueiro, que actuaba como mantedor dos Xogos Florais. Don Ricardo presentoume, e el, ó saber que eu era de Cedofeita, púxoseme a falar do cura Agrelo que vivira en Mondoñedo e fora o derradeiro home que levaba fibelas de prata nos seus zapatos. Con tanta xente e tanta conversa a min esqueceume saír para avisar a meu pai e a miña irmá para que entraran á merenda que nos ofreceu o Colexio Minerva no propio Hostal. Ao fin dei na conta do meu erro e saín buscalos.

Despois desta festa, aínda seguín en Fingoi até que rematou o curso e me presentei, como alumna do colexio, á reválida de sexto.

No outono dese mesmo ano fun para Santiago a facer o preuniversitario ao Instituto Rosalía de Castro, para seguir despois coa licenciatura en Linguas Románicas que rematei no ano 1969. Como xa quedou dito máis arriba, a miña relación con Carvalho continuou, pois tamén el chegou como profesor á Universidade e aínda alí me axudou e promocionou todo o que puido. Por iso, a miña gratitude para con el será eterna mentres viva.

¹³ Os demais vocais foron os seguintes: Don Manuel Rabanal Álvarez, Don Benito Varela Jácome e Don Faustino Rey Romero. Actuou como secretario Don Avelino Abuín de Tembra.

Director estricto y profesor no menos rígido y exigente

Juan Carlos Teijeiro Castro

Ingeniero T.A. en Explotacións Agropecuarias



Los recuerdos de la infancia, normalmente, son engañosos porque la memoria humana tiende a olvidar los malos recuerdos y se centra exclusivamente en los buenos momentos. Regresar a los 12 años, que es cuando entré en el colegio Fingoy, requiere un esfuerzo para separar la memoria idílica de mi estancia allí, de una realidad no tan idílica, más parecida a lo que realmente era la vida de un niño de los años 50 en un colegio especial y distinto a todos los demás.

En ese entorno dominaba, sobre todo, la imagen de Don Ricardo, así era como se le conocía entre los alumnos. Director estricto y profesor no menos rígido y exigente. Visto desde la perspectiva del tiempo transcurrido, hay que agradecerle su dedicación para encauzar a aquel grupo de alumnos que lo que menos querían era aprender, y sobre todo a los que sentíamos más inclinación por las ciencias que por las letras.

Así pues, tengo que agradecerle a Don Ricardo sus enseñanzas de lengua y literatura y, sobre todo, la formación paralela que nos daba, léase trabajos de composición literaria, lecturas con declamación, tanto en prosa como en verso y, por encima de todo, el teatro. Dos veces al año, como un trabajo más del curso, llegaba el temido momento del reparto de papeles para la obra que representábamos como fiesta navideña o de fin de curso.

No sé si aquello influía en las notas o no, pero nos lo tomábamos como si de un examen se tratara. Quizás de ahí vino mi afición al teatro, afición que en mi época de estudiante en Madrid me llevó a frecuentar los teatros, con entradas de clac, por supuesto, y disfruté de algo que probablemente no habría descubierto de no haber sido por sus enseñanzas.

Una de aquellas representaciones recuerdo que nos había dicho que iba a ser un estreno en toda regla, una primicia. Se trataba de “A Farsa das zocas” y, visto el interés especial que puso y, no sé muy bien a través de quién, descubrimos que él era el autor. “El círculo de tiza”, “El zapatero” de Herondas, “El enfermo imaginario” de Molière, y otras más que no recuerdo, fueron nuestra pequeña aportación al teatro dentro del ámbito escolar, todo bajo su dirección.



*Teatro: Juan Carlos Teijeiro, Marianela Fernández Fernández,
Carmen Fernández Fernández ("Camolas"), Maricruz Truque e Josefina Franco.*

Sus alumnos le deben también el conocimiento de la literatura gallega, que en aquellas fechas raro era el centro que le dedicase atención.

Creo que es mucho lo que le debemos a Carballo Calero en cuanto a enseñanza se refiere, incluso en urbanidad, esa enseñanza que hoy en día ha desaparecido del mapa, y eso hay que ponerlo en la parte positiva de su paso por nuestras vidas. Pero hay algo que quizás se echaba de menos, un poco de empatía, algo más de contacto humano, lo que hacía que se le tuviera mucho respeto, lo que para algunos y en muchas ocasiones se transformaba en miedo.

De res varia: ieísmo, teatro, música

Fernando López-Acuña López
Correspondente da R.A.G.



Don Ricardo...

Non podo precisar cando coñecín a Don Ricardo, á súa muller, Ignacia Ramos (dona Nacha -estudara no instituto en tempos do meu pai-, que con nós era una persoa marabillosa) e as fillas, Magalí e Chan, ás que gardo un cariño especial. As dúas déronme clase, e Chan, ademais, fora compañeira no colexio cando eu era pequeno.

Eu debín entrar no colexio sobre o ano mil novecentos cincuenta e catro, cinco ou seis, e xa coñecía a Don Ricardo. Meu irmán Antonio, xa estudaba alí, e nós vivíamos tamén no lugar de Fingoi, nun pequeno chaleciño, preto do colexio, así que éramos veciños e viámonos algunhas veces fóra do centro escolar.

Si, moitos son os recordos da miña nenez e da miña adolescencia que gardo de Don Ricardo en Fingoi. Dun Don Ricardo do que hoxe gardo, na miña biblioteca, unha gran parte da súa obra e da produción bibliográfica que sobre el existe. Dun Don Ricardo que, e non teño a menor dúbida, foi un dos profesores -como o foi o propio Colexio Fingoi- que máis influíu na miña formación. Dun Don Ricardo que, a pesares de pasar 30 anos desde o seu falecemento, a súa lembranza e a súa imaxe fican totalmente nítidas en min.

Para este libro de homenaxe para o que se me pediu unha colaboración escollín tres pequenas vivencias. Unha, sobre a súa paixón pola palabra, pola dicción; outra, sobre as representacións teatrais de “*O círculo de xiz*”, e a terceira sobre a posta en escena de “*Pimpinela*”, en 1965, no Instituto Masculino de Lugo, e o seu gusto pola música.

Como se sabe, no plan de estudos vixente entón, o ingreso, a incorporación ao bacharelato, significaba un cambio substancial nas nosas vidas, pasábamos á categoría de “maiores”, e creo que en Fingoi este salto estaba moi marcado, non só no concenente aos estudos, senón á responsabilidade que se nos esixía.

Unha das materias difíciles que tiñamos en Fingoi cando chegábamos a primeiro curso de bacharelato era a Gramática Española, materia impartida por Don Ricardo, por Carballo Calero, o director do Colexio, aquel home que xa desde moi pequenos impoñíanos moito respecto pola súa autoridade e seriedade.

Aquelas clases, ás que nós asistíamos cun certo temor, eran magníficas. Creo que todos os rapaces e rapazas tiñamos conciencia de que Don Ricardo “era un sabio”, un sabio moi esixente, e sabíamos que saír “indemne” desas clases era difícil, aínda que non imposible.

Mais das clases, eu destacaría, por non ser habitual entón, a atención que prestaba á lingua falada, non só na súa materia senón tamén na vida diaria do Colexio que el controlaba.

Dicir “Madriz”, “Madri”, ou “Madrit” en lugar de “Madrid”; “he estao” en lugar de “he estado”; “azmiración” en lugar de “admiración”; “ación” en lugar de “acción”, era algo impensable no Colexio Fingoi que dirixía Carballo Calero.

Acórdome como nos ensinaba a pronunciar, a articular, o “d” (dental, oclusivo, sonoro) en posición de coda final de palabra “Valladolid”; como nos indicaba que o son debía debilitarse ou enordecerse sen chegar a desaparecer. Don Ricardo era moi esixente na pronuncia. Pero se había algún son que o exasperaba se non era correctamente pronunciado era o do dígrafo “ll” (ele dobre): o ieísmo. O son do ele dobre (ll) era palatal lateral sonoro, e para explicalo estiraba o brazo abarcando a man, a modo de lingua, para que víramos como debíamos colocala, e cando isto non xurdía efecto, mandábanos abrir a boca e, cunha regra ou un lapis, oprimía a parte central da nosa lingua co fin de arqueala ao mesmo tempo que debíamos emitir o son, o que se translucía, na maioría dos casos, en numerosas arcadas, e a conseguinte recriminación.

O feito de non pronunciar correctamente este son foi causa de moitos choros e desgustos das nosas compañeiras pequenas cando, no comedor, á hora do xantar, eran incapaces de indicar, nunha perfecta dicción, o menú que íamos xantar ese día, se se trataba, por exemplo, de “caldo gallego” ou de “paella”.

Outro dos temas que elixín para esta homenaxe é un pequeno comentario sobre unha das representacións da obra de teatro “*O Círculo de xiz*”, na “adaptación e versión galega nun acto para teatro infantil (1951)”, realizada por Ricardo Carballo Calero, sobre a tradución da obra do escritor chino do século XIV Li Hsing-Tao feita por Alfredo Cahn (Colección Austral, núm. 215, 1947).

Desta obra que, cando menos, se representou en dúas ocasións, gardo o texto escrito a man polo meu irmán Antonio, feito nunhas follas dun caderno dos que daquela usabamos no colexio. O texto está todo en castelán e o reparto e o seguinte: “Juez, Antonio López-Acuña; Secretario, Roberto Rico Díaz; Alguacil, Marcos Fernández Puentes; Ayudante 1º, Santiago Fernández Puentes; Ayudante 2º, Jaime López Iglesias; Hai-Tang, Carmen Herrero Figueroa; Señora Ma, Olga López Boullosa; Señor Pe, Fernando Alonso; Señora Lin, Asunción Fernández Puentes; Señora Chang, Carmen López; Chu-Lang (non aparece reseñado); Porta-estandarte, Miguel Rico Díaz”. Quero dicir que neste reparto figura riscado o nome do Secretario e aparece, escrito coa miña letra, o meu. Non lembro esta representación.

Da que si me acordo é de outra, quizais a segunda, en que eu facía de Secretario, aínda que agora o texto era en galego, agás o personaxe do Secretario, que era eu, e que falaba en castelán. Este dato que proporciono, e que non vin recollido en traballos realizados sobre o teatro do noso profesor, creo é interesante no campo do estudo especializado da obra do noso homenaxeado. Neses días a Don Ricardo tocáralle xantar na nosa mesa, no comedor do colexio, e eu preguntáralle por que o Secretario do tribunal de “*O círculo de tiza*” falaba en castelán. A resposta xa se sabe: eu, o secretario, era o funcionario do Estado, e como tal, utilizaba a lingua do poder.

“*O círculo de xiz*” vai ser publicado polo autor no seu “Teatro Completo” (Edicións do Castro, 1982) baixo o título de “*O redondel*”, e o papel do Secretario, que eu dixera en castelán, aparecerá, agora, na nosa lingua.

O uso do castelán, lingua do estado utilizada polos funcionarios, fronte ao uso do galego, lingua do pobo, foi un recurso usado polos nosos dramaturgos naqueles anos nos que se quería deixar constancia do feito lingüístico en Galicia. Esta técnica utilizouna o grupo de teatro “O Facho” en “*Paco Pixiñas e a nave espacial*”, obra que, baseada en textos de Celso Emilio Ferreiro e carteis de cego de Isaac Díaz Pardo, foi estreada no festival de Teatro de Ribadavia de 1977. Este grupo xa representara en 1975, no terceiro festival de Ribadavia, “*O auto do prisioneiro*”, de Don Ricardo Carballo Calero, obra que xa se dera a coñecer no segundo festival daquela vila, en 1974, polo grupo de Teatro do Instituto Mixto de Vilalba baixo a dirección de Hortensia Blanco Ramos.

Como ben saben as nosas compañeiras Araceli Herrero Figueroa e Carmen Blanco, grandes estudosas da obra de Carballo, así como todos os que dalgún xeito participamos nas representacións teatrais, Don Ricardo sempre se sentiu moi satisfeito das actuacións que o grupo de teatro de Fingoi fixera do lance terceiro de “*Os vellos non deben de namorarse*”, é dicir, de “*Pimpinela*”, no ano 1965, representacións que tiveran lugar no Colexio e no Instituto Masculino de Lugo, tema que anos despois foi estudado pola nosa amiga e compañeira Araceli Herrero Figueroa nun interesante traballo publicado no libro-homenaxe realizado polo Parlamento de Galicia e a Universidade de Santiago ao noso profesor no ano 2002.

Acórdome das representacións, pois formaba parte do coro de rapaces e rapazas que esixe o reparto, e que na posta en escena de Don Ricardo adquire un papel moi superior ao sinalado por Castelao, xa que este asumirá, totalmente, os cantos do mozo -canta en tres ocasións- (Escena V), cantos que son substituídos por un só, que posiblemente non sexa de Castelao, senón do propio Carballo Calero, e que aparecerá en diversos momentos da obra a modo de “leitmotiv”:

Pimpinela, Pimpinela
Mixiriqueira e noviña.
Onte solteiriña e probe,
hoxe casadiña e rica.

Tempo de Alalá.

Pen - pi - ne - la, Pen - pi - ne - la, mí - xi - ti - quei - ra e no - vi - ña,
 on - te sed - sei - ri - ña e pro - be, ho - ta - ta - ta - di - ña e ri - ña.

Hei dicir que, no texto de “*Pimpinela*”, publicado na “*Escolma posible*” de Castelao, de Marino Dónega (Galaxia, 1964), que foi o utilizado por Don Ricardo para a nosa “*Pimpinela*”, coma nas distintas edicións que manexei de “*Os vellos non deben de namorarse*”, non atopei esta cantiga.

Nesta “*Escea V*”, e substituíndo algún dos cantos do mozo, o coro cantaba unha estrofa do coro final da obra:

Dispois do que me fixeches
 xa non che teño afición
 cantan outros paxariños
 dentro do meu corazón.

Tempo de foliado.

Dis - pois do que me fi - xe - cheis, xa non che te - ño a - fi - ción,
 can - tan ou - tros pa - xa - ri - ños, den - tro do meu co - ra - zón.

“*Pimpinela*”, aquela obra que Castelao tiña en mente como obra independente, como lle ten comentado o propio Castelao a Don Ricardo, un día paseando pola rúa do Franco en Compostela, terminou converténdose nun dos lances de “*Os vellos non deben de namorarse*”, lance que remata coa intervención do coro, coro que, na interpretación de Fingoi, incluírá a estrofa escrita polo noso director de escena.

Pimpinela, Pimpinela
 Mixiriqueira e noviña.
 Onte solteiriña, e probe,
 hoxe casadiña, e rica.

Aquel amor que che tiña
 era unha fror e murchouse,
 i agora, Pimpineliña,
 o meu amor acabouse.

Tés chambras de raso, panos e refaixos,
 téis medias de seda, téis zapatos baixos;

pero xa non téis o que tanto valía,
 a mirada limpa que eu tanto quería.

Dispois do que me fixeches
 xa non che teño afición,
 cantan outros paxariños
 dentro do meu corazón.

Tés cambras de raso, panos e refaixos,
 téis medias de seda, téis zapatos baixos,
 pero xa non téis o que tanto valía,
 a mirada limpa que eu tanto quería.

Tempo de Alalá.

Pim - pi - ne - la, Pim - pi - ne - la, mi - si - ri - quei - ra e no - vi - ña,
 on - te sol - tei - ri - ña e pro - be, ho - xe ca - sa - di - ña e ri - ca.

Tempo de foliado

1ª A - quel a - mor que che ti - ña e - ra un - ha fror e mur - chou se -
 2ª Dis - pois do que me fi - xe - ches xa non che te - ño a - fi - ción.

i a - go - ra Pim - pi - ne - li - ña o meu a - mor a - ca - bou - se
 can - ta - ron - tros pa - xa - ri - ños den - tro do meu co - ra - zón.

Tés cham - bras de ra - so, pa - nos e re - fai - xos, téis me - dias de
 so - xa non téis o que tan - to va - li - a, a mi - ra - da

se - da, téis za - pa - tos bai - xos, pe -
 lim - pa que eu tan - to que -
 1.
 2.
 D.S.

Ao ensaio xeral da representación de “*Pimpinela*” que ía ter lugar no Instituto Masculino de Ensino Medio de Lugo como remate dos Cursos de Lingua Galega, que organizados polo Grupo Cultural Ronsel estiveran a cargo do noso profesor Arcadio López-Casanova, asistira don Ramón Otero Pedrayo, a grande figura da literatura galega, que impartía a última conferencia das xornadas.

Para nós era unha grande honra. Estábamos orgullosos. Todos sabíamos quen era Don Ramón. Don Ramón ía algunhas veces por Fingoi, e é máis, eu lembro que nunha ocasión deunos unha clase de xeografía. Don Ramón era o autor da “*Geografía de Galicia*”, era o autor daquel tomo publicado por Galaxia que levábamos nas viaxes de estudos que o Colexio programaba, por cursos, os domingos.

Remato estas vivencias coa lembranza da emoción que nos producía a todos, incluído Don Ricardo, o canto.

Se moitos de nós gardamos un fermoso recordo daquel canto colectivo que algunhas veces facíamos xuntos todos os alumnos do colexio, despois de xantar, na antiga sala de estudo da planta baixa do edificio, na que interpretábamos as cancións galegas recollidas no “*Cancioneiro de Fingoi*”, creo que a todos os alumnos de Don Ricardo aínda nos conmoven dúas cancións que ao rematar as súas clases, se quedaba tempo, cantabamos baixo a súa dirección: a canción pastoril, “*Ya se van los pastores a la Extremadura*” e a cantiga galega “*Quén me dera en Lobeira*”, a fermosa obra popular harmonizada por Antón Iglesias Vilarelle, cancións que Don Ricardo nos facía cantar, e que el cantaba e dirixía simplemente por puro pracer estético, por puro pracer sensorial, quizais recordando unha das súas vocacións, non cumprida, a de ser director de orquestra.

O Día das Letras Galegas de 2020 vai estar dedicado a Carvalho Calero. Cando recibín unha comunicación da Real Academia Galega anunciando este feito sentín que a distinción se lle concedía “a un dos meus”. Unha das grandes figuras do galeguismo do século XX fora o meu profesor. Eu, fora o seu discípulo.

Homenaxe en Lugo a Carballo Calero en marzo de 1972.

Á esquerda, Virgilio Rodríguez, profesor de Física e Química en Fingoi; Carballo abraza a Manolo Fernández; ao fondo, Bernardino Pardo Ouro.



Carballo Calero: “Algún día debería escreberse a historia do teatro no Colexio Fingoi, que sería un capítulo importante da nosa renascencia cultural da posguerra”.





Na vida de Lugo

A vida lucense de Carballo radicaba en Fingoi, mais vencellada a un Lugo que “*adquirira umha fisionomia que pouco a pouco o transformara profundamente*”. E das súas incursións na vida lucense quedan mostras no Círculo das Artes, “El Progreso”, “Vida Gallega”, “Boletín de Monumentos” ou a Tertulia do Méndez.

No Círculo da Artes (maio, 1952) fala de “Verso y prosa en Rosalía”. En 1963, o Círculo intégraos na organización do Centenario de “Cantares Galegos”, e colabora nas publicacións desta conmemoración, e en “Cen anos de literatura galega”. No Círculo sería mantedor na Festa da Poesía (1966), conferenciante no II Curso de Verán (1968) e colaborador no libro “O porvir da lingua galega”. En 1980 disertaría sobre o poeta lucense Luís Vázquez Fernández-Pimentel.

En “El Progreso” tivo repetidas aparicións, reflectíndose nas súas páxinas as numerosas actividades do profesor por toda Galicia.

Caricaturas de Mouriz dos asistentes á Tertulia do Méndez Núñez.



Luis Pimentel.

Tino Grandío.

Celestino Fdez.
de la Vega.

Ánxel Fole.



Ramón Piñeiro.



Ricardo Carballo Calero.



Ánxel Xohán.



Álvaro Gil.



Antonio Figueroa.



Luciano Fernández Penedo.



Mouriz.

Carballo destaca na Tertulia do Méndez Núñez a Luís Pimentel (“cantor da súa terra natal”), Tino Grandío (“artista moi cotizado en Madrid”), Celestino Fernández de la Vega (“espírito moi agudo”), Ánxel Fole (“narrador moi estimado”), Ramón Piñeiro (“esculcador da saudade”), Ánxel Xohán (“denso poeta”), Álvaro Gil (“amigo de todos”) e Luciano Penedo, Antonio Figueroa ou o “hábil caricaturista” Mouriz, que os ten “*duplicado a todos co seu lápiz*”. E vía aquela Tertulia da que formaba parte como “*brillante representación da intelectualidade lucense*”.

Na obra completa de Luís Pimentel, edición de Araceli Herrero Figueroa (Galaxia, Vigo, 2009), figura un poema de Pimentel dedicado a Carballo Calero:

FORASTEIRO

Para o poeta e amigo Carballo Calero

“Cánto terror
levamos os homes”.
Só estás, nista cidade
coa que non tes soñado endexamais.
Relembras os teus sinos,
cuios sons
fuxiron xa dos teus ouvidos.
Paseias lentamente
e con ninguén podes
trocar o teu sorriso.
Ollas pra ise edificio
sen nais nas fiestras.
Tes medo ós arrabás.
Ti sabes que alí as bandeiras
están abatidas i esfarrapadas.
Coñeces que existe
unha hora solitaria
coroadada por un silencio de morte.
Ti sabes que todos os días
hai un home morto
que ninguén coñece aínda,
en cuia ollada derradeira
ficou
unha praza baleira
descoñecida pra il.

Carballo Calero, nas “Conversas en Compostela” con Fernán Vello-Pillado, lembra a Pimentel e aclara o nacemento deste poema: *“Era un home de trato mui agradábel. Cortés, cortés no sentido de que trataba con grande considerazón e delicadeza à xente, pero sen afectazón nengunha, con sinxeleza e con cordialidade. Era home mui afectivo, de maneira que quería muito aos seus amigos, aos que frecuentemente designava con eses vocativos: “querido amigo”... “Adeus, querido amigo”, ten-me dito muitísimas veces”.*

“Recordo, por exemplo, unha vez que saímos da tertúlia e me entregou un poema que escribiera dedicado a min, e que quería que llo puxese en galego “Angelito”. Nunca souben ben se ese “Angelito” era Ánxel Fole ou era Ánxel Xohán... Pimentel considerava que non coñecía ben o galego literario, e os dous puxeron en galego textos escritos en castelán por Pimentel. Os amigos mais íntimos, mais lugueses, saberán se “Angelito” era Fole ou Ánxel Xohán... O caso é que lle dixen que llo puña en galego, de maneira que a versión que por aí circula deste poema, titulado “Forasteiro”, e dedicado “ao poeta e amigo Carballo Calero”, está posto en galego por min. Teño o orixinal en castelán, o autógrafo con aquela tinta vermella con que escribía sempre Pimentel”.

Sobre este aspecto a profesora Araceli Herrero, discípula de Carballo, infórmame de que se trataba de Fole, como ela ten publicado (Edicións do Castro, 1994) nun estudo sobre Pimentel, Cunqueiro e Carballo. Sinala que dos “4 ou 5 asesores lingüísticos” de Pimentel, o que máis colaborou foi Ánxel Fole, ao que todos chamaban “Angelito”, e ninguén chamaba así a Ángel Johán.

Maestro integral con una extraordinaria formación y capacidad para transmitirlos conocimientos

Antonio López-Acuña López
Abogado



Hablar del Colegio Fingoy es traer a la memoria muy gratos recuerdos para muchos alumnos que allí estudiamos. Su profesorado, los compañeros y el compañerismo entre chicas y chicos, el lujo de grupos reducidos por clase, un sistema de enseñanza moderno y atractivo, y la amplitud de conocimientos a los que te daba acceso, lo hicieron verdaderamente inolvidable.

Don Ricardo Carballo Calero fue una institución que marcó una época en el Colegio Fingoy, en el que ejerció como Director, y con el que yo conviví durante 13 años, en jornadas de casi once horas, como alumno del Colegio en mis etapas de niñez y adolescencia, acompañado por un plantel excepcional de profesores de la época y muy queridos para mí.

Hombre de izquierdas (para esa época) y galleguista, imprimió un carácter moderno y avanzado al Colegio Fingoy, por el que pasaron eminentes figuras literarias a lo largo de los años, y fue un importante impulsor del galleguismo y de nuevos métodos experimentales de educación, amparado siempre por Don Antonio Fernández, indiscutible impulsor del Colegio y de tantas cosas en Lugo.

Propició la enseñanza, que él mismo abanderaba, de una cultura integral entre los alumnos: los buenos modales en la mesa, en el comer y en el juego, el aprendizaje y manejo de los instrumentos musicales gallegos y la afición a la danza y a la música gallegas, a nuestra lengua, a la literatura y el teatro -especialmente gallego-, o a la naturaleza, eran algo que acompañaba en el día a día a lo que eran los estudios generales, en muchas ocasiones impartidos por personas de ideas avanzadas, como él mismo.

Dedicado en vida y alma al Colegio (en una zona del cual vivía con su familia), su presencia era constante, al punto de que casi diariamente incluso comía con nosotros en nuestro comedor y en nuestras mesas, rotando cada día por una mesa distinta. Se levantaba, y paseando por el comedor vigilaba las mesas y los comportamientos. Nadie se levantaba de la mesa fuera del orden programado y estaba prohibido gritar. Ya ni se nos ocurría.

Perfeccionista, exigente y con pocas concesiones, por no decir ninguna, en lo atinente a la enseñanza y a sus convicciones sobre ella, era un hombre respetado y a la vez temido por los alumnos, y casi me atrevo a decir que un poco por los profesores, pero a su característica de dureza -y no se malentienda la palabra- había que contraponer las de dedicación y vocación; era un maestro integral con una extraordinaria formación y capacidad para transmitirlos conocimientos. Obligaba a aprender y a entender el sentido de lo que se aprendía.

Otra de sus convicciones era que la participación de los alumnos en las actividades era mucho más importante que la competición, sin desdeñar ésta tampoco, pero no era un fin.

Persona con mucho autocontrol, creo que nunca le vi reír, a lo sumo sonreír, aunque sí disfrutar con esporádicas charlas con otros profesores o alumnos en cortos paseos, con paso reposado y apoyado con frecuencia en un bastón que entiendo que no necesitaba, pero que le imprimía carácter y manejaba con destreza. Era parco en palabras, pero ilustrado, preciso y buen orador.

Tuve la suerte, al igual que otros niños, de tener momentos de dedicación especial por su parte en la preparación de las “veladas” y de las obras de teatro que representábamos, que él personalmente elegía y dirigía, al formar yo parte del grupo de jóvenes actores más habituales del Colegio en aquella época. “El Círculo de Tiza”, “Catalina Parr o el Caballo de Alejandro” u “Os vello non deben de namorarse” son ejemplos de obras que representamos a lo largo de los años, tanto en el Centro como fuera de él y ante un público del que en ocasiones formaron parte personalidades literarias tales como Don Ramón Otero Pedrayo, Don José Luís Méndez Ferrín, Don Bernardino Graña o Don Avelino Pousa Antelo.

Conservo un recuerdo de admiración hacia Don Ricardo, al que temí en muchos momentos, pero del que aprendí mucho en esos años, reconociendo con el paso del tiempo que fue un privilegio tenerle como profesor y como maestro.

Lo expuesto no deja de ser una recapitulación rápida, desde mi perspectiva, sobre mi etapa con Don Ricardo en el Colegio Fingoy, y respecto del que puedo decir, como mejor referencia, que allí también envié a estudiar a mis hijos.

Solo añadir que me agrada mucho la idea que contribuye a poner en valor otro proyecto, el del Colegio Fingoy y de las personas que lo impulsaron, y que comparto plenamente.



Antonio López-Acuña en “Pimpinela”.

Fingoy era algo excepcional, con un director aún más excepcional

Carmela Dadín Rivadas

Documentalista en CC. Políticas y Sociales



Decir que éramos conscientes de la valía de Don Ricardo tal y como le conocíamos entonces no sería verdad. Fingoy era algo excepcional, con un director aún más excepcional...

Estamos en los primeros años del final de la Segunda Guerra Mundial, del triunfo del bando franquista en la contienda civil española, y tener como profesor a semejante eminencia era sobre toda una excepción, comparando el colegio con lo existente entonces en Lugo. Mixto, seglar y pro-gallego, encajaba muy bien con el humanista que era Don Ricardo.

Empezó impartiéndonos los cursos de humanidades, me imagino que a falta de profesores adecuados que osaran enseñar en un colegio de tal definición...

Sus lecciones de historia de la humanidad me marcaron para siempre. Sus explicaciones de Mesopotamia, de la escritura cuneiforme, de Egipto, sus misterios y sus jeroglíficos, y del Imperio Romano, aparecían como cuentos interesantísimos explicados por él. Tal era su entusiasmo y el sentir por esa parte de la historia que yo he vivido de ese interés todos mis estudios (Licenciada en Políticas de Madrid y Curso Superior de Documentación en Ciencias Sociales en el Sciences Politiques de París, más conocido como Sciences Po). Don Ricardo tenía en aquella época una manera de enseñar divertida e interesante (lo que hoy es corriente, pero entonces era desconocido en las escuelas tradicionales). No intentaba hacerlo divertido, es que su entusiasmo era contagioso.

En las primeras vacaciones de Navidad me puso como trabajo leer una parte de “Los Episodios Nacionales”, de Benito Pérez Galdós, creo recordar que era “Los Sitios de Zaragoza”, que me parecieron un ladrillazo monumental, pues yo tenía diez u once años, pero reabrieron en mí el apetito que Don Ricardo poseía a raudales por leer más, por conocer la historia y las historias de España y de los demás países...

Los que sí estimaban la suerte de tener un erudito semejante como profesor eran los padres, como el mío (que había estudiado con sus hermanos y hermana en la Institución Libre de Enseñanza de Giner de Los Ríos de Madrid), que se felicitaban porque una inteligencia privilegiada como era la de Carballo Calero estuviese a nuestra disposición, en el sentido de estudios. Ya entonces, por lo menos mi papá se asombraba de su facilidad para interesarnos en sus enseñanzas y de su erudición. Hasta que apareció un francés, Monsieur du Confin, que nos hizo adorar esa lengua. Pero el interés por la lengua de Molière ya estaba anclado en nuestro corazón.

Así que acabé transmitiendo a todo aquel que ha tenido trato conmigo esa admiración por Don Ricardo y por su legado literario y de ser humano de gran valor.

*As bágoas asomábanse
tenuemente aos seus ollos.
“Don Ricardo ten
cara de chorar!”
exclamabamos en baixiño*

María Dolores Fernández Fernández
Profesora



Vou cinxirme a algúns recordos e pegadas que deixou en min Don Ricardo. Quizais algúns sexan moi semellantes aos dos alumnos da miña xeración no Colexio Fingoi, aínda que, como explicaba Frederic C. Bartlett, “*A memoria é unha reconstrución individual e imaxinativa*”.

A maior parte da miña vida está unida ao Colexio Fingoi, primeiro como alumna e, máis adiante, como profesora de Lingua e Literatura.

Eu fun alumna ou discípula (como el me nomeaba nas dedicatorias dos seus libros) de Don Ricardo no Bacharelato e na Universidade de Santiago, nos derradeiros cursos da Especialidade de Filoloxía Románica. Polo tanto, deixou unha pegada moi importante e fundamental en min.

Entreí no Colexio como alumna de párvulos, no curso 1951-52. Desa etapa inicial son os primeiros recordos, vagos e nebulosos, que teño de Don Ricardo, o director do Colexio: un señor serio, austero, estrito e atento, que inspiraba moito respecto e que controlaba e coordinaba a dinámica do Colexio. Entón, con moi poucos alumnos, eramos como unha gran familia.

Recórdoo paseando polos corredores, con cara seria, observando e coidando que se mantivese a disciplina e a organización das diferentes actividades e momentos da xornada escolar, entón longa, pois pasábase case doce horas no Colexio.

Xa en Bacharelato, que nós comezábamos aos 11 anos, Don Ricardo foi o meu profesor nas áreas de Humanidades: Lingua e Literatura, Historia e tamén Latín nos primeiros cursos. Era un gran profesor; as súas clases, moi amenas e interesantes, abarcaban un amplo panorama de saberes, pois relacionaba os contidos de Lingua e Literatura e de Historia coa Filosofía, a Socioloxía, as Ciencias, a cultura grecolatina e mesmo (teño un recordo pouco claro, difuso...) coas Matemáticas (Matemáticas e Latín?).

Como xa se comentou en moitas ocasións, non tiñamos libros de texto, só antoloxías e libros de consulta, traballábamnos con apuntamentos das explicacións dos profesores. Don Ricardo explicaba maxistralmente, paseando pola aula, entre os alumnos e alumnas. Inclínados atentamente sobre os nosos cadernos, anotábamnos; chegamos a dominar a toma de apuntamentos a unha boa velocidade e con destreza. Procurábamnos recoller o máis significativo e non perder o fio do discurso, porque Don Ricardo aplicaba unha técnica para controlar que así fose: de cando en vez paraba de falar, dirixíase a un de nós co fin de que continuase o discurso coa frase ou o termo apropiado. Comprobaba así se estábamos atentos e éramos capaces de completar o que estaba a explicar. Pretendía, pois, que non traballásemos como “autómatas”, que non anotásemos o que estábamos a escoitar sen pensar, sen ir integrando os contidos e sen seguir o discurso cunha orde.

Recordo unha anécdota que nunca esqueceréi: estaba eu no estudo repasando todo o que apuntara da explicación de Don Ricardo sobre a Guerra dos 30 Anos. Ao coller as anotacións quedárame un oco: faltaba unha frase ou unha palabra. Deuse conta do espazo en branco ao aproximarse a examinar os meus apuntamentos. Anímoreime a deducir o que faltaba polo contexto, pero eu non conseguía adiviñalo. Deixoume dous ou tres recreos sentada diante dos apuntamentos cavilando, consultando... Ao final, ante a miña torpeza, díxome que a expresión adecuada era “sin ambages”. Nunca máis o esquecín. Creo que reflicte como eran os seus métodos didácticos.

Nas súas clases aprendíamnos facendo. Comentábamnos textos, interpretábamnos lecturas, recitábamnos poemas, preparábamnos exposicións e, con frecuencia, practicábamnos a escritura creativa: creábamnos textos de diferentes xéneros, inspirados, en ocasións, en diferentes autores clásicos grecolatinos, españois, o teatro grego, Arcipreste de Hita, Don Juan Manuel... e contemporáneos. En ocasións Don Ricardo facía unha selección dos textos que escribíamnos e os publicaba na revista “Vida Gallega” ou os presentaba aos Xogos Minerva de Poesía que convocaba o Colexio Peleteiro de Santiago de Compostela. Algunhas alumnas foron premiadas.

Xa comentamos que o noso profesor era serio, estrito e expresaba pouco os seus sentimentos. Tamén percibíamnos a súa sensibilidade. Nalgunhas ocasións descubríamnos nel unha expresión ou mirada emocionada e noutras non era capaz de conterse e chegaba, incluso, a chorar de risa ante textos humorísticos dalgúns alumnos...

Como educador e mestre global, Don Ricardo implicábase directamente e con rigor, non só na aula, nas súas clases, senón tamén nos outros espazos, tempos e actividades do proxecto educativo do Colexio: no comedor (cada día comía nunha mesa, atento sempre ás actitudes, aos xestos e a que comésemos todo o que tiñamos no prato...), nas sesións de estudo (inspiraba moito respecto -e mesmo temor?- e todo era silencio cando entraba),

nos recreos, nas excursións de fin de semana e nas viaxes de estudo ou no teatro. Era este un recurso pedagóxico moi importante para el: seleccionaba as obras (variadas e en diversas linguas: latín, galego, francés...), os actores e dirixía as representacións.

Incidía de maneira especial e sutil na aprendizaxe en xeral da lingua e cultura galegas, do noso folclore, da nosa identidade. Nas viaxes, por exemplo, cantaba connosco o noso Cancioneiro... Moitos recordamos como se emocionaba cantando “*Quen me dera en Lobeira*”. As bágoas asomábanse tenuemente aos seus ollos. “Don Ricardo ten cara de chorar!”, exclamabamos en baixiño.



Carmen Fernandez (“Camolas”), Manuel Sández, Carballo Calero e Araceli Herrero, en viaxe dominical a Compostela.

Don Ricardo acompañounos en varias das viaxes que fixo o noso curso en Bacharelato: a Asturias, Santander, País Vasco, Extremadura, Andalucía, León, Zamora, Salamanca... Creo que todas estas experiencias deixaron en nós (en min, seguro) un amor por viaxar, por descubrir outros lugares, outras xentes e historias, outras culturas. Fíxéronnos viaxeiros. Recordo que levábamos unha libreta pequena a modo de caderno de viaxe e todas as noites (aínda que estivésemos moi cansos) tiñamos que escribir sobre os descubrimentos e as vivencias máis importantes da xornada. Á mañá seguinte, Don Ricardo revisaba o que escribíramos. Normalmente dábanos moita preguiza facelo, pero coa perspectiva que da o paso do tempo, síntome moi agradecida por todo o que vivín e experimentei daquela.

Don Ricardo deixou en min, como persoa e moi especialmente como profesor, mestre, unha pegada fonda, importante e duradeira. Contribuíu de maneira fundamental a espertar en min o entusiasmo, o amor polas Humanidades e, en concreto, polas Linguas (clásicas e modernas) e pola Literatura, pola lectura. Tamén o desexo e o afán por coñecer, por profundar no saber en xeral. Cando cheguei á Universidade de Santiago para estudar Filosofía e Letras deime conta de todos os saberes e destrezas que levaba como bagaxe; puiden manexarme moi ben, especialmente nas áreas de Linguas e Literatura, nos comentarios e interpretacións de textos, nos traballos de investigación, na recollida de apuntamentos, e na habilidade de seguir aos profesores nas súas explicacións maxistras. Sentínme segura...

E, por fin, tiven a gran sorte de ter tamén a Don Ricardo como profesor de Literaturas Románicas (hai pouco comentaba unha compañeira: “Que ben as daba!”) e de Lingua e Literatura Galegas, nos derradeiros cursos da especialidade.

Cando rematei a Licenciatura falou comigo para preguntarme se quería traballar con el como axudante no Seminario de Lingüística e Literatura Galega. Agradecinlle moito que pensara en min. E durante dous anos tiven de novo unha experiencia enriquecedora e moi importante para a miña formación e preparación como futura profesora de Lingua e Literatura no Colexio (ao que teño tamén tanto que agradecer...), dende o ano 1977, no que volví de novo, feliz.

Alégrome moito de que por fin se lle dedique o Día Das Letras Galegas a Don Ricardo. Identifícome coas consideracións do profesor Reimunde na súa obra “*Cautiverio de Fingoi*”, onde di (cito textualmente): “*Ben merece que se lle dedique o Día das Letras Galegas para honrar o seu inmenso e valioso labor*”.

Carballo Calero: "Procurábamos proporcionar aos alumnos umha imagen inmediata do mundo em que viviam".



E o alumnado de Fingoi viaxou por toda España para coñecer de primeira man as realidades do país.





Festa familiar en Fingoi.

De Lugo para todo o mundo galego



En 1958 Carballo Calero participa no libro “Ramón Otero Pedrayo. Homaxe da Galicia Universal”, publicado en Caracas, co traballo “Otero fala i escribe”, asinado en Lugo en 1955, no que confesa ser “vello amigo da obra de Otero, á que debo algúns intres de intensa emoción purificadora”, para considerar un “extraordinario espeitago presenciar como iste orador se move con seguridade e rapidez sorprendentes polos cables máis tensos i elevados da linguaxe figurada; acróbata da verba, que iñora a faterna e o vértigo”, e concluír indicando que “Otero Pedrayo é un mundo poético, e no seu caos e no seu cosmos están, mesturados ou isolados, todos, todos os átomos da creación”.

O mesmo se podería dicir de Carballo en Lugo, xa que os seus quince anos lucenses, que se entenderon de relativo silencio, de absoluta dedicación ao ensino e dirección do Colexio Fingoi, resultaron decisivos na súa traxectoria como escritor, reforzaron a súa situación persoal e intelectual, e -contendo “*todos os átomos da creación*”- foron a base da súa posterior consagración no mundo da cultura de Galicia. Velaquí os chanzos da escada que foi subindo, neste seu cativerio, retiro, afianzamento lucense:



Anxo da terra (1950)

Poemas do tempo da Guerra Civil, que ven a luz cando xa está en Fingoi.

A xente da Barreira (1951)

Premio de Bibliófilos Gallegos (1949), foi a primeira novela en galego na posguerra.



Poemas pendurados dun cabelo (1952)

Poemas tamén do tempo da guerra. Publicado na Colección Xistral, dirixida por Ánxel Xohán.



Aportaciones a la literatura gallega contemporánea (1955)

Texto da súa tese, Premio extraordinario de doutoramento.



Sete poetas galegos (1955)

Prototipo da tese. Estudo da obra de Rosalía, Pondal, Curros, Noriega, Cabanillas, Manuel Antonio e Amado Carballo.

Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía (1959)

Discurso de ingreso na Real Academia Galega (1958).





Salterio de Fingoy (1961)

A maior parte dos versos, escritos en Fingoi.

Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal (1961)

Publicado polo Centro de Estudos Fingoi, en Galaxia.



Contos populares da provincia de Lugo (1963)

Dirixido por Carballo. Textos recollidos por nenos e mestres dos cursiños agropecuarios, con escolma de Bernardino Graña.



Historia da literatura galega contemporánea (1963)

Obra fundamental de Carballo, porta de entrada a todo o labor posterior nos eidos educador e investigador.



O cancionero de Pero Meogo (1966)

Obra do profesor e becario Xosé Luís Méndez Ferrín, dirixida por Carballo nos seus anos lucenses.

Suma e segue. Carballo en Lugo: Todo, agás silencio. Espiritual retiro, travesía do deserto, 11 pasos de xigante cara á gloria.

El trabajo del profesor Carballo Calero me dejó marcado para siempre

Ramón Courtier Ramos

Profesor

Sobrino político de Carballo Calero



Fue un profesor extraordinario, cultísimo, de un nivel impresionante, que impartía clases magistrales que a todos nos impactaban.

Al comienzo, para mí, era el Tío Ricardo, con el que coincidía en las comidas familiares en casa de mi abuela. Era un hombre frugal, serio, hablaba poco... Y yo era muy pequeño.

Hasta que un día, ya en el Colegio Fingoi (1957, con siete años), después de la comida, se dirigió a mí, tratándome de usted, preguntándome si había colocado en su lugar la servilleta... Le respondí que sí, y me dio un cachete. Dije luego que no, y me dio otro... hasta que alguien me apuntó que la respuesta tenía que ser “¡Sí, señor!”. Aquel día dejó de ser el Tío para ser Don Ricardo.

Don Ricardo nos convirtió en juveniles lectores de los Cancioneros medievales, de forma que cuando luego se dio el nombre de una calle de Lugo a Angelo Colocci todos sabíamos quién era. Nos sometía a los alumnos a pruebas extraordinarias, de las que recuerdo el encargo de que escribiésemos un soneto a Rosalía, en gallego, con versos endecasílabos sáficos, que han de ir acentuados en las sílabas cuarta, sexta u octava y décima... Nos salieron unos ripios horribles, pero escribimos un soneto en gallego.

Y como elemento inmarcesible de su labor al frente del Colegio quiero destacar su extraordinaria vocación teatral, que le llevó a representar con los alumnos de Fingoi desde teatro clásico a “El Círculo de Tiza”, pasando por el teatro nō japonés, que sería un impacto en la España de veinte años después, con presentación del propio director y decorados pintados por el profesor de dibujo del Colegio, Ánxel Xohán.

Mis estudios, finalmente, se orientaron hacia la Química, pero el trabajo del profesor Carballo Calero -y lo recuerdo en este año en que se le hace justicia histórica- me dejó marcado para siempre.

En el Colegio Fingoy con Don Ricardo

Maricruz Truque Fernández

Empleada de banca



Un gran colegio. A medida que me hago mayor, me alegro de haber tenido la ocasión de haber estudiado en él. No se puede pensar en el colegio sin relacionarlo con Don Ricardo Carballo Calero.

Fue un profesor muy serio y le teníamos mucho respeto. Aparte de ser profesor y darnos clase de literatura y gallego, él estaba casi todo el día presente, pues vivía en el piso de arriba del colegio, además de comer cada día en una mesa del comedor con nosotros.

El día que nos tocaba con él pasábamos una comida regular, pues a parte de tenerle respeto, ese día teníamos que comer todo, sin dejar nada en absoluto. Estábamos deseando que terminara la comida. Cuando se iba alborotando el comedor, él golpeaba con un cuchillo el vaso hasta que lograba el silencio.

Aparte de todo esto, en el colegio hacíamos excursiones muchos domingos para conocer la provincia de Lugo. Observábamos el campo y lo que se plantaba en cada terreno: patatas, trigo...

También recuerdo que los martes y los viernes íbamos a la plaza para aprender a comprar. Teníamos una huerta en donde plantábamos remolachas, judías, tomates...

También aprendimos a conducir con Manolo, el chófer del cole.

No teníamos libros. En todas las clases tomábamos apuntes, que después pasábamos a limpio y estudiábamos.

Mis recuerdos del colegio, aparte de estudiar mucho, son todos parte de mi niñez, pues estábamos en él todo el día. De 9 de la mañana a 8:30 de la tarde, menos los sábados que sólo estábamos por la mañana.

Con el colegio tuvimos la suerte de ir conociendo muchas zonas de España, siempre acompañados de un profesor. Y en una de esas excursiones nos tocó a nosotros con él. Justo la que nos correspondió fue Andalucía. Como éramos pocos alumnos, aquella excursión estaba formada por 5º y 6º de bachillerato, que en total éramos 4. Dos de 5º y dos de 6º.



Maricruz Truque y Gloria Baamonde.

Semente na escrita

A primeira evidencia do labor de Carballo de fomentar a creación literaria no alumnado de Fingoi aparece na revista “Vida Gallega”, na que, sen dúbida pola súa xestión, aparecen publicados traballos de Josefina e Gloria Baamonde, Ana Fernández Puente, Dolores Fernández, Maricruz Truque ou Marianela Fernández.



Josefina Baamonde, “Por pouco me quedo sin cartos”. Xullo, 1960.



Gloria Baamonde, "Xente nova e leña verde todo é fume". Setembro/Outubro, 1960.



Ana Fernández Puentes, "El ratoncito Pérez y su compinche". Marzo, 1961.

Tempo despois, alumnas de Carballo en Fingoi destacaban nos Premios Minerva de Santiago coas súas creacións poéticas, motivando que Ramón Piñeiro calificase o impulso do profesor como *“un calado maxisterio moral na conciencia máis sensibre da nosa terra”*.

Acompañamos fotografías do acto, do que foi mantedor Carballo Calero, e no que recibiron galardóns poéticos as irmás Araceli e M^a Carmen Herrero Figueroa, e Gloria Baamonde Traveso, figurando na foto xeral dos premiados o lucense de Pol Fernando Ónega.



Don Ricardo, actuando de Mantedor do acto de entrega dos Premios Minerva.



*Don Ricardo entre as irmáns
Herrero Figueroa, "Macali" e Araceli.*



*Don Ricardo con
Gloria Baamonde Traveso.*



Foto xeral dos galardoados nos Premios Minerva.


E sempre, na educación e na escrita, xente de Fingoi, alumnos de Carballo, destacando no panorama cultural de Galicia e España:



Araceli Herrero Figueroa.



Carmen Blanco García.



Adela Figueroa Panisse.



Emilio Valiño del Río.



Gloria Baamonde Traveso.



Mª Carmen Herrero Figueroa.



Mª Victoria Carballo-Calero Ramos.

Memoria de Carvalho en Lugo

Carmen Blanco

Universidade de
Santiago de Compostela



Carballo na carballeira

Coñecín a Carballo dende moi nena, a comezos dos anos sesenta no Colexio Fingoi. Era un profesor temido polas súas preguntas desconcertantes, que apelaban á nosa intelixencia durmida, e tamén pola súa esixencia implacable. Pero os meus pais, de familias represaliadas, coma el, dixéranme o home que era e eu sabía entón xa moi ben quen era.

Por outra parte, el era sempre moito máis condescendente coas pequenas damas que cos nosos compañeiros e estaba presto a recoñecer que as mulleres tiñamos mente. Logo deume clase aos nove anos e ensinoume a redactar, a recitar, o mellor da poesía galega e moitas outras pequenas cousas esenciais e necesarias como que o galego era unha lingua e non un dialecto, como se dicía daquela. Todo a golpe estrito e esixente de percutor, cun intelixentísimo humor irónico e cunha certa sabedoría premonitoria, que daquela non sempre entendiamos.

Das clases posteriores na Facultade de Filoloxía na Universidade de Santiago de Compostela recordo sobre todo algunha magnífica lección galeguista e o seu trato sempre respectuoso coa alumna insubmisiva que eu era. Máis tarde, en 1983 e 1984, cando lle gravei en Lugo e Compostela as conversas para o libro que me encargou Galaxia, fíxeme amiga del e ensinoume moito máis nas conversas non gravadas.

Pero onde máis aprendín del foi, sen dúbida, no rigor e na precisión dos seus escritos. Polo demais, como era, entre outras cousas, unha persoa de rexos principios e, polo tanto, polémica, escribir sobre el meteume de cheo nas guerras patrias, nas que tratei de manter sempre a miña pacifista obxección de conciencia. Sempre dixen o que pensaba en positivo e nada do que escribín foi ditado pola adhesión cega nin interesada, senón escrito desde o auténtico recoñecemento crítico ao mellor Carballo, á súa magnífica madeira dura e compacta, propia para trabes e pisos seguros, para mobles consistentes. Como a obra fundacional que fixo.

El foi un dos meus Mestres. Mestre de Ciencia, Galegitude e Humanismo, en aspectos básicos. Carballo ergueito na carballeira de Galicia. Carvalho na súa Galiza. A quen un día miña filla nena non recoñeceu como tal na Alameda de Lugo, cando meu compañeiro e mais eu llo presentabamos no paseo e ela buscáboo entre as árbores do xardín, como nas carballeiras reais que coñecía. Mais Ricardo Carballo Calero é hoxe, como o foi sempre e o será cada día máis, Carballo coñecido e recoñecido no centro da luminosa carballeira de Galicia. (De “Madeira de Carballo”, FerrolAnálisis 16, Ferrol, Xullo, 2001, 114-117).

A orixinalidade da nave Fingoi



Irmáns Ramón e Carmen Blanco no Colexio Fingoi. Curso 1962-1963.

Coñecín a Ricardo Carballo Calero en Lugo sendo eu nena e alumna de primeira ensinanza no Colexio Fingoi, unha institución promovida polo galeguista Antonio Fernández seguindo os principios do humanismo racional e experimental derivados da Institución Libre de Enseñanza. El exercía as funcións de Director nesa illa de ensino mixto, integral e integrado no medio, excepcional no contexto da educación nacional-católica da ditadura franquista, mantendo un difícil equilibrio entre os principios pedagóxicos institucionistas do dono da empresa, os seus propios e outros diversos máis ou menos imperantes. Nas cartas ao seu amigo e «irmán» no Partido Galeguista Francisco Fernández del Riego hai constatacións dalgunhas das complexidades deste

traballo en Fingoi, como esta relativa á absoluta singularidade dese centro educativo, na que Carballo lle di a Fernández del Riego: *“Hai dificultades provintes das circunstancias xerás e outras da orixinalísima singularidade do noso Centro, orixinalidade que consiste principalmente en facer ao revés de cómo se fai en todos os demás centros. En calquera xestión que realice, o primeiro que teño que facer é desfacer a crencia do meu interlocutor de que Fingoy pertence a unha especie común, e informal de que é o único individuo dunha especie «sui generis», o que moitos non entenden endexamáis, e a outros asústalos tremendamente. Teño a sensación de que a cada intre podo perder o leme, e a nao se ir a pique, sen que me sexa posible desembarcar”* (Ricardo Carballo Calero, Epistolario a Fernández del Riego, Vigo, Galaxia, 2006, 306-307). Como director era estrito, e impuña disciplina e cortesía con altas doses de sabedoría irónica, que se podía manifestar coa máis seria gravidade ou co humor máis distendido. Por tal motivo era temido. Mais eu non lle tiña medo e admirábao en moitos sentidos, xa que pola miña memoria familiar sabía quen era e coñecía en abstracto a súa situación de exiliado interior e o valor da súa personalidade intelectual, histórica e cultural, que el levaba no colexio con absoluta discreción, modestia e anonimato. Logo sabería que Carballo fora afiliado á Unión General de Trabajadores, miliciano nun batallón da Federación Española de Trabajadores de la Enseñanza e tenente do exército republicano, como o meu avó materno fora afiliado á UGT, miliciano nun batallón de transmisións e tenente do exército republicano, aínda que as distancias entre eles fosen moitas, comezando polos seus respectivos status sociais, o intelectual e o proletario[...].

Cando as alumnas e os alumnos nos cruzabamos con el pola rúa saudabámolo cun «Usted lo pase bien, Don Ricardo». Mais nas zonas de recreo do recinto escolar construído polo arquitecto Manuel Gómez Román, integrante do mesmo Partido Galeguista ca el, viámolo andar en bicicleta, como Coppi, un dos nomes secretos que o alcumaban, tomado do coñecido ciclista italiano. No comedor sentabamos en mesas de catro do mesmo sexo e, ás veces, se faltaba alguén, tocábanos comer con el e había que saber manter unha conversa interesante, ademais de saber sentar e dominar as artes da boa mesa. Cando vixiaba o comedor falaba con nós de maneira filosófica e poética, e divertíase estimulando o noso pensamento e a nosa imaxinación.

Lembro sempre «a mesa dos contos», como lle chamaba á mesa do comedor na que unha tempada estivemos Dina Bohorque, eu, Rosa Varela Puga e Angelines Penas Truque. Parábase ante nós e dicíanos «esta é a mesa dos contos» e logo explicábanos quen era cada unha: Angelines era Peter Pan, Rosa era A Bela Dormente do Bosque, eu era Branca Neves e Dina era a autora dos contos. Aquela recreación máxica asombrábanos.

Moito despois, no tempo no que recreei eses mesmos contos clásicos e outros máis, cando escribía “Vermella con lobos”, sorría para min moitas veces pensando no que ríamos nos anos sesenta as nenas reais dos contos e a moza autora con aquela invención

de Carballo. En 1964 escoitei por primeira vez unha conferencia súa; foi con motivo do meu exercicio de ingreso no bacharelato, no que tiven que realizar un resumo dunha disertación que el pronunciou sobre a vaca rubia galega: o seu claro relatorio foi a primeira conferencia que escoitei na miña vida e resultárame interesantísima. En primeiro de bacharelato, con 10 anos, fun alumna súa na materia de lingua española e coñecín

entón a súa intelixencia clásica, despregada nunha didáctica da claridade, da orde e da exactitude do pensamento e da palabra, no discurso oral e escrito.

Ensinábanos a un tempo a pensar con criterio propio, a falar, a escribir, a redactar e a interpretar en castelán, primordialmente, mais tamén en galego. Coñecín entón o profesor lúcido e profético, duro e esixente, pedagogo dialéctico e irónico, poeta e patriarca filóxino, que recoñecía a intelixencia das alumnas e as trataba cunha deferencia diferente do trato que lles daba aos alumnos. A eles, ás veces, facíao chorar. A elas dicialles «No sabe... No contesta... ¡Ah! ¿Es una flor? Hay que regarla...». Unha vez un compañeiro empregou con lucidez a palabra «guapo» para referirse a alguén de xénero masculino e Carballo explicoulle que tal cualificación era un uso lingüístico incorrecto. Nese curso aprendín cousas como dicir con sentido o poema de Rosalía de Castro «¡Follas novas! Risa dáme / ese nome que levás»; que o galego non era un dialecto, tal como se prexulgaba maioritariamente entón, senón unha lingua; que non só había que saber escribir correctamente o nome do presidente da República francesa, senón distinguir os pequenos paxaros que nos rodeaban, sabendo se eran pardaos ou gorrións, e coñecer os nomes dos ríos que pasa-



*Carmen Blanco e Ricardo Carballo Calero
no claustro da Catedral de Lugo.*

ban polos lugares nos que viviamos; ou que en Galicia os tellados non todos eran de lousa gris, como eran daquela en Lugo... Tiña dotes extraordinarias para o coñecemento profundo. Sabía de nós de contado.

A comezo de curso a min mandoume sentar na súa mesa, a do profesor, e escribir os nomes de todo o alumnado en follas correspondentes do seu caderno de cualificacións mentres el paseaba a aula impartindo a lección. Sen dúbida, a miña clara letra de imprenta era perfecta para o caso, tal como el sabía e logo constatou. Mais a miña profunda pulsión de «perfeccionista», que escribía gravando en relevo, non lle pareceu tan perfecta. Pero así quedou confeccionado o seu caderno de cualificacións de lingua española coa caligrafía miña. Unha vez mandounos facer en casa unha redacción en castelán e eu fixen un conto no que había unha bruxa, unhas castañas e unhas palabras e expresións galegas que me dixera meu pai. Aquilo encantáralle. Non sei se foi por isto ou por outras cousas, o caso é que un día me fixo no comedor unha desas preguntas imperativas e comprometedoras que adoitaba facer: “Dígame cal é o mellor alumno da clase”. Eu pensei con lóxica racionalista e deille unha resposta matemática que consideraba exacta e incuestionable, dicindo o nome da compañeira e amiga que tiña as notas máis altas. “Mal”, -replicoume- “Non; é vostede”. E marchou sen dicir máis nada. No momento non o entendín, pensei que non acertara a resposta ou que a súa réplica era unha das ironías ou das ambigüidades coas que nos inducía ao paseo polo pensamento cara ao coñecemento interminable, como cando nos dicía «¡No dice nada! ¡Pues váyase a nadar!»). Mais logo souben que así era para el.

O futuro confirmou certas coincidencias entre mestre e discípula, pero entre as miñas compañeiras e compañeiros había xente magnífica. Porque, como el tamén dicía, o noso curso era unha promoción excelente. Agora penso que ao mellor foi do Carballo profesor de ensino medio de quen aprendín a dar as clases de pé e de maneira peripatética. Aínda escoito os seus pasos. E, sen dúbida, tamén aprendín del, como de miña nai e de meu pai, os meus primeiros Mestres na casa, a ensinar a vida e para a vida, só que eu empreguei sempre un estilo libertario orixinado na miña casa, un estilo, nisto, totalmente distinto ao de Carballo.

Pasados os anos, en 1972, cando eu xa lía os seus libros, merquei na Librería Alonso da Praza do Campo de Lugo “Salterio de Fingoy”, que para min levaba no nome un lugar de vida compartida en parte. Nestes primeiros momentos de nena en Lugo coñecín o poeta que RCC quixo ser sempre, e do que quixen dar tamén eu sempre testemuño. O creador que chamaba ás súas fillas coa beleza dos nomes de Magalí e Chan[...]. O poeta dos “Poemas pendurados dun cabelo”. E coñecín á profesora de ensino público María Ignacia Ramos, que ía á praza facer a compra cun cesto de vimbio na mesma furgoneta do colexio que nos levaba ás rapazas a aprender a mercar os queixos probando se sabían. (De “Momentos de memoria persoal e comunal de RCC”, Carlos Caetano Biscainho Fernandes / Xosé Manuel Sánchez Rei (coord.), Ricardo Carvalho Calero: Ciencia, literatura e nación, Universidade da Coruña, A Coruña, 2011, pp. 49- 65).

Orgullosa e teimosa, Carballo Calero

Jacobo Sáñez Macho
Oftalmólogo



Os meus recordos de Carballo Calero como profesor son de cando eu era cativo, no antigo primeiro de bacharelato, mais a súas influencias penso que seguen efectivas en min a día de hoxe. Profesor de gramática castelá, tan preciso nas súas esixencias gramaticais como o era con todas as cousas.

Corrían os anos sesenta, un impensable colexio mixto na ditadura, un pequeno oasis, nun lugar lonxano, permitido por condicionantes difíciles de explicar. Unha forma de ensinanza que aínda hoxe é actual, clases sen libros de texto, sen exames, manter atención constante posto que calquer tema serviría para unha pregunta que nos obrigaría a algún razoamento. El, orgullosa e teimosa na súa forma e contidos da ensinanza.

Como director do colexio (formalmente estaba represaliado, e non o podía ser) tamén esixente, impoñía a disciplina só coa súa presenza; e podería parecer ríxido, mais co tempo interpreteino como ensinanza para respectar aos demais.


Realmente estou moi ledo polo recoñecemento que ten este ano. Tiveron que pensalo moito, precisamente pola súa forma de defender o que pensaba, o seu auxilio teimudo a un galego que se perde.

Falando en tempo de Lugo



Foto Eduardo Ochoa.

Escribindo ou falando, Carballo sempre foi un libro aberto. E a súa palabra ábrenos os ollos a un tempo, unha situación e un home.




Os debuxos de Siro "falan" de Don Ricardo.

Conversas

“Conversas en Compostela con Carballo Calero”

M. A. Fernán - Vello e F. Pillado Mayor.

Sotelo Blanco, 1986.



O capítulo V está dedicado aos anos lucenses con especial mención ao teatro no Colexio, á súa obra poética, ao Lugo dos anos 50, á tese doutoral... para rematar falando sobre o medo de Risco, inspirado *“na sensación de que un mundo edificado sobre alicerces de moitos séculos, podía ser posto en cuestión e derrubado por unha actitude insensata ou demoníaca”*.

Explica Carballo a súa visión daqueles anos lucenses, “*que eran anos en que se vivía baixo o goberno do xeneral Franco, eu tiña, naturalmente, pola miña humilde historia persoal, que permanecer à marxe das actividades de tipo público que levasen consigo unha certa espectacularidade, de maneira que vivía isolado en Fingoy. Estaba interno no coléxio. Residía no mesmo edificio e non saía habitualmente, salvo os fins de semana, daquela casa à que consagrava todo o meu traballo.*”

No Lugo daquela época había unha certa actividade cultural. Havia concertos e exposicións pictóricas que tiñan como centro principalmente o Círculo das Artes. Eu asistía, às veces, às exposicións pictóricas. Menos aos concertos, non porque non goste da música, senón porque as circunstancias xeralmente me retiñan no traballo, e os concertos son a unha hora determinada, mentres que as exposicións están abertas durante máis horas do día.

A vida literaria que existise en Lugo era-me practicamente descoñecida, porque o cultivo do galego, o feito de tratar-se dun autor galego, era un inconveniente para o desenrolo dunha actividade literaria. Cando foron suavizando-se as circunstancias, cando os americanos estableceron bases no país, cando houvo axuda de dólares, ocorreu o que eu prevín inmediatamente, que pouco a pouco tiña que ir-se quebrantando a ideoloxía franquista nas realidades prácticas, e así pasou. Houvo un pouco máis de liberdade de expresión literaria, xa non eran sancionados os bañistas que permanecían nas praias sen albornoz, autorizou-se practicamente que se formasen nas praias grupos de homes e mulleres -o que estaba prohibido regulamentariamente- e, co dólar americano, veu o biquíni feminino e outras liberdades que foron, naturalmente, socavando a pétrea tendencia ao anacronismo e ao totalitarismo, en certos aspectos culturais polo menos. E entón, como se sabe, comezou a rexurdir a vida literaria galega. Tivemos aquel suplemento literario de La Noche, no que colaborei muito, e un lugués -ou polo menos habitante de Lugo- reanudou a publicación da revista Vida Gallega, que Jaime Solá fundara a principios de século. E pediu-se-me colaboración para esta revista. En Vida Gallega publiquei numerosos artigos, algúns en castellano e outros en galego. Parece-me que foi entón cando comecei a utilizar o pseudónimo de Fernando Cadaval”.

En relación co papel de Fingoi como unha illa no panorama pedagóxico do país, comenta que “*queria-se dar unha educación que tivese utilidade inmediata para a vida, e procurava-se prescindir, na medida do posíbel, da erudición libresca.*”



Francisco Pillado Mayor e Miguel Anxo Fernán Vello con Don Ricardo.
Foto da capa do libro "Conversas en Compostela".

De maneira que ali non tiñamos libros de texto, había libros de consulta, libros de lectura, pero aspirábase a que, desde os primeiros momentos, os alumnos se acostumasen a reflexar en breves esquemas redactados por eles mesmos as explicazóns dos profesores. Por outra banda, intentábase -e puña muito énfase nisto o fundador do coléxio- tamén na medida do posíbel, unha disciplina imposta desde o exterior. Non se pode falar no Coléxio Fingoy dunha regulamentazón sancionadora das faltas dos alumnos. Era aspirazón do coléxio que non houvese nengún tipo de educación represiva. Cando xurdían problemas podía-se recorrer a médios de influencia sobre o espírito dos alumnos que non se puidesen considerar castigos. En realidade non había castigos. Mas, claro está, non debemos caer na inxenuidade de crer que os alumnos en masa ian obedecer por pura persuasión aos profesores. Sempre había casos fallidos, pero non se adoptaban sanzóns do tipo habitual, senón que ás veces, naturalmente, certas insuficiencias de preparazón se tratavan de correxir compensando cun horario de maior permanencia no estudo do alumno, a posíbel deficiencia que este mostraba".

E sobre o especial papel do teatro no Colexio Fingoi, comenta: "Eu dirixía os ensaios, era o director. Pero tiña, para estas cousas do atrezzo, algúns colaboradores valiosos, especialmente unha profesora, Concepción Fer-

nández Crespo, principal instrutora dos nenos en cuestión de danza. Pero as obras dirixía-as eu. Eu facía todos os papeis nos ensaios para que os nenos tivesen unha orientazón, porque aínda que os maiores ás veces xa amostraban formas persoais de interpretar, moitos destes nenos nunca se viran en tal, por iso eu tiña que fazer de señor Fuco, de Pimpinela...”.

Pero nunca chegou a actuar: “Curiosamente nunca, nunca saín ao público, a pesar de que me tería gustado. Tería-me gustado ser actor... tería-me gustado ser moitas cousas: ser director de orquestra... pero ser actor tamén me tería gustado. E, ao mellor, tiña algunhas condizóns, porque se non fun actor, criei actores, xa que estes rapaces antes de representar estas pezas non tiñan ningunha experiencia, e algúns desenrolando a súa propia condizón idónea, chegaron a ser excelentes actores”.



Representando a Molière.

Abeledo, esto va ser lo suyo...

Bernardo Abeledo Fernández
Empresario de transportes



Yo fui un mal estudiante, y con muchos esfuerzos y por la insistencia de mis padres conseguí sacar el bachiller.

Recuerdo que Don Ricardo, en las horas de estudio, cada vez que venía a hacer un recorrido, me ponía como ejemplo a mi hermano. Yo siempre le contestaba que lo mío eran los coches.



Co seu profesor, Gaiteiros de Fingoi, Bernardo Abeledo, Emilio Fernández Fernández, Fernando López-Acuña, Antonio López-Acuña e Manolo Sández.

Un día, en la hora del recreo, con muy buen tiempo, él andaba en bicicleta por allí, me llamó y me dijo: “Sr. Abeledo, como buen mecánico que intuyo va a ser, observe este ruido que hace mi bicicleta al andar”. Con lo cual, él dando pedal a ritmo lento, y yo corriendo a su lado observando hasta que descubrí el fallo, se lo solucioné.

Como se sabe, en el Colegio había un vehículo para las clases de conducir... Pues siempre me ponía a mí como alumno aventajado, y me decía: “Abeledo, esto va ser lo suyo, lo veo muy convencido, pero para eso también se requieren unos buenos estudios”.

Siempre en mi recuerdo, Don Ricardo.

“Conversas con Carballo Calero”
Carmen Blanco.
Galaxia, 1989.



Carballo fala coa súa antiga alumna de temas esenciais destes anos lucenses, desde o vencello con Lugo, a súa familia, o ensino, a tertulia do Méndez, Pimentel...e, naturalmente, Fingoi, que cualifica de *“viveiro de formación de profesores, e de aí saíron tamén alumnos que co tempo chegaron a ser figuras distinguidas do mundo intelectual”*.

E, en Fingoi, do teatro, buscando a raíz de *“A farsa das zocas”* na literatura popular de tradición oral: *“Pois mira, até o ponto de que a obra se basa nun conto popular galego que me foi transmitido por unha aluna e que chegou até a min”*.

xa incompleto; entón tiven que completalo, pero o fondo é un conto popular. O principio da demora en obter unha definitiva situación no mundo do alén como consecuencia de ser enterrada cunhas zocas que usara unha persoa que cometera un delito, iso estaba no relato popular. De aí arrinqueei, logo tiven que criar personaxes e complicar a situación. As personaxes son todas populares; incluso aquelas de condición social relativamente elevada son xentes que viven na aldea; todo iso é mui real, pero aparece tamen a Santa Compañía, hai elementos sobrenaturais da mitoloxía popular. De maneira que é a máis galega nese sentido digamos folclórico, sen dar á palabra folclórico ningún valor peiorativo, por suposto. Tamén ten un esquematismo que non teñen as outras. Cando algunha vez dirixín a representación desta obra aconsellei que as personaxes actuaran cunha certa rixidez semellante á dos títeres, porque é unha farsa verdadeiramente, co seu inxenuo final de castigo, de puntapés, final típico de moitos pasos e entremeses clásicos; é un teatro de barraca, propio para ser interpretado ao ar libre, aínda que admita tamén unha versión mui sofisticada”.

Carmen Blanco fora testemuña da representación de “Pimpinela”:
“En “Pimpinela” tamén obtivemos un grande éxito, tanto internamente como cando saímos fóra. María do Carmo Herrero facía de Pimpinela; Araceli Herrero tamén traballaba, era a voz do autor, a que enunciaba a lista de personaxes, etcétera; e logo este rapaz, Acuña, era o vello, o señor Fuco; o mozo era Manuel Fernández; os pais de pimpinela eran Marcos Fernández e unha rapaza chamada Carmen Canto, que facía unha grande creación da súa personaxe; logo había un coro de mulleres, a actual directora de Fingoi, Asunción Fernández, filla do fundador, formaba parte dese coro”.

E por fin fala das primeiras representacións de “Os Vellos” en Galicia: “Con anterioridade houbera dúas representacións. Unha organizada en Santiago por Rodolfo Veiga, este señor que agora é secretario do Patronato Rosalía de Castro e que durante moito tempo tivo un grupo teatral. Ben, e despois, Antonio Naveira na Coruña tamén representou “Os vellos non deben de namorarse” na praza de touros. Estiven eu presente e alí falei coas irmás de Castelao. Creio que estas dúas representacións son anteriores. A nosa, claro, era máis limitada, limitada a un dos lances e realizada para os alumnos e as familias e os amigos, aínda que despois se levou ao Instituto Masculino de Lugo, porque era unha época en que Arcadio López-Casanova organizaba alí unhas clases de galego e na clausura desas clases se realizaron varios actos: Otero Pedrayo pronunciou unha conferencia e o grupo teatral de Fingoi prestou a súa colaboración representando este lance”.



*Carballo Calero e Carmen Blanco no Parque Rosalía de Castro de Lugo.
Foto Eduardo Ochoa.*

Persona de gran cultura, muy recto, pero al mismo tiempo muy humano y cercano

Pepa Carro Páramo
Voluntaria de Manos Unidas



Me enorgullece que Don Ricardo sea por fin reconocido y que este año sea a él a quien se le dedique el Día das Letras Galegas.

Recuerdo que en una ocasión vino a visitarnos Santalices con su zanfoña, y nos estuvo cantando varias canciones, entre ellas el “Romance de Don Gaiferos de Mormaltán”, y Don Ricardo nos lo mandó aprender de memoria. Yo todavía puedo recordarlo: “Gracias meu señor Santiago, aos vosos PÉS me tes xa”.

Las obras de teatro que representábamos en el colegio con Don Ricardo eran siempre en gallego, y cuando nos dictaba algún verso en gallego (que eran suyos), el decía que eran anónimos.

Era una persona de gran cultura. Muy recto, pero al mismo tiempo muy humano y cercano.

Era también un entusiasta de la cultura egipcia y nos transmitió ese entusiasmo, de ahí mi afición por todo lo egipcio.

Éramos muy pocos alumnos en todo el colegio. Tengo grandes recuerdos de aquella época en la que nos sentíamos como una gran familia.

Todavía hoy sigo acercándome por distintos motivos al Colegio Fingoi, MI COLEGIO. Por ejemplo, cada año durante la campaña de Manos Unidas acompaño al misionero en sus charlas con los alumnos, y siempre somos muy bien recibidos.



Olga “da Primavera”, “Chan” Carballo-Calero, Pepa Carro, M^a Carmen Gil e Marisol Truque.

“Voz e silencio (entrevista con Ricardo Carballo Calero)”
Francisco Salinas Portugal.
Ed. do Cumio, 1991.

Entresacamos o comentario de Carballo sobre a súa relación coa Editorial Galaxia: “*Eu nunca fun directivo de Galaxia, nunca formei parte do Consello de Galaxia. Nos anos fundacionais de Galaxia eu residía en Lugo, tiña problemas de moitos tipos e estaba en liberdade condicional. Non desempeñei, pois, -pola miña situación desde ese punto de vista e tamén pola miña ubicación xeográfica- un papel esencial na organización de Galaxia aínda que contribuí desde os primeiros tempos coa miña colaboración escrita, coa miña colaboración literaria, a todas as publicacións que Galaxia realizou; no primeiro número de Grial hai colaboración miña e se se revisan os índices de autores dos diversos tomos de Galaxia, vera-se que eu son unha das figuras que aparecen con máis frecuencia.*



Agora ben, nunca fun requerido para desempeñar funcións de tipo directivo, nunca formei parte do Consello de Administración de Galaxia, entre outras razóns porque o Consello de Administración dunha entidade se constitui principalmente con aqueles membros que aportan fondos económicos, fondos financeiros, fondos crematísticos á obra e entre os que entón nos desenvolvíamos no mundo cultural galego, había-os como Don Antonio Fernández López ou D. Álvaro Gil que dispoñían de medios económicos e os aportaban, mentres que outros tiñamos que limitar-nos a “esprimir o cerebro” o que podíamos e a nosa aportación era a de un sócio industrial -valla o paradoxo- e non a de un socio capitalista”.



Xuntanza fundacional da Editorial Galaxia.

Fingoi - Don Ricardo

Marina Cal Freire

Profesora en Fingoi



Dúas palabras que teñen para min un gran valor significativo forman parte da miña personalidade, desde que comencei a miña vida profesional.

Don Ricardo, así nos referíamos sempre a Carballo Calero, dirixía o colexio onde os estudantes se formaban. Non había libros de texto, polo que todo coñecemento se acadaba investigando persoalmente ou en equipo, dirixidos polo profesor.

Don Ricardo vixiaba que este traballase ben. Era aparentemente distante, pero preocupado porque os alumnos progresasen, desenvolvesen o seu sentido crítico, e se expresasen correctamente. Era razoablemente esixente.

Galiza era o tema central. Por medio de viaxes os domingos, habían de coñecerse as distintas vilas da provincia de Lugo, despois de adicar a semana ó seu coñecemento teórico. O folclore galego era esencial, algo que os rapaces practicaban con grande éxito. Na miña materia de ensino, lingua latina, tiñamos que coñecer a etimoloxía das palabras e a súa evolución ata o galego. Valoraba que o noso traballo fose práctico e dinámico.

A relación con nós, profesores, era cercana e dialogante.

Podería contar algo anecdótico, por exemplo, a súa teima porque non saísemos ós patios sen viseira, gorro ou pano na cabeza, porque tiñamos que ser exemplo. Iso creaba como un xogo cando non o faciamos correctamente.

Desexaría que estas liñas desen unha imaxe do que foi Fingoy e Don Ricardo para min, profesora nova e en proceso de formación. Alí aprendín moito durante os cursos 1961-62, 62-63 e 63-64, e sempre lle estiven agradecida.




Falen cartas...

As cartas de Carballo desde Lugo aos seus amigos máis directos -Ramon Piñeiro e Francisco Fernández del Riego- son tan claras e confidenciales como se o escritor levase un diario persoal. Nelas queda constancia da súa vida, do traballo, das súas teimas, das súas devocións...

A correspondencia con Piñeiro (“*esculcador da saudade, home de talento tan profundo como de rija fibra moral*”) publicouna a Xunta de Galicia en 2015 dentro dos “*Cadernos Ramón Piñeiro, XXXIII*”, en edición de Luís Alonso Girgado, Luís Cochón, Nuria Rouco Aneiros e Xurxo Martínez González. En 2004 xa se publicara o “*Caderno V, Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero*”, en edición de Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Carmen Fariña Miranda.

As cartas comprenden desde abril de 1950, xa Carballo en Lugo, ata novembro de 1965, como para certificar o que Piñeiro lle dicía en xaneiro de 1963: “*Xa teño ganas de que te veñas para Compostela, que éo teu verdadeiro lugar de traballo. Ademais, así poderemos botar grandes parrafadas. ¿Non si?*”.

En carta de 14 de decembro de 1961, e sobre os traballos de organización do Colexio, Piñeiro coméntalle “*Non deixa de ser boa pena que teñas que gastar tanto tempo nesas obrigas cotiáns e restarlllo á túa actividade intelectual. Menos máis que o teu abnegado amor por Galicia é mais forte que ises migalleiros e teimosos atrancos de cada día e, con disciplina e heróica tenacidade, vas dándolle cima a un labor cultural de positiva transcendencia. Nise orde de cousas, a túa conducta é esceicionalmente exemplar*”.



E con especial desexo de animalo é a que lle remite o 4 de maio de 1965, na que indica que “non sería eu quen che reprochase o tempo que “gastas” en preparar e mobilizar ás raparigas e máis ós rapaces para levar a cabo iniciativas de tipo cultural. Pola contra, penso que ise aspecto do teu labor é importantísimo, porque é fecunda semente para o futuro. Con menos froito que ti, eu teño “perdido” moitos milleiros de horas en tarefas máis ou menos semellantes”.



*Carmen Bohorque, Carmen Gil Ramos, José Luis Fernández Puentes,
Melisa Fernández Puentes, Luis Abeledo e Marisol Truque.*

En Fingoi con Don Ricardo

Carlos Fernández Fraga

Médico



Era maravilloso dar as clases na carballeira (primavera, había escornabois), e sempre alargabamos o camiño. Do proxecto educativo do colexio os alumnos non soubemos ata que o deixamos.

Con Don Ricardo topaba a veces nos pasillos. Era como un aparecido, creo que porque usaba sempre zapatos de caucho, que non facían ruído ningún. Sempre estaba alí, e o medo que daba viña do rigor que transmitía: coa súa fala tan precisa e económica preguntaba... eu respostaba / tateaba algo, quen sabe que.

Nas súas clases fun sentindo como a linguaxe, a fala, superaba a utilidade, e non era só ferramenta, senón -moitos anos despois souben- como el describiu no “si borro de mi lengua la palabra” como a “*chave das entrañas do mundo*”.


Tamén lembro o seu jipijapa, inusitado sombreiro que co tempo, lendo a súa poesía, vin que era máis que unha protección solar (cubría a “sangrienta flor”).

Moitas grazas Fingoi-Don Ricardo.



Festival nos arredores de Fingoi. Bailarinas na fonte.

O “*Epistolario a Fernández del Riego*”, publicado por Galaxia en 2006, con edición de Dolores Vilavedra e Montserrat Pena, vai desde outubro de 1949, aínda residindo en Ferrol, ata novembro de 1976. O tema central das cartas é o seu Colexio Fingoi, sendo clarificador o texto (25 de agosto de 1961), no que comenta que “*en calquera xestión que realice, o primeiro que teño que facer é desfacer a creencia do meu interlocutor de que Fingoy pertence a unha especie común, e informalo de que é o único individuo dunha especie “sui generis”, o que moitos non entenden endexamais, e a outros asústaos tremendamente*”.



Do mesmo xeito que entre os seus alumnos e alumnas hai total coincidencia nas súas virtudes e competencia (na súa excelencia docente), nótase que o exercizo da docencia non lle creaba problemas ao profesor.

De moi pouco antes de integrarse en Lugo é a carta enviada desde Ferrol (27-VII-1950), na que lle comenta ao seu amigo: “*Días atrás he estado en Lugo y he coincidido con Fernández en incorporarme al Colegio que proyecta. En septiembre volveré a verle para ocuparnos de la puesta en marcha del proyecto. Él quiere que funcione para octubre. De modo que la suerte está echada. Me preparo, pues, a abandonar Ferrol y a empezar una nueva vida. Esto, a los cuarenta años, es bastante arriesgado y sobrecargado; pero espero que siquiera en Lugo hallaré alguna cordialidad que me ayude a afrontar las dificultades. Veremos cómo resulta todo. [...] Estos días he caído de nuevo en la tentación de escribir, y he empezado a planear una obra de teatro que se titulará Farsa das zocas*”.

Tres meses despois (26-X-1950), xa desde Lugo, indícalle que “*Supoño que agora en moito tempo non escribirei nada. Teño que me consa-*

grar a outras actividades, e máis que dividir o tempo éme difícil dividir as preocupacións. Atenderei os pedidos cos xéneros poéticos almacenados. Non embargantes, rematarei a “Farsa das zocas”, á que non lle resta senón a escea final”.

Desde entón, as preocupacións de Carballo se non van in crescendo si teñen presenza permanente no decurso do tempo, rexistrando en toda a década dos cincuenta continuas angurias: “O Colexio absórbeme totalmente ate o punto de ter que renunciar á literatura cicáis para sempre”, “son tragado pol-o Colexio”, “as tarefas esgotadoras no Colexio...”, “Como mañá comezan as clases no Colexio, o tempo empezará a fuxirme antre as mans”, “o traballo do Colexio absórbeme a vida enteira, e nin saio de Fingoy nin fago outra cousa que traballar no Colexio, xantar e dormir...”, “Se a unha hora determinada saíra de Fingoy e me fora á miña casa... Pero a miña casa é Fingoy; de xeito que con Fingoy me deito e con Fingoy me ergo. Os domingos hai misa, excursión ou seminario en Fingoy... Fingoy é Leviathán.”

De 1954 (14 de febreiro) é a carta na que lle comenta que está a traballar na tese “en pésimas condicións de tempo, pois isto da dirección do Colexio éche unha cousa moi seria”, e case catro anos despois (16-XII-1957) o problema céntrao na Historia da Literatura: “Debía ter unha oficina aparte para a elaboración da Historia. Se Galaxia quer, estou disposto a me pechar dous anos na celda dun mosteiro para adicarme exclusivamente a ista obra. Pero dempóis ¿quén me arrincarará de alí?”, permitíndose de cando en cando algunha pinga de humor confidente como na carta do 20-V-1958, que data no “Eremitorio de Fingoy”, e na que lle chama “Arxirocéfalo Bonzo de Galaxia, Grande Lama de Coruxo e Samurai de Lourenzana, e agradece a presenza do seu espírito naquel apurado trance” (Refírese á entrada na Real Academia Galega, o 17 de maio).

Na década dos sesenta non mellora a súa situación en canto a un traballo que se evidencia lle resulta ingrato: “as miñas funcións administrativas no Colexio limitan moito a miña liberdade de movementos” (11-VII-1960), “Os problemas do colexio son cada vez máis difíciles de resolver” (25-VIII-1961), “Os problemas do colexio abáfanme e amargúranme de xeito que non sei o que poderei facer” (9-III-1964), “Tamén teño de vacacións todo o personal. Así que todo anda moi mal” (28-VIII-1963), “Os problemas do Colexio acábanme” (13-II-1961), “Mañá envío tres excursións de alumnos por ahí diante. Hoxe fallóume un dos profesores encargados de comandalas. Inda

non sei cómo resolveréi isto” (27-VI-1964), ou “*¿Para que che vou decir que ando esmendrellado e afogado polo traballo?*” (21-I-1965).

Algunha nova leda hai polo medio, como cando lle fala da Exposición “Cen anos de Literatura galega”, dicíndolle: “*Eu colaboréi nela, mesmo facilitando dúas preciosas alumnas miñas que recitaron con grandísimo encanto poemas rosaliáns que eu lles adeprendera*” (22-XII-1963), pero xeralmente a conclusión podería ser: “*Fora da Historia todas as miñas actividades son sonambúlicas*” (13-II-1961).

As dificultades fanlle pensar en deixar a Academia: “*Vou ter que renunciar á cadeira, pois éme imposible me encargar de ningún traballo máis. Mal atendo ao que teño e estou terriblemente surmenagé. Ide pensando en quen convén presentar para a miña vacante*” (13-II-1961). E mesmo cortan a súa capacidade de escritor: “*Xa terás visto que cesou a miña colaboración no Faro. Fai moito tempo que non son capaz de escribir un artigo para un xornal. Non é só a falta de tempo, senón a falta de humor o que me paraliza*” (31-VIII-1964). Sen que deixe de aparecer algunha pinga de humor: “*Agora estou preparando as excursións finás de curso, a festa de fin de idem, os informes mensúas, e os exames de estado inminentes. Dígocho para que te consoles un pouco dos teus traballos ao saberme a min na mesma situación. Como son máis vello e máis malencónico, estouparei primeiro ca ti*” (28-V-1963). E, en fin, “*Si vivis, bene est, ego vivo*” (saúdo latino que pode traducirse como “*Alégrome de que sigas vivo, eu tamén o estou*”)” (21-I-1965).


E, sempre presente, a preocupación polo futuro: “*Conviría que me mandaras algún libro de Rodríguez Lapa que vexas me pode ser útil pra a preparación das eventúas oposicións a cátedra. Durante dous días estiven decidido a poñerme a preparar as de literatura de Institutos*” (22-XII-1963). “*Agora teño que facer unha Memoria metodolóxica para presentar no concurso convocado para ingreso no distinto Corpo de Profesores Adxuntos de Instituto. Teréi que ir a Madrid e facer os meus exercicios para ver se logro que me coloquen no escalafón a moita distancia por baixo de Magalí e a unha distancia astronómica, na mesma dirección, da miña propia muller. O máis gracioso sería que me suspenderan, que é probremente o que merezo. ¡Ai, vello carballo cativo e retorto, sen sombra, oco e infructífero, cacarañado e derreado! Qu’as tu fait, oh toi que voilà pleurant sans cesse? Dis, qu’as tu fait, toi que voilà, de ta jeunesse? Adieu*” (21-I-1965). E, en fin: “*Estou pendente de que me aceiten*

ou non como concursante dos exercicios previstos para convertir en adxuntos aos cursillistas do 36. Non teño a menor idea de si a miña documentación será ou non definitivamente admitida. En caso afirmativo, tería que trasladarme a Madrid para actuar nas probas previstas” (6-VIII-1965).

O 18-VIII-1965 conclúe: “Xa dimitín da direcion de Fingoy. Pero atopo dificultades para a facer efeitiva. Niste outono teréi que concursar ao Corpo de Adxuntos. Da famosa cadeira de Santiago nada sei. En fin, que ñoro totalmente o que vai ser de min”.

Hai logo cartas remitidas desde o “Instituto Nacional de Enseñanza Media. Profesorado. Rosalía de Castro. Santiago de Compostela (10-X-1966)”. Volve habelas desde o Colexio Fingoy desde mediados de 1967 ata agosto de 1968, e xa en 12-I-1972, unha remitida por “Profesor. Dr. Ricardo Carballo Calero. Cátedra de Lingüística e Literatura galega. Universidade de Santiago de Compostela”.

Inéditas permanecen as “**Cartas de Ricardo Carballo Calero a Tomás Barros Pardo**” (Abril, 1952 - Febreiro, 1981), recompiladas pola familia do pintor e escritor coruñés, que debemos á xenerosidade de Margarita Carballo-Calero Ramos (Magalí), centradas en temas literarios, entre eles a edición en Ferrol da revista “*Aturuxo*”, na que Carballo publicou traballos. Nunha destas cartas, Carballo eloxia a “*probada capacidade para tecer imaxes punxentes e lanzás*” de Barros Pardo.





O coro de primaria de Fingoi, dirixido por Paloma Lugilde, cantando na honra de Ricardo Carballo Calero.



Don Vicente Devesa cun numeroso grupo de alumnos do Colexio Fingoi, varios deles participantes neste libro coas súas lembranzas.

Conclusión

A achega creativa dun antigo alumno do Colexio Fingoi pon o perfecto colofón a esta ollada sobre Don Ricardo, na que este Colexio lucense comparte o seu especial protagonismo.

Xogando -soñando- co pasado e o presente, Manuel Sández sitúa o Fingoi de Don Ricardo e Don Antonio, por facer historia, por riba do tempo, no mundo das realidades, para acreditar que ás veces os soños son posibles.

Deixamos como final desta publicación de homenaxe a Carballo Calero a especial achega do historiador Antonio Prado Gómez, sobre os TRES LUSTROS LUCENSES de “Don Ricardo de Fingoi”.

Un soño chamado Fingoi que Carballo Calero fixo posible

Manuel Sánchez Macho
Oftalmólogo



Soñaba onte coa educación que desexaba para os meus netos, e ante min ían aparecendo aquelas condicións ideais que deberían ser cumpridas.

Unha escola mixta, apolítica, aconfesional, na que o alumno fose adquirindo unha formación que o preparase para un mundo igualitario, onde todos fósemos iguais, onde ninguén fose mellor ca ninguén.

As aulas non serían un lugar onde se limitasen a dar e tomar as materias, senón un lugar para “ensinar e aprender a buscar, reflexionar, a resolver, a compoñer sempre persoalmente”.

Non existirían libros de texto e o alumno compoñería os seus propios apuntamentos coas explicacións do mestre e a súa propia investigación en libros e outras fontes. Aprendería a amar a lectura coa visita habitual a bibliotecas, e sairía das aulas para entender e gozar da nosa contorna, da natureza, fonte inesgotable de información.

Mediante a relación directa coa terra e o campo aprenderían o cultivo e elaboración de produtos sans, que logo axudarían a transformar nunha alimentación sa, sustentable e equilibrada.

Coñecerían a nosa contorna, o noso pobo, o noso país, mediante excursións periódicas que ensinarían a valorar a nosa lingua e as dos nosos veciños, as súas culturas, as súas diferentes idiosincrasias, para así darse conta de que ninguén é mellor que ninguén nunca.

O gusto pola música, a danza, a pintura, o teatro, mediante unha participación directa, unido ao coñecemento e desenvolvemento de novas tecnoloxías, prepararía aos mozos para entrar no mundo real.

Aprender de modo natural que existen diferentes idiomas para entenderse cos demais, empezando polas nosas linguas, galega e castelá, pero completándose con idiomas doutros países, axudaría a formar cidadáns do mundo.

Seguín soñando con mil e unha ideas cando de súpeto espertei e sorprendido deime conta de que todo o soñado xa existía: Chámase Colexio Fingoi, e Ricardo Carvallo Calero, á fronte dun exquisito cadro de mestres, fíxoo posible.



*Carmen Fernandez (“Camolas”), Manuel Sández, Carballo Calero,
Araceli Herrero e Antonia Fernández Puentes.*

O que máis me sorprendeu é que estaba a ver un centro educativo de Lugo, e que corrían os anos 50 do século XX nunha España escura e difícil, e non nos albores da terceira década do século XXI.

O 15 de xaneiro de 2020 celebrouse en Fingoi o primeiro dos actos en homenaxe a Don Ricardo, por térselle dedicado este ano o “Día das Letras Galegas”, coa presentación da exposición itinerante que leva o mesmo nome que este libro. Presidiron o acto o Presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, o Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Valentín García Gómez, a filla maior do homenaxeado, Margarita Carballo-Calero Ramos, e a directora do Colexio Fingoi, Asunción Fernández Puentes. Actuaron os Gaiteiros de Fingoi dirixidos por Pepe Baamonde, Pilocho, o Coro dos alumnos de primaria dirixidos por Paloma Suanzes e, ao violín, o bisneto de Carballo Calero, Jacobo Cela, acompañado polo seu profesor Manuel Fernández Gayol.







Tres lustros lucenses

Antonio Prado Gómez

Historiador



Non deixa de ser singular o feito de que a Real Academia Galega veña de dedicar dous anos seguidos o Día das Letras Galegas a dous profesores e escritores que coincidiron na cidade de Lugo nas décadas centrais do século pasado e que en ambos casos chegaron á cidade tras ter soportado durante anos os rigores das sancións franquistas. O ano 2019 foi o ano Antonio Fraguas, un docente e historiador que foi profesor do Instituto Masculino entre 1950 e 1959, e o ano 2020 é o ano Ricardo Carballo, outro docente e lingüista que desenvolvería entre 1950 e 1965 o seu labor no Colexio Fingoi, un centro que abría un novo espazo para o ensino privado dentro da cidade. Para os dous ilustres polígrafos Lugo foi, polo tanto, unha cidade de acollida na que se integraron como intelectuais significados, na que desenvolveron diversas actividades culturais e na que desprepararon unha moi importante obra escrita e investigadora. Ademais, os dous intelectuais galegos foron amigos e decididos partidarios de defender os trazos de identidade de Galicia¹⁴.

Nesta ocasión o noso obxectivo será comentar a tarefa que levou adiante Ricardo Carballo Calero nos tres lustros que permaneceu en Lugo, centrándonos primeiro nas actividades que realizou como orador no marco do principal centro cultural da cidade, o Círculo das Artes, e comentando logo as súas cola-

¹⁴ Todo indica que no traslado de Carballo Calero a Santiago en 1965 tivo moito que ver o apoio de Antonio Fraguas e de Ramón Otero Pedrayo –xa instalados na cidade como docentes– ante o catedrático Abelardo Moralejo coa fin de que se crease para Carballo unha praza na Universidade compostelá (REIMUNDE, Ramón, *Cautivério de Fingoi. Os anos lugueses (1950-1965) de D. Ricardo Carvalho Calero*. Lugo, Deputación provincial, 2010, pp. 119 e 128). Ib. Referencia interesante nunha carta de 17 de setembro de 1965 de Ricardo Carballo a Ramón Piñeiro (vid. *Epistolario Ricardo Carballo Calero-Ramón Piñeiro (Historial dun libro)* en *Cadernos Ramón Piñeiro* (XXXIII), 2015, pp. 343-344).



O Colexio Fingoi nos anos sesenta.

boracións coas dúas publicacións periódicas lucenses máis importantes por eses anos: o “Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Lugo” (BCPMHAL) e a revista *Vida Gallega*. Evidentemente, non pretendemos nesta visión bibliolóxica ser exhaustivos sobre todos os escritos que Carballo Calero modelou durante a súa estadía lucense (seguramente unha das etapas máis produtivas da súa vida literaria), xa que noutros estudosos da súa figura e no mesmo autor pódese ampliar esta información¹⁵; o que aquí se pretende é reflectir a relación que tivo co principal centro cultural da cidade e coas dúas publicacións periódicas que nese momento podían considerarse lucenses.

En todo caso, polas mesmas declaracións de Carballo, recordadas polo seu biógrafo Ramón Reimunde¹⁶, o vínculo do escritor con Lugo foi

¹⁵ REIMUNDE, Ramón, *op. cit.*, pp. 81-110 e 145-147. O mesmo Ricardo Carballo na última década da súa vida, deixou revisada a súa produción literaria, que ordenou en volumes: *Preterito imperfecto* (1980), *Futuro condicional* (1982), *Da fala e da escrita* (1983), *Narrativa completa* (1984) e *Letras Galegas* (1984).

¹⁶ REIMUNDE, Ramón, *op. cit.*, pp. 20-23.

prolongado e intenso, excedendo o marco cronolóxico dos quince anos que permaneceu na cidade. Foi nela onde estudou e traballou, na que casou coa lucense Ignacia Ramos, na que se desenvolveu a infancia e xuventude das súas fillas e na que conserva aínda descendencia, polo tanto non resulta esaxerado afirmar que Lugo foi un marco urbano moi importante na súa vida pese a que nalgún momento puidese cualificarse como un lugar de “exilio interno”.

Un espazo de relación social: O Círculo das Artes

A relación de Ricardo Carballo Calero coa cidade de Lugo foi moi directa nos tres lustros transcorridos entre 1950 e 1965, anos nos que o mecenas Antonio Fernández López lle encomendou a xestión do Colexio Fingoi, un centro educativo que abría as súas portas coa intención de desenvolver un estilo docente innovador e progresista¹⁷. Sería unha etapa da súa vida na que estableceu a residencia no propio Colexio e uns anos nos que estivo vinculado á actividade cultural lucense, boa parte da cal nos anos cincuenta e sesenta tiña como escenario os salóns do Círculo das Artes, unha Sociedade que por entón empezaba a recuperarse do ostracismo que marcaran os anos da fame e que impulsaba un ritmo cultural fortalecido cos actos da celebración do seu centenario no ano 1955. En tal ocasión a institución cultural e artística por excelencia da cidade de Lugo multiplicaba as súas actividades mesmo dándolles un matiz de identidade a través do que se pretendía propiciar o coñecemento e a difusión dos trazos da singularidade galega e, polo tanto, resulta lóxico pensar que desde tal perspectiva tivese que contar coas achegas dun experimentado intelectual como era Ricardo Carballo Calero a quen tiña ben preto e que ademais se incorporaría como socio do Círculo no ano 1960¹⁸.

¹⁷ Das circunstancias da súa incorporación a este Colexio son moi reveladoras as cartas que escribe Ricardo Carballo ao seu amigo Francisco Fernández del Riego, p.e. as datadas o 9 e 27 de xullo, 20 de setembro, 5 e 8 de outubro e 28 de novembro de 1950 (vid. CARBALLO CALERO, Ricardo, *Epistolario a Fernández del Riego*, Vigo, Galaxia, 2006, pp. 128-129, 131, 146, 148 e 160-161).

¹⁸ *Actas Xuntas Directivas (AXD) 20-10-1960. As relacións sociais de Carballo non se limitaron evidentemente ao Círculo das Artes, xa que el mesmo recordaría outros ámbitos de comunicación dentro da cidade de Lugo como o do famoso faladoiro do café Méndez Núñez, ao que asistían amigos seus como Luís Pimentel, Manuel María ou Celestino Fernández de la Vega, e no que participou con certa asiduidade entre 1950 e 1953.* (vid REIMUNDE, Ramón, *op. cit.* pp. 39-40).

A primeira noticia que coñecemos sobre as intervencións do erudito profesor nas actividades do Círculo das Artes a rexistra unha acta da Xunta Directiva do 9 de maio de 1952, cando o docente e escritor apenas levaba dous anos de estancia na cidade. Nesa data Carballo Calero ofreceu unha conferencia co título de *Verso y prosa en Rosalía*, un contido que non resulta sorprendente se consideramos que por estes anos o autor estaba a traballar con entusiasmo sobre a figura e a obra da ilustre poetisa galega, e publicaba estudos como os titulados *Una línea poética: Rosalía, Rubén, Juan Ramón*, aparecido no xornal compostelán *La Noche* de 18 de decembro de 1949 co pseudónimo de Fernando Cadaval, ou *Arredor de*



Ricardo Carballo Calero,
nos seus tempos de Fingoi.

Rosalía -na obra colectiva “Ensayos sobre Rosalía”-, publicada pola editorial Galaxia en 1952. De feito, o seu interese pola escritora galega non decaeu co tempo e, como resultado das investigacións que durante os seus anos lucenses fixo sobre o personaxe, aparecerían outras achegas como a de *Referencias a Rosalía en cartas de sus contemporáneos* (Cuadernos de Estudios Gallegos¹⁹, nº 56, 1954), *Rosalía y otros* (C.E.G., XXXVII, 1957), *Visión de la vida en la lírica de Rosalía de Castro* (C.E.G. XL, 1958), *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía* (Lugo, Celta, 1959) ou *Rosalía en Italia. Un texto crítico de 1885* (C.E.G. Tomo 14, 1959), ata chegar unha década despois ao traballo *Rosalía en Lugo*, (*Faro de Vigo*, 03-09-1962), asinado outra vez co pseudónimo de Fernando Cadaval.

Xunto con estes eruditos estudos hai que mencionar a edición, introdución e notas de *Cantares Gallegos* (Anaya, 1963), que sería precisamente o título da conferencia que debería impartir o día 17 de decembro de 1963

¹⁹ Cuadernos de Estudios Gallegos (C.E.G.) é unha publicación fundada en 1944, hoxe dependente do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, que forma parte do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (C.S.I.C.).

nos actos de clausura do aniversario da obra de Rosalía que promovía a sociedade lucense, e que por unha indisposición persoal de Carballo Calero quedaría aprazada. A admiración rosaliana tamén levaría ao noso autor a dedicar á poetisa galega o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, que se produciría simbolicamente o 17 de maio de 1958 no ecuador da súa estancia en Lugo, disertación que titularía “*Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía*”²⁰.

Como intelectual ben recoñecido dentro da cidade o Círculo das Artes non dubidou en integralo, a principios de outono de 1963, na comisión que habería de organizar un homenaxe con motivo do Centenario de *Cantares Gallegos*, que o profesor xa celebrara pola súa conta pouco antes coa publicación do primeiro tomo da súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, no que dedicaba un capítulo enteiro á ilustre poetisa. Na comisión organizada polo Círculo para celebrar os cen anos da publicación daquela obra de Rosalía que abrira un novo camiño literario para Galicia figuraban, xunto a Ricardo Carballo Calero, outros destacados persoeiros como Celestino Fernández de la Vega, Xesús Alonso Montero, Emilio Gil Varela, Epifanio Ramos de Castro e Amable Veiga Arias, todos eles activos cultivadores das letras no Lugo da época²¹.

Con esas colaboracións pretendíase levar adiante a efeméride a través dunha mostra de Literatura Galega na que se aproveitarían as experiencias doutras feitas anteriormente pola Sociedade, e máis en concreto a que supuxera a organizada en abril de 1945 por Julio Francisco Ogando Vázquez e Francisco Vázquez Saco, que tivo como corolario a publicación do catálogo da *Primera Exposición del Libro Lucense*.

Como consecuencia da evocadora iniciativa do Círculo das Artes o 28 de outono de 1963 quedou constituída unha comisión organizadora da Exposición de Literatura Galega en honor de Rosalía de Castro, comisión que presidía o presidente da Sociedade Ramón Varela Méndez, e na que figuraban como vogais Xesús Alonso Montero, Ricardo Carballo Calero, Salvador Castro Gallego, Celestino Fernández de la Vega, Antonio Fernández López, Mercedes Freire Carralbal, Antonio García Conde, Emilio Gil

²⁰ RODRÍGUEZ, José Luis, “Historia do volume, Cronobiografía, Carvalho e a Universidade, bibliografía activa e passiva” en *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, Universidade de Santiago de Compostela, 2000, tomo I, p.27.

²¹ AXD, 10-10-1963.

Varela, Ángel Juan González López (Ánxel Johán), José Mouriz Rodríguez, Epifanio Ramos de Castro, José Traperero Pardo, Abel Vázquez García, Manuel Vázquez Seijas e Amable Veiga Arias, é dicir, toda unha representación do mundo cultural e literario do Lugo deses momentos²². A comisión executiva, que levaría a principal responsabilidade do evento, constituíana os catedráticos dos Institutos Masculino e Feminino Xesús Alonso Montero e Epifanio Ramos de Castro, que se encargarían de impulsar de inmediato toda a organización.

A mostra, que se concretou co título de *Cen anos de Literatura Galega*, sería inaugurada o día 9 de decembro nun solemne acto ao que se invitaba ás autoridades e a representacións de toda Galicia, e o acontecemento completárase o día 11 cun recital sobre Rosalía de Castro por parte de alumnos dos centros educativos lucenses, e con outros actos que tiveron como protagonistas aos poetas Celso Emilio Ferreiro e Arcadio López Casanova. No contexto das actividades programadas, a Ricardo Carballo Calero encomendóuselle unha conferencia co ben significativo título de *Cantares Gallegos de Rosalía de Castro*, charla que debería impartir o 17 de decembro²³; sen embargo, o diario El Progreso dese mesmo día informaba na súa páxina 3 do aprazamento da conferencia por indisposición do relator, sen indicar, de momento, unha nova data para a súa celebración, polo que, como os actos da conmemoración pecharíanse dous días despois cunha intervención do presidente da Real Academia Galega Sebastián Martínez Risco, cremos que a disertación de Carballo Calero non chegou a celebrarse. Esta puntual ausencia non impide a Ramón Reimunde considerar o ano 1963 como o da “alternativa” de Carballo Calero²⁴, o que pode admitirse no sentido de que á publicación da súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea* uníase a súa participación nos *Cen anos de Literatura Galega*, evento que deu a coñecer a súa xa densa produción poética e ensaística (vid. Apéndice 1), e que polo tanto lle permitiu converterse, en certo modo, nun “intelectual público”.

Co seu traslado a Santiago de Compostela para exercer a docencia no Instituto Rosalía de Castro e na Universidade desa cidade tras obter a correspondente licenza para desenvolver o seu traballo como profesor de

²² AXD, 14-11-1963.

²³ AXD, 07-12-1963.

²⁴ REIMUNDE, Ramón, *op. cit.*, p. 117.

ensino público, Ricardo Carballo Calero non esquecería a Lugo nin á sociedade lucense coa que tiña colaborado. Deste xeito actuaría como mantedor o 21 de marzo de 1966 na Festa da Poesía, que se celebrou no Círculo das Artes para conmemorar a entrada da primavera, un acontecemento para o que se contou como recitadores cos poetas lucenses Arcadio López Casanova e Manuel María, e co coruñés Manuel Álvarez Torneiro²⁵. Na referencia que facía deste acto o xornal *El Progreso* de 22 de marzo advertíase que o mantedor fixera gala dos seus coñecementos literarios e da súa capacidade crítica, ao mesmo tempo que comentaba o sentido dun acto no que a palabra dos poetas non podía faltar para saudar á estación que se anunciaba, e aludía con erudición tanto á poesía vixente como á dos poetas falecidos. Referiuse dun xeito particular a Ramón Cabanillas, non só pola amizade persoal que tivera co cambadés, senón tamén por consideralo un poeta completo de quen recordou algúns dos principais aspectos da súa vida e da súa obra²⁶. Así mesmo, fixo unha análise paralela dos tres grandes poetas galegos clásicos, Rosalía, Curros e Pondal, deténdose en especial na temática dos dous primeiros. Tras ler uns poemas de Cabanillas dos que destacou o seu carácter narrativo, acedo e relixioso, rematou cun emocionado recordo para o poeta falecido sete anos antes.

Tamén participou Ricardo Carballo no II Curso de Verán que organizaba o Club Francés dependente do Círculo das Artes no ano 1968, e que foi clausurado cunha conferencia súa²⁷. Así mesmo participaría, xunto a outras personalidades das letras galegas como Xesús Alonso Montero, Bernardino Graña, Manuel María, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Ramón Piñeiro López, entre outros, no libro *O porvir da lingua galega* que decidiu publicar polas mesmas datas a sociedade lucense e no que asinou o artigo *O Galego na Universidade*²⁸.

Pasados algúns anos, e cando Carballo Calero xa ocupaba a cátedra de Lingua e Literatura Galega da Universidade compostelá, o Círculo das

²⁵ AXD, 03-03-1966. Álvarez Torneiro sería o primeiro poeta en lingua galega en recibir o Premio Nacional de Poesía no ano 2013.

²⁶ A Ramón Cabanillas dedicarialle Carballo varios traballos como os de 1976 e 1977: *Na noite estrelecida, Sagas por Ramón Cabanillas, Ramón Cabanillas, Escolma de poemas, ou Cartas de Cabanillas* (vid. RODRÍGUEZ, José Luis, *op. cit.*, p. 50).

²⁷ Memoria 1968, p. 10.

²⁸ Memoria 1969, p. 9. Ib. RODRÍGUEZ, José Luis, *op. cit.*, p. 44.

Artes organizou para o 11 de novembro de 1980 unha homenaxe ao seu socio de mérito Luís Vázquez Fernández Pimentel, un poeta moi ligado á cidade de Lugo e á súa Sociedade insignia, e con tal motivo invitou a Carballo Calero a falar sobre a vida e obra do ilustre poeta lucense a quen se lle dedicaría o Día das Letras Galegas de 1990, trinta anos antes precisamente de dedicárselle ao propio Carballo. A amizade persoal entre os dous escritores permitiulle a este último presentar un axeitado esbozo de Pimentel a quen cualificaba como “el poeta de Lugo”²⁹.



O porvir da lingua galega (1968).

Co seu nomeamento como primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galega da Universidade de Santiago, o profesor Carballo Calero centrou definitivamente o seu labor na cidade do Apóstolo, pero a directiva do Círculo das Artes que presidía por entón un convencido galeguista, Benxamín Casal, recordaba tamén ao profesor Ricardo Carballo, e na acta da Xunta Directiva do día 22 de xuño de 1981 tomou a decisión de felicitalo polo seu ingreso na Academia de Ciencias de Lisboa, un recoñecemento que tiña moito que ver coa postura lusista de Ricardo Carballo, xa que aquela institución exhibía como principal obxectivo a promoción e divulgación da cultura portuguesa. Un ano despois, no mes de abril e por iniciativa da mesma directiva, a Sociedade lucense decidía adherirse á homenaxe que se lle tributaría entre o 19 e 27 de maio por parte de diversas entidades culturais galegas con motivo da súa xubilación como docente³⁰, nun acto que recordaba a outra homenaxe recibida o 7 de marzo de 1972 en Lugo co motivo de ocupar a citada cátedra universitaria³¹.

²⁹ CARBALLO CALERO, Ricardo, *El poeta de Lugo*, en *Faro de Vigo* de 3 de outubro de 1964, citado por Araceli Herrero Figueroa, Luís Pimentel. *Obra inédita o no recopilada*, p. 15.


³⁰ AXD, 26-04-1982.

³¹ CORA, José de, “*Lugo XX*”, 1972, p. 1.170.

Apéndice 1

Obras de Carballo Calero no catálogo “Cen anos de Literatura Galega” (1963)

As referencias a Carballo Calero no Catálogo editado con motivo da conmemoración de *Cantares Gallegos* en 1963 son moi numerosas, incluíndo as asinadas co pseudónimo máis utilizado polo profesor, o de Fernando Cadaval. A través delas podemos comprobar que o labor literario do noso autor nos anos que permaneceu en Lugo dirixindo o Colexio Fingoi foi moi activo, sen esquecer que será precisamente por esta época cando conclúa e publique a primeira versión da obra pola que sería máis coñecido, a súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea*.



Catálogo de “Cen anos de Literatura Galega” (1963).

Xunto a esa referencia, no mencionado Catálogo aparecen estas outras achegas por estrita orde cronolóxica³²:

- *Vieiros*, A Cruña, Nós, 1931.
- *O silencio axionllado*, Santiago, Nós, 1934.
- *A xeneración de Risco*, Nós, núm. 131-132, 1934.
- *Papel de Color*. Ed. Álvaro Cunqueiro, Mondoñedo (Lugo), 1936. Con tarxetas con poemas, entre outros, de Carballo Calero.
- *Mensajes de Poesía*, 1949, IV, contén *Canción* de R. Carballo Calero.
- *Galicia pol-o mundo*, Radio Londres, 07-02-1949.
- Co pseudónimo de Fernando Cadaval, *Una línea poética: Rosalía, Rubén, Juan Ramón*, Santiago, La Noche, 18-12-1949.
- *Poesías paralelas*, Radio Londres, 13-11-1950. As comparacións son entre Amado-Iglesia e Manuel Antonio-Cunqueiro.
- *A xente da Barreira*, Santiago, Bibliófilos Gallegos, 1951.
- Presencia de Curros y de Doña Emilia, *Grial* nº 3, 1951. Contén o traballo de Carballo Calero *Algo sobor da poesía de Curros*.
- *Poemas pendurados de un cabelo*, Lugo, Col. Xistral, 1952.
- *Arredor de Rosalía*, en *Ensayos sobre Rosalía*, Vigo, Galaxia, 1952.
- *Referencias a Rosalía en cartas de sus contemporáneos*, C.E.G. núm. 56, 1954.
- *Sete poetas*, Vigo, Galaxia, 1955.
- *Aportaciones a la Literatura Gallega Contemporánea*, Madrid, Gredos, 1955.
- María Isabel Ramón Algarra: *Ofrenda lírica á nena... no día da súa Primeira Comunión*, Madrid, 29-05-1955, colabora Carballo con outros poetas.
- *Rosalía y otros*, C.E.G. XXXVII, 1957.
- *Visión de la vida en la lírica de Rosalía de Castro*, C.E.G. XL, 1958.

³² O xornal lucense *El Progreso* de 8 de decembro de 1963, na súa páxina 8, anunciaba para o día seguinte ás oito da tarde a inauguración da exposición *Cen anos de Literatura Galega* así como as conferencias de Carballo Calero, José Alvilares e Sebastián Martínez-Risco, os recitais de Celso Emilio Ferreiro e Arcadio López Casanova e os dos alumnos de centros lucenses que colaborarían no acto, todo iso nunha reportaxe sen sinatura.

- *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía*, Lugo, Imprenta Celta, 1959.
- *Rosalía en Italia*, C.E.G. tomo 14, 1959.
- *Un motivo común a Castelao y Flaubert*, BCPMHAL, 1960.
- Eduardo Pondal. *Versos ñorados ou esquecidos*. Reunidos, prologados e anotados por R. Carballo Calero, Vigo, Galaxia, Centro de Estudios Fingoy, 1961.
- *Salterio de Fingoy*, Vigo, Galaxia, Col. Salnés, 1961.
- Co pseudónimo de Fernando Cadaval, *Rosalía en Lugo*, El Faro de Vigo, 03-09-1962.
- *Historia da literatura Galega Contemporánea*, Tomo I, Vigo, Galaxia, 1963.
- Unha páxina literaria colectiva, El Progreso de 17 de maio de 1963, reproducía comentarios sobre a *Historia da Literatura Galega* de Carballo Calero.
- Vieiros. Revista do Padroado da Cultura Galega de México, Nº 1: Ricardo Carballo Calero, *Poesías paralelas*.
- *Contos populares da Provincia de Lugo* (Prólogo), Vigo, Galaxia, 1963.
- *Sobre una enemistad* (Curros Enríquez e Pardo Bazán), El Faro de Vigo, 31-03-1963.
- Rosalía de Castro, *Cantares Gallegos*, Edición, introdución y notas de Carballo Calero, Salamanca-Madrid-Barcelona, Anaya, 1963.

Achegas ao “Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo”

Desde os primeiros momentos da súa estancia lucense, Carballo Calero non desaproveitou un importante vehículo bibliográfico que tiña a cidade neses momentos. Referímonos ao “Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo” (BCPMHAL) no que o noso autor publicaría diversos traballos entre os anos 1951 e 1963.

A súa primeira achega presentábaa co título de *Datos y fuentes para una biografía de D. Augusto Ulloa*³³, un personaxe ao que nesta mesma publicación dedicaría particular atención. Augusto Ulloa y Castañón foi un avogado e político nado en Santiago de Compostela en 1822 e falecido en Madrid en 1879, que comezou a súa carreira como deputado en 1854, para pasar logo a ocupar importantes cargos en Madrid, entre eles o Ministerio de Mariña en 1863 e o de Fomento en 1864. Durante o Sexenio Revolucionario, en 1871 sería nomeado Ministro de Gracia e Xustiza e en 1874 Ministro de Estado. O interese polo personaxe explícao o propio Ricardo Carballo a través dun recordo de xuventude, cando nos corredores da facultade de Dereito santiaguesa chamáralle a atención unha aclamación na que se recordaba a Ulloa. De aí derivou a súa atención cara a quen definía como o “político gallego de más temperamento” da segunda metade do século XIX. Para Carballo foi un político nato, realista e cauteloso, hábil orador e experto en cuestións económicas e sociais, un home que non chegou á presidencia do Consello de Ministros pola súa prematura morte. Manifestaba ademais que tivo a intención de dedicarlle unha biografía para o que procurou reunir datos e investigar fontes documentais que, aínda que non lle permitirían completar aquel obxectivo, si que servirían para dedicarlle outros dous traballos no BCPMHAL, un co título de *Primeras armas parlamentarias de D. Augusto Ulloa* en 1953³⁴ e outro en 1955 co epígrafe *Don Augusto Ulloa, Diputado por Fonsagrada, en los Diarios de Sesiones del Congreso correspondientes a las Legislaturas de 1858-1859 y 1860-1861*³⁵, ademais dos artigos asinados co pseudónimo de Fernando Cadaval que publicou no xornal compostelán La Noche durante o ano 1949: *Tres fechas de una vida, De la vida escolar de Don Augusto Ulloa, e Ulloa y sus deudos en el espejo cóncavo*³⁶, artigo este último no que recordaba que Augusto Ulloa figuraba como personaxe na novela de Ramón del Valle-Inclán *Viva mi dueño*.

³³ BCPMHAL, tomo IV, nº 36, segundo semestre de 1951, pp. 289-292.

³⁴ BCPMHAL, tomo V, nº 40, segundo semestre de 1953, pp. 277-282.

³⁵ BCPMHAL, tomo VI, nºs 41-44, xaneiro 1954-décembro 1955, pp. 30-32.

³⁶ La Noche, números 8.832 de 3 de setembro, 8.858 de 13 de outubro e 8.867 de 25 de outubro.

Para facilitar o labor dun futuro biógrafo de Augusto Ulloa, Carballo non dubida en aportar no seu traballo de 1952 un abundante sumario bibliográfico e documental, sen descoidar mencionar os arquivos particulares utilizables e as referencias da prensa da época, todo o que resultaba de necesaria consulta para analizar en profundidade a figura do ilustre político. Remataba o seu artigo aludindo á posibilidade de que o segundo apelido de Ulloa fose o de García e non o de Castañón, recollendo textualmente a partida de nacemento do persoeiro segundo a que este nacería en Santiago o 28 de abril de 1822, aínda que Carballo o consideraba lugués de pleno dereito por atoparse nesta provincia o seu solar, o seu feudo electoral e a miúdo a súa residencia, unha condición de autóctono que o impulsaría a favorecerla sempre.

No seu artigo de 1953 insistía Carballo nos comentarios sobre o político compostelán no traballo que encabezaba como *Primeras armas parlamentarias de D. Augusto Ulloa*. Aquí comezaba por recordar algúns aspectos biográficos, e en particular a finalización dos estudos de Dereito en Santiago e as colaboracións periodísticas dos seus anos mozos desde unhas posturas renovadoras que lle custarían un desterro a Lugo en 1854 por parte do goberno Sartorius. Precisamente este exilio permitiríalle reorganizar na provincia de Lugo ao partido progresista e colocarse á cabeza da xunta revolucionaria que no verán de 1854 puxo fin á Década Moderada. Co apoio do veterano político progresista José Ramón Becerra representaría a Lugo nas Cortes constituíntes amosando unha postura política cada vez máis centrista, que o impulsaría cara ás filas da Unión Liberal. O artigo completábase cunha análise minuciosa das actividades parlamentarias de Augusto Ulloa durante o Bienio Progresista, no que se recollían



Augusto Ulloa y Castañón. Gravado da *Ilustración Española y Americana*, 1874.

as incidencias das actas que o mencionaban, as licencias e os nomeamentos que gozou, logo as comisións nas que participou e por último os discursos que impartiu.

Continuación deste artigo era o seguinte que publicaba en 1955 co título *Don Augusto Ulloa, Diputado por Fonsagrada, en los Diarios de Sesiones del Congreso correspondientes a las Legislaturas de 1858-1859 y 1860-1861*, e que sería o derradeiro dedicado ao personaxe. Neste caso, Carballo Calero profunda no labor de Ulloa, primeiro como periodista da oposición entre 1856 e 1858 e logo no seu traballo como deputado por A Fonsagrada nun marco parlamentario que vai de decembro de 1858 a maio de 1861, rexistrando en consecuencia as súas intervencións, o seu traballo en comisións e os nomeamentos que se lle asignaban.

Tres traballos máis completan as colaboracións de Ricardo Carballo coa publicación lucense que dependía do Museo Provincial, un deles dentro dunha serie sobre Poetas lugueses, que dedicou a *José Crecente Vega*³⁷, outro titulado *Un motivo común a Castela y Flaubert. Retrato fantástico de un niño*³⁸, e outro máis no que volvía a un tema para el recorrente, o rosaliano, no artigo titulado *Benito Vicetto, crítico de Rosalía de Castro*³⁹.

O estudo dedicado ao sacerdote, profesor e poeta natural de Castro de Rei Xosé Ramón Crecente Vega (1896-1948) comezaba por algunhas referencias biográficas, como as dos seus estudos no Seminario de Mondoñedo, a licenciatura universitaria, o acceso á docencia como profesor interino tras a Guerra Civil e o logro da cátedra de Latín que desde 1942 desempeñaría no Instituto de Segovia, do que sería director ata a súa morte. Destacaba logo a súa condición de gran latinista, competencia que se reflectía nun labor como poeta no que se combinaban os trazos populares da súa orixe rural e os filolóxicos como estudoso da lingua de Roma.

Para rematar a análise, Carballo analizaba a única obra poética de Crecente, *Codeseira*, publicada na súa segunda edición en Lugo⁴⁰ con pró-

³⁷ BCPMHAL, tomo V, nº 39, primeiro semestre de 1953, pp. 134-136.

³⁸ BCPMHAL, tomo VII, nºs 53-56, xaneiro 1960-décembro 1961, pp. 52-57.

³⁹ BCPMHAL, tomo VII, nºs 59-60, xaneiro-décembro, 1963, pp. 183-186.

⁴⁰ A primeira fora editada en 1933 no Seminario de Santiago e ao ano seguinte o mesmo Carballo fixera unha recensión no número 122 da revista Nós, p. 36 (vid. RODRÍGUEZ, José Luis, *op. cit.*, p. 34).

logo de José Trapero Pardo, e que saía á luz precisamente no ano 1965, no que Carballo Calero marchaba da capital. A obra de Crecente enmarcábase dentro dunha temática naturalista e campesiña emparentada coa do poeta mindoniense Antonio Noriega Varela e co abadinense Aquilino Iglesia Alvariño. Carballo destacaba tamén o dominio da métrica que posuía Crecente e a gran pureza do seu léxico, para recordar que o coñecera persoalmente, polo que podía destacar tamén as súas excelentes calidades persoais, e rematar cualificándoo como un poeta de transición entre dous séculos, o que o colocaba precisamente entre Noriega Varela e Iglesia Alvariño.



Xosé Ramón Crecente Vega.

O traballo publicado en 1961 co título de *Un motivo común a Castelao y Flaubert. Retrato fantástico de un niño* mantén certa relación co capítulo que na súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea* dedicaba Carballo a Alfonso Rodríguez Castelao, outro persoeiro de particular atractivo para o noso autor. O asunto parte dun relato común aos dous escritores que figuraban no epígrafe. No relato de Flaubert recollido da súa novela *L'éducation sentimentale*, publicada en 1869 e traducida ao castelán en 1921, o tema tratado centrábase nun neno morto do que os pais queren conservar un retrato polo que requiren a un artista para facelo; este atopa dificultades para presentar unha faciana xa moi deteriorada e acaba ofrecendo un retrato fantástico e imaxinario do neno. No relato de Castelao *O retrato*, de 1922, repítese a mesma secuencia temática, o que podería facer pensar que o escritor galego coñecía a narración francesa e inspirouse nela. Con todo, ao comentar cun gran rigor crítico as dúas historias, Carballo atopa grandes diferenzas na posición adoptada por cada narrador. Para empezar o cronista flaubertiano é externo, mentres que no conto de Castelao este asume o relato en primeira persoa e mesmo o presenta como verídico, identificándose polo tanto plenamente coa narración. Por outra parte, no primeiro caso o neno está morto cando se fai o debuxo e no segundo aínda vivo, morrendo logo de facerlle o retrato; ademais, no caso

da narración do escritor galego o pai do neno ten un papel fundamental xa que é el o que solicita o debuxo, critica o primeiro resultado por excesivamente realista e queda satisfeito co segundo asumindo así moito protagonismo; por fin, no caso do escritor francés o resultado do retrato é unha imaxe fantástica, si, pero dun “mamarracho repelente”, mentres que no segundo caso, o pai queda cunha efixie dun neno “moi bonito”. En conclusión, dentro dunha mesma temática os dous narradores chegan a conclusións ben distintas, e ante o frío naturalismo dun Flaubert que ofrece unha perspectiva pesimista da vida, Carballo opón o cálido humanismo de Castelao e a súa postura optimista desde o que envía “un mensaje de fe en la dignidad del hombre”.



Gustave Flaubert / Alfonso R. Castelao.

No artigo publicado no BCPMHAL de 1963 co título de *Benito Vicetto, crítico de Rosalía de Castro*, Carballo insiste nun tema para el moi especial, o que facía referencia á poetisa galega por excelencia á que tiña dedicado múltiples traballos.

Neste caso tratábase de comentar as críticas vertidas polo historiador Benito Vicetto sobre Rosalía, centradas en dúas das súas obras, *La Flor* (1857) e *Cantares Gallegos* (1863). No primeiro caso, Vicetto respondía a un eloxioso comentario por parte de Manuel Murguía, marido de Rosalía, amosando a súa

desconformidade coas apreciacións do esposo e manifestando entre outras cousas que a poetisa non seguía o modelo do poeta romántico Espronceda ao que se aludía. No caso da segunda emblemática obra rosaliana, Vicetto era aínda un censor máis agresivo, aludindo á falta de dotes poéticas da escritora e indicando que na súa obra había máis “artificio que inspiración”.

Evidentemente, Carballo non está de acordo coas opinións do historiador, que cualifica de mesquiñas e inxuriosas, en oposición ás palabras xustas e dignas que lle dedicaba Murguía con quen por aquel tempo xa Vicetto estaba enfrontado. Por iso, Carballo consideraba que o valor das críticas era nulo e que o ton virulento que empregaba o censor lle restaba toda autoridade.

Para rematar, Carballo Calero xustificaba o título do seu artigo advertindo que se as opinións de Vicetto non servían para caracterizar a Rosalía, si que servían para caracterizar a Vicetto, unha figura que consideraba suxestiva pero proclive ao erro por irreflexión ou por apaixonamento.



Benito Vicetto / Rosalía de Castro.

Colaboracións ca revista *Vida Gallega*

Moito máis numerosas serían aínda as colaboracións de Ricardo Carballo Calero na revista *Vida Gallega* que, tras unha primeira etapa viguesa que se prolongara desde 1909 ata 1938 e que aquí non interesa, abría unha nova etapa en 1954 que se estendería ata 1963. Como o novo director, Xosé Iglesias Presa, trasladaba en 1956 a publicación á cidade de Lugo, os escritores lucenses terían, por simple proximidade, unha importante representación nas páxinas desta revista gráfica mensual de información xeral, e Carballo Calero (RCC) sería un dos máis asiduos colaboradores⁴¹. De feito, publicou nela os 40 traballos que figuran no Apéndice 2, a maioría deles co pseudónimo de Fernando Cadaval (FC), aos que habería que engadir algunhas outras referencias á súa persoa asinadas por outros colaboradores da revista⁴².

As colaboracións de Ricardo Carballo coa revista iniciaríanse en agosto de 1956, precisamente cando a súa administración se instalaba en Lugo⁴³. Así, no número correspondente ao mes de agosto aparecía o seu traballo *O Fogar de Clara*, publicado en galego e asinado sen pseudónimo⁴⁴.

Tratábase dun artigo de estilo azorinesco no que rememoraba a súa cidade natal, Ferrol, para comentar a conformación como urbe ilustrada, militar e mariñeira, e confrontar os seus recordos infantís nela coa situa-

⁴¹ *Vida Gallega* mantivo en Lugo a súa sede desde 1956 a 1962. Pode considerarse sen exceso a publicación periódica máis popular de Galicia no século XX, ademais de manter unha importante proxección americana. Nos seus contidos, con abundantes ilustracións, coexistía unha información social xeral coa literaria na que colaboraron escritores galegos de gran relevancia. Vid. Quique Alvarellos en MUNDIARIO de 04-06-2013: <https://www.mundiario.com/articulo/sociedad/medio-siglo-de-vida-gallega-la-revista-que-conquistou-america>.

⁴² Os seus biógrafos afirman que tamén impulsou nesta revista a publicación de traballos de varios dos seus alumnos de Fingoi, como os asinados por Josefina Baamonde, Carmen Fernández, Maricruz Truque, Gloria Baamonde, Marianela Fernández e María Dolores Fernández, que irían aparecendo en diversos números dos anos 1960 e 1961.

⁴³ Nunha carta datada o 12 de outono de 1956 o propio Carballo comenta as súas relacións coa revista, da mesma publicación con Fole, e o envío dalgúns artigos deste ano (vid. *Epistolario Ricardo Carballo Calero-Ramón Piñeiro (Historial dun libro)* en Cadernos Ramón Piñeiro (XXXIII), 2015, pp. 126-127).

⁴⁴ *Vida Gallega*, nº 713 (1956), p. 6.

ción da cidade no momento en que escribe, cando o tempo tiña transformado en profundidade a súa estrutura e ás súas xentes.

No número de outubro do mesmo ano insiste na súa condición de ferrolán, desde a perspectiva dun inquilino lucense, nun artigo titulado *Un ferrolán en Lugo*⁴⁵. Aquí o protagonista é un crego –o cóengo Manuel Fernández Varela– que a principios do século XIX observa a cidade das murallas e rememora os seus tempos ferroláns; logo recorre o antigo Lugo e escoita o son das numerosas campás da urbe clerical, para rematar o relato coa mención do retrato que Vicente López faría do cóengo que morrería vítima do cólera morbo en Madrid no ano 1834. Carballo remata deste xeito a memoria sobre un paisano que, como el mesmo, se asentara en Lugo e asumira cun apego non exento de nostalxia a súa estancia nesta cidade.

No mesmo ano de 1956, Ricardo Carballo asinaría outros tres artigos na revista co seu pseudónimo habitual de Fernando Cada-val, todos eles escritos en castelán. No primeiro, *Plaza y poeta*⁴⁶, facía alusión ao escritor lucense Aureliano José Pereira e á praza que a súa cidade lle dedicou; tamén recorda algunha obra súa como o poema *Lonxe da*



Manuel Fernández Varela.
Cadro de Vicente López (1828).

⁴⁵ *Vida Gallega*, nº 715 (1956), pp. 6-7.

⁴⁶ *Vida Gallega*, nº 715 (1956), p. 8.

terriña que fora musicalizado por Juan Montes, e non dubida en bautizalo como “poeta de Lugo” e en identificalo profundamente coa súa cidade de orixe, que o recordara o ano anterior no centenario do seu nacemento.

En *Cavilaciones del señor Cunqueiro*⁴⁷, Carballo alude ás súas relacións co escritor mindoniense a quen inclúe entre os máis populares de Galicia, aínda que non considera que as súas obras o fosen tanto, pola complexidade que encerraban para o lector, como a que amosaba en *As crónicas do Sochantre*; isto non impide un afervorado eloxio dunha narración que encerraba un interese creativo e literario indubidable.



Álvaro Cunqueiro, Fernández del Riego e Ricardo Carballo nos anos trinta.

⁴⁷ *Vida Gallega*, nº 716 (1956), pp. 16-17.

No artigo *Un artista local*⁴⁸, Carballo lembra ao pintor lucense Arcadio Romero Boelle con ocasión do seu tráxico pasamento ocorrido en outono de 1956 nun accidente automobilístico. O título do artigo quedaba plenamente xustificado, xa que consideraba ao artista sobre todo un buscador de estampas luguesas, polo que a cidade de Lugo e os seus arredores foron os motivos máis acostumbrados da súa creación pictórica.



Cadros de Arcadio Romero Boelle sobre espazos lucenses.

No ano 1957 as colaboracións de Carballo coa revista *Vida Gallega* serían particularmente intensas, contándose ata 14 dos seus escritos e 2 mencións á súa persoa e actividade. Comezarían cun deles que era contestación á publicación por parte da editorial Galaxia dun libro sobre *Macías o*

⁴⁸ *Vida Gallega*, nº 717 (1956), p. 89.

*Namorado*⁴⁹, unha obra que os seus autores cualificaban como “poema escénico” e onde Carballo facía gala da súa formación literaria e dramática e do seu interese polo xénero teatral, que promovía entre os seus alumnos fingoianos⁵⁰, para rematar cualificando o libro como “un espectáculo para leer”.

No número correspondente ao mes de febreiro aparecía, no apartado de “Florilegio de poemas”⁵¹, unha referencia ao noso autor acompañada dun retrato; no esbozo cualificábaselle como escritor, poeta e ensaísta e se incluían algunhas breves referencias biográficas e varias das súas obras en verso e prosa. No mesmo número, asinado como Fernando Cadaval, publicábase o seu traballo *Gallegos ilustres*⁵², que encabezaba cuns versos de Eduardo Pondal nos que aludía a que un pobo necesita raíces e que as raíces estaban nos antepasados, polo que se debería facer un esforzo para coñecelos; por iso felicitábase pola aparición de dous libros co mesmo título de *Galería de gallegos ilustres*, un deles, publicado polo Centro Gallego de Bos Aires, do que era autor Teodosio Vesteiro Torres, un proxeito vigués que se suicidaría en 1876 aos 28 anos exhibindo a súa romántica condición; esta obra incluía cinco apartados dedicados sucesivamente a guerreiros, poetas, mariños, príncipes e diplomáticos e artistas, e resultaba ser un estudo que Carballo consideraba superado. Máis breve era o segundo título, publicado en Vigo en 1956 e financiado polos Laboratorios Zeltia, pertencentes á mesma familia Fernández López que tutelara a Carballo Calero para a dirección do Colexio Fingoí. Para Carballo este traballo era un pouco máis xeneroso e significaba o labor dun autor anónimo que recollera o esbozo de 25 galegos significativos acompañados de gravados da época.

⁴⁹ *Vida Gallega*, nº 718 (1957), pp. 44-45. Referencia a este artigo en carta de 10 de decembro de 1956 (vid. *Epistolario Ricardo Carballo Calero-Ramón Piñeiro (Historial dun libro)* en *Cadernos Ramón Piñeiro* (XXXIII), 2015, pp. 138).

⁵⁰ HERRERO FIGUEROA, Araceli, “Un narrador como recurso de metatextualidade e distanciamento na encenación de Pimpinela”, en *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, Universidade de Santiago de Compostela, 2000, tomo I, pp. 239-258. Outra referencia interesante nunha carta de Ricardo Carballo a Ramón Piñeiro de 2 de maio de 1965 (vid. *Epistolario Ricardo Carballo Calero-Ramón Piñeiro (Historial dun libro)* en *Cadernos Ramón Piñeiro* (XXXIII), 2015, pp. 338-340).

⁵¹ *Vida Gallega*, nº 719 (1957), p. 18.

⁵² *Vida Gallega*, nº 719 (1957), p. 146.

Coa mesma sinatura de Fernando Cadaval aparecía no número seguinte da revista un traballo de índole lingüística titulado *El “se” impersonal*⁵³, que se iniciaba cunha afirmación demoledora: “Las lenguas romances son montones de escombros”, para explicar logo que o seu carácter popular lles fixera a miúdo apartarse da lóxica da lingua latina clásica da que procedían. Centrábase no resto do seu comentario no pronome “se” impersonal, que dun sentido inicial reflexivo desviouse en varias direccións para utilizarse sen contención en todo tipo de expresións comúns.



Retrato de Ricardo Carballo Calero en Vida Gallega nº 719 (1957).

No exemplar da revista correspondente ao mes de abril de 1957 as referencias a Carballo Calero eran tres. Unha delas correspondía á noticia, asinada por M.G.G. (¿Miguel González Garcés?), do seu nomeamento o 31 de marzo como membro da Real Academia Galega *Carballo Calero, numerario de la R.A.G.*⁵⁴, evento que permitía recoñecelo como un dos escritores e poetas galegos de maior prestixio, destacando o dominio que tiña da lingua vernácula e as súas abundantes achegas tanto en galego como en castelán, sempre reflexivas e fundamentadas, aínda que naturalmente puidesen discutirse. Interesante en particular era a súa achega como poeta, na que se destacaban creacións como *Vieiros*, *O silencio axionllado*, *Anxo de terra* e *Poemas pendurados de un cabelo*, que facían coñecido ao personaxe e ao seu pseudónimo Fernando Cadaval por toda España e América⁵⁵. Os seus variados temas -paisaxe, terra, árbore, arte ou

⁵³ *Vida Gallega*, nº 720 (1957), p. 46.

⁵⁴ *Vida Gallega*, nº 721 (1957), p. 4. O seu discurso foi publicado polo Boletín da R.A.G. en 1961 (vid. REIMUNDE, Ramón, *op.cit.* p. 104).

⁵⁵ Nestes poemas as referencias luguesas non escasean (vid. REIMUNDE, Ramón, *op. cit.*, pp. 86-87).

historia- tiñan sempre contido galego. O redactor da loa agardaba neses momentos a aparición dunha nova obra, o *Cancionero Fingoy*, e se congratulaba da honra concedida a un estimado colaborador da revista.

Ricardo Carballo Calero asinaría neste mesmo número, un co seu propio nome e outro co seu habitual pseudónimo, outros dous traballos. No primeiro, *Guirlanda da Primavera*⁵⁶, destacaba a importancia da cultura e da poesía para a vida, iniciando logo un bucólico canto da estación do título e recordando o interese da lírica medieval galega, o que, á súa vez, lle permitía unha mención ao rei Afonso o Sabio e advertir que “o galego é fala de reises”. Tras o seu soterramento por séculos, a poesía galega renacería con forza no século XIX da man de Rosalía, de Pondal e de Curros, aos que sucederían Noriega Varela e Ramón Cabanillas e máis logo Blanco Amor, Euxenio Montes, Otero Espasandín, Ánxel Xohán e outros. En definitiva, o traballo servía para que o autor recordase algúns dos nomes sobranceiros da lírica vernácula, e que loxicamente entraban dentro das preferencias de Carballo Calero, como pode descubrirse a través doutros escritos, algúns deles citados nestas mesmas liñas⁵⁷.

Coa sinatura de Fernando Cadaval aparecía tamén o artigo *Entre a vendima e a castiñeira*⁵⁸, que dedicaba á figura de Ramón Otero Pedrayo, cuxa obra literaria define como mestura de imaxinación creadora e observación obxectiva, de elementos románticos e realistas. Na segunda parte do seu estudo, analiza a obra que daba título ao artigo, deténdose no sentido de cada un dos relatos e eloxiando ao patriarca das letras galegas polo seu mérito como forxador de caracteres, imparcial cronista da vida galega e cantor da natureza humana.

⁵⁶ *Vida Gallega*, nº 721, (1957), p. 14.

⁵⁷ Sobre Noriega Varela escribiu artigos como *Centenario de Noriega Varela*, en *Grial* nº 25 (1969) ou *Os sonetos de Noriega Varela* en *Boletín de la Real Academia Gallega*, tomo XXXI, nº 355 (1973), e sobre Cabanillas os mencionados na nota 9.

⁵⁸ *Vida Gallega*, nº 721 (1957), pp. 16 e 48. Referencia ao artigo en carta de 24 de marzo de 1957 (vid. *Epistolario Ricardo Carballo Calero-Ramón Piñeiro (Historial dun libro)* en *Cadernos Ramón Piñeiro* (XXXIII), 2015, pp. 162).

No traballo *Inés de Castro vuelve a la escena*⁵⁹, que asinaba co seu acostumado pseudónimo, centrábase na figura desta lendaria raíña portuguesa que tiña inspirado numerosos relatos e dramas, dedicando unha atención particular á obra *La Reine morte* do escritor francés Henry de Montherlant⁶⁰, que Cadaval considera como unha traxedia na que se comparaba a figura de Inés coa de Ifigenia e a do monarca Ferrante -Alfonso IV- coa de Agamenón, acudindo polo tanto a referencias moi clásicas.



Henry de Montherlant.

Como Fernando Cadaval volvía a asinar un artigo titulado *Sombras*⁶¹, no que comentaba o tomo dedicado ao século XIX na *Escolma de poesía galega* publicada pola editorial Galaxia en 1957. O autor manifestaba ter recordos persoais dalgúns dos poetas seleccionados no libro, aos que dedica unha homenaxe sentimental, como sucede no caso de Xoán Vicente Viqueira con motivo do seu ingreso no bacharelato, de Aurelio Ribalta e Eladio Rodríguez González nos seus tempos de estudante en Santiago, de Álvarez Limeses nun acto público en Pontevedra, e de Manuel Lugrís e de Xosé Manuel Cabada Vázquez en diversos actos e ocasións.

No número do mes de xullo aparecía o artigo *El tesoro escondido*⁶², no que sae das fronteiras xeográficas galegas e hispanas para comentar aspectos

⁵⁹ *Vida Gallega*, nº 722 (1957), p. 46.

⁶⁰ A estrea en España tivo lugar no teatro María Guerrero de Madrid o 8 de marzo de 1957 en versión de Fernando Díaz Plaja.

⁶¹ *Vida Gallega*, nº 723 (1957), p. 39.

⁶² *Vida Gallega*, nº 724 (1957), p. 55.

do sur dos EE.UU., e da obra de William Faulkner, e só nos parágrafos finais retorna ao seu ámbito natural para recordar que tanto nos espazos sudistas americanos como nos galegos a busca de tesouros formaba parte das tradicións populares; do que se trataba era de amosar algúns paralelismos que o autor reconece que expón en liñas redactadas con certa présa.

As restantes seis colaboracións deste ano eran todas asinadas por Fernando Cadaval agás a penúltima delas. A primeira levaría o título de *La venta de Palomeque*⁶³ e resultaba ser un relato de claros reflexos quixotescos. Era resultado da lectura do libro de Santiago Montero Díaz *Cervantes, compañero eterno*, o que lle serve a Carballo para meditar sobre o mundo ideal e o mundo real. No mes seguinte aparecería o artigo *Gallos y auroras*⁶⁴, dedicado a Luís Amado Carballo e á súa recente publicación *O galo*, que comenta coa súa habitual erudición e que compara coas achegas sobre o tema que recollen Juan Bautista Andrade e Federico García Lorca. No mes de outono aparecería a súa colaboración sobre *La Feria de San Froilán en 1857*⁶⁵, un escrito de ton epistolar no que comenta o desenvolvemento da Feira local lucense do referido ano, no que o asinante non apreciaba un movemento e concorrència particulares e na que mesmo percibía certa decadencia. Para que recuperase o seu esplendor o autor da suposta carta propoñía cambiar a data de celebración, trasladando a Feira do 5 de outono ao 15 de agosto, co que coincidiría coa da padroa da cidade de Lugo, xa que o declive observado era consecuencia por unha parte da proximidade cronolóxica das feiras de A Fonsagrada e Mondoñedo, e por outra do mal tempo que en xeral había que aturar na época do ano en que se celebraba; se non se facía así era de prever que un século despois, é dicir, no tempo en que se escribe este artigo, os dous problemas persistirían, agás que os progresos tecnolóxicos os evitasen. Tamén aproveita o autor (que asinaba dun xeito significativo como Froilán Pérez Rodríguez) para ofrecer un comentario histórico sobre a situación do agro galego a mediados do século XIX, recordando a pausada recuperación da crise de 1853 e os problemas enolóxicos que motivaba a epidemia de *oidium*, o que demostra que a Carballo non lle faltaban tampouco coñecementos sobre a historia de Galicia.

⁶³ *Vida Gallega*, nº 725 (1957), p. 62.

⁶⁴ *Vida Gallega*, nº 726 (1957), p. 62.

⁶⁵ *Vida Gallega*, nº 727 (1957), pp. 6-7.

No mes de novembro Fernando Cadaval rubricaba outro artigo co título de *La sombra negra y el huésped blanco*⁶⁶, no que analizaba as vidas paralelas das poetisas Rosalía de Castro e Emily Dickinson, ambas dotadas dun profundo sentido da vida e da morte. As semellanzas non lle impiden ao noso autor distinguir diferenzas, como a rica imaxinación estética da americana fronte ao estilo máis directo rosaliano. O título quedaba explicado con referencia a dous coñecidos poemas das ilustres escritoras, aportando Cadaval/Carballo unha tradución ao galego do poema de Dickinson *That whiter host*.

Asinado co nome e apelidos verdadeiros e escrito en galego aparecía o ensaio *A cigoña*⁶⁷, e no mesmo número do mes de decembro, asinado por Fernando Cadaval e en castelán, o artigo *Pequeña antología de villancicos gallegos*⁶⁸. No primeiro, subtítulo como “Conto de primavera”, abunda o autor nunha coidada linguaxe lírica e descritiva para retratar a paisaxe no que se sitúa a granxa de Erika, unha nena de sete anos, protagonista do relato, que vive cos pais e dous irmáns e que bota de menos outra irmá como compañeira de xogos. Na narración, os pais de Erika van ter outro fillo “que trae a cegoña”, e o



Emily Dickinson.

⁶⁶ *Vida Gallega*, nº 728 (1957), p. 63. Referencia en carta de 20 de febreiro de 1958 (vid. *Epistolario Ricardo Carballo Calero-Ramón Piñeiro (Historial dun libro)* en *Cadernos Ramón Piñeiro* (XXXIII), 2015, pp. 197).

⁶⁷ *Vida Gallega*, nº 729 (1957), pp. 12 e 16. Segundo Ramón Reimunde (*op.cit.* pp. 91-92) este relato foi escrito antes da chegada a Lugo de Carballo, baseándose nun conto da súa profesora de alemán, o que explica o exótico nome da protagonista.

⁶⁸ *Vida Gallega*, nº 729 (1957), p. 65.

que quere a nena é que a ave mensaxeira lle deixe unha irmá para xogar con ela; por iso, seguindo unha lenda segundo a que dous terróns de azucre na fiestra da vivenda achegarían un varón e tres unha nena, ten o coidado de poñer os tres na fiestra como demandaba a tradición. Con todo, o que chega é un neno, e Erika, aproveitando a noite en que toda a familia durme, saca ao neno do berce e o funde no río, de onde segundo a lenda as cegoñas traían os nenos, logo repón con coidado na fiestra os tres terróns para que a próxima vez a ave non se trabucase e lle trouxese unha irmanciña. Trátase, sen dúbida, dun emotivo relato no que Carballo luce as súas condicións de excelente narrador.

Na *Pequeña antoloxía de villancicos gallegos* o interese do noso autor céntrase nestas cancións de tipo popular que etimoloxicamente queren dicir “cantos de viláns ou rústicos”. Non obstante, os *villancicos* galegos son obra de poetas cultos, aínda que logo pasasen ao pobo, e algúns deles que se cantaban en igrexas e catedrais nos séculos XVII, XVIII e XIX son recordados nesta referencia, así como os seus autores. Para o século XX se fai memoria dun libro enteiro sobre o tema, *Panxoliñas*, que Cipriano Torre Enciso dedicou a estes motivos poético-relixiosos.

No ano 1958 manteríanse as achegas de Carballo Calero á revista cunha decena de colaboracións, asinadas case sempre co pseudónimo de Fernando Cadaval. A primeira aparecía no mes de xaneiro co título de *Los caminos en el bosque*⁶⁹, e nela comenta a recente aparición da obra *Vieiro choído* coa a que en 1957 a editorial Galaxia inauguraba a colección Illa Nova; tratábase dun drama que para o noso autor tiña máis de diálogo platónico que de traxedia esquílea, e que non dubida en cualificar como poema filosófico. Tamén advirte do contraste que se encerra entre unha vida forestal e natural e una vida urbana mecanizada, destacando en todo caso o valor da ambiciosa obra dun autor novel como era neses momentos Xosé Luís Franco Grande⁷⁰. Co título de *Los checos y Françoise*⁷¹ asinaba Cadaval outro artigo que aludía a unha tradución ao checo de Françoise Sagan, coa que a escritora francesa traspasaba con éxito o “telón de aceiro”

⁶⁹ *Vida Gallega*, nº 730 (1958), p. 70.

⁷⁰ A obra sería reeditada en 2018 nunha homenaxe da editorial ao autor (La Voz de Galicia, 13-04-2018).

⁷¹ *Vida Gallega*, nº 731 (1958), p. 65.

vixente nese momento en Europa. Esta incursión exterior na que Carballo amosa os seus amplos coñecementos literarios e en particular os que tiña sobre a literatura francesa, sérvelle ademais para meditar sobre as razóns de que unha autora burguesa triunfase entre os lectores dun país teoricamente comunista.

No número correspondente ao mes de marzo, Fernando Cadaval ofrecía unha homenaxe a alguén moi relacionado con Lugo, o poeta *Luís Pimentel*⁷², quen figuraba como título do traballo e que falecera o 13 de febreiro anterior nunha cidade coa que se identificara plenamente. No seu recordo, o escritor ferrolán afincado en Lugo define e exalta a fibra espiritual de Pimentel e o despide con moita elegancia e respecto. Non sería a única vez na que tivo ocasión de falar do lucense xa que, como se recordará, pronunciaría en novembro de 1980 unha conferencia sobre a súa persoa e obra no Círculo das Artes.

No artigo *El hombre salvador*⁷³ Fernando Cadaval reflexiona sobre a paixón de Xesús, unha temática cristiá fundamental, e a partir de aquí sobre a caridade e a necesidade de axuda mutua, ilustrando o comentario con alusións a Sthendal e Camus, amosando, unha vez máis, os seus coñecementos literarios.



Xosé Luís Franco Grande.



Vieiro choido.

⁷² *Vida Gallega*, nº 732 (1958), p. 64.

⁷³ *Vida Gallega*, nº 733 (1958), pp.18-19.

No número correspondente ao mes de maio aparecía o traballo *El ensayo en la literatura gallega*⁷⁴, no que Cadaval retornaba a xeografías máis próximas. Definía o xénero “ensaio” como “el cauce literario de la meditación espontánea, dispensada de andamiaje erudito”. O seu antecedente en España foi o *discurso* e trátase precisamente de *discorrer* sobre unha materia dada. En Galicia o bispo mindoniense frei Antonio de Guevara e o frade Benito Feijoo foron predecesores deste xénero, e entre os continuadores non esquece ao grupo de escritores da xeración *Nós* que conseguiron dar unha dimensión europea á nosa cultura; os dous intelectuais mellor caracterizados deste grupo, Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo, foron, sobre todo, ensaístas, o primeiro como etnógrafo e o segundo como xeógrafo. Por iso Carballo insiste na análise da personalidade literaria dos dous escritores e nas súas importantes achegas, contraponendo o estilo “ascético y escéptico” de Risco co estilo “sensual y optimista” de Otero. Entre os contemporáneos, continuadores dos dous grandes integrantes do grupo *Nós*, menciona Carballo aos membros do colectivo Galaxia, entre os que destacaba por méritos propios como pensador e escritor a Ramón Piñeiro, autor co que pecha esta relación de personalidades significativas dentro do xénero literario comentado⁷⁵.

O noso autor convertíase no obxectivo dun comentario do poeta Manuel María que aparecía no número de *Vida Gallega* o mes de xuño co título de *Notas sobre Carballo Calero*⁷⁶, e no que facía referencia ao seu ingreso como membro da Real Academia Galega, un recoñecemento que consideraba plenamente xustificado. Manuel María cualifica a Carballo como un home modesto, un creador, un intérprete das figuras claves da literatura galega e, sobre todo, un poeta, como demostraba en obras como *Vieiros*, *O silencio axionllado*, *Anxo de terra*, e *Poemas pendurados dun cabelo*,

⁷⁴ *Vida Gallega*, nº 734 (1958), pp. 36-37.

⁷⁵ Ramón Piñeiro foi outro dos interesados na creación dunha cátedra de Lingua e Literatura Galega na Universidade de Santiago pensando que Carballo era a persoa idónea para ocupala (vid. *Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero*, en *Cadernos Ramón Piñeiro* (V), 2004, pp. 64-65, en carta de 18 de xaneiro de 1963). Ib. Carta de Ramón Piñeiro de 24 de maio de 1958 agradecendo as alusións á súa persoa e obra por parte de Carballo e a resposta de Carballo o 31 de maio advertindo dalgúns erros na publicación (*Epistolario Ricardo Carballo Calero-Ramón Piñeiro (Historial dun libro)* en *Cadernos Ramón Piñeiro* (XXXIII), 2015, pp. 206 -207).

⁷⁶ *Vida Gallega*, nº 735 (1958), p. 61.

aos que engadía a obra xuvenil *Ollada encol da poesía galega contemporánea*, o libro de madurez *Sete poetas*” e mesmo, saíndo do terreo da poesía, a novela *A xente da Barreira*.

Aínda publicaría Carballo Calero outros cinco traballos na revista *Vida Gallega* durante este ano. O primeiro o asinaba co seu nome e apelidos e levaba o título de *Segunda saída do señor Merlín*⁷⁷, en clara referencia ao libro publicado nese tempo por Álvaro Cunqueiro *Merlín y familia*; trátase da versión en castelán do texto galego –lingua que Carballo utilizaba para o seu comentario– na que o mindoniense ampliaba o seu *Merlín e familia* que xa tiña publicado, e que na opinión de Carballo era un texto insuficiente para as posibilidades que ofrecía a súa temática; os novos relatos que agora aportaba Cunqueiro convertíanlo nun “Merlín suficiente” sempre que se lese o libro sentindo a súa poesía, a súa lenda e a súa historia.

Os tres seguintes artigos deste ano levaban a sinatura de Fernando Cadaval. No titulado *Sólo para ferrolanos*⁷⁸, facía outro exercicio de chauvinismo recordando o seu pobo natal e a algúns dos seus paisanos, como o escritor e político Francisco Suárez, un escritor de folletíns que, por alusións, lle serve a Carballo para comentar as limitacións das novelas por entregas. En *El teatro y las costumbres*⁷⁹ alude nas súas primeiras liñas á publicación en



Manuel María Fernández Teixeiro.

⁷⁷ *Vida Gallega*, nº 736 (1958), p. 66.

⁷⁸ *Vida Gallega*, nº 737 (1958), p. 51.

⁷⁹ *Vida Gallega*, nº 738 (1958), p. 64. Carballo Calero entendía que o teatro tiña un alto valor pedagóxico, de aí que promovese este xénero entre os alumnos e alumnas no tempo que permaneceu no Colexio Fingoi. Vid. REIMUNDE, Ramón, op. cit. pp. 70-72.

Bos Aires da obra de Ánxel Fole *Pauto do demo*, unha obra pensada para levar á escena, o que lle invita a Fernando Cadaval a valorar que o teatro, con ou sen diálogo, é acción representada. Logo comenta o contido do relato foleano e os recursos utilizados polo autor do mesmo, apuntando algúns problemas para a súa representación sen deixar de anotar o trilingüismo dos personaxes, que contribúe ao interese por resaltar as doses realistas e caricaturescas da obra. Remata o comentario coa benvida a Fole por pasar a integrarse no catálogo de dramaturgos galegos.

A penúltima achega do ano 1958 de Fernando Cadaval ofrecía unha referencia centenaria e levaba o epígrafe de 1858: *Aguirre, Rosalía, Murguía*⁸⁰; o título explicábase porque o ano de 1858 foi decisivo para as tres persoas mencionadas que tan importantes eran para as letras galegas, e que entre si estiveran relacionadas pola literatura e a amizade persoal. No caso de Aurelio Aguirre o ano significou o da temperá morte do poeta santiagués, a quen compara con Espronceda e Byron. No caso dos dous esposos, Rosalía e Murguía, cuxa obra Carballo coñecía moi ben por telos estudado en profundidade, o ano 1858 sinalou o do seu matrimonio, do que agora se cumpría o século. Carballo remataba o seu comentario afirmando que “De aquel abrazo nupcial ha de nacer nuestro pleno renacimiento”.



Aurelio Aguirre.

⁸⁰ *Vida Gallega*, nº 739 (1958), p. 66.

Remataban as publicacións deste ano co traballo *El horror encasado*⁸¹, artigo que se inicia cunha historia de piratas do século XVIII recollida por Pierre Mac-Orlan nun volume titulado *L'Étoile Matutine*⁸², que o noso autor cualifica de obra mestra de beleza e crueldade; a partir de tal relato fai un percorrido literario polo clasicismo, o romanticismo e o naturalismo, no que unha vez máis pon de manifesto a súa ampla información neste terreo, e remata o comentario facendo unha análise comparativa coa obra do seu amigo Álvaro Cunqueiro.

A partir do ano 1959 as colaboracións de Ricardo Carballo Calero coa revista *Vida Gallega* fanse máis esporádicas, non ofrecendo neste ano e nos seguintes máis de tres ou catro achegas anuais. As de 1959 iniciábanse coa titulada *Principales direcciones de la poesía gallega*⁸³, traballo no que analizaba o labor literario dos seguidores de Curros Enríquez, e particularmente de Ramón Cabanillas e de Noriega Varela como representantes dunhas novas liñas poéticas e como os poetas máis importantes das primeiras decenas do século XX. Outra xeración é a que representaban Iglesia Alvariño, Manuel Antonio e, xa despois da Guerra Civil, Manuel Cuña Novás, Manuel María, Uxío Novoneyra e Xosé Díaz Castro.

O artigo *Este Hamlet*⁸⁴, que aparece no número de maio, comentaba no seu inicio o libro de Álvaro Cunqueiro *As Crónicas do Sochantre* que, para Carballo, ten unha inspiración shakespeareana; esa mesma influencia percíbese na obra teatral *O incerto señor Don Hamlet*, publicada en 1958 e sobre o que se centra o resto do comentario⁸⁵; Cunqueiro presenta aquí un protagonista máis cruel e sombrío e tamén máis clásico que o do dramaturgo inglés, pero iso non lle impide considerar a obra como unha achega moi rica en suxestións. A derradeira colaboración deste ano aparecía no número do mes de agosto co título de *Exceso de velocidad*⁸⁶, na que alude á recente publicación do último tomo da *Historia de la Literatura Universal* de Martín de

⁸¹ *Vida Gallega*, nº 741 (1958), p. 61.

⁸² O título completo da novela é *À bord de L'Étoile Matutine*.

⁸³ *Vida Gallega*, nº 742 (1959), pp. 12-14.

⁸⁴ *Vida Gallega*, nº 746 (1959), p. 58.

⁸⁵ Dedicarialle outro traballo a esta obra na revista *Grial* nº 72 (1981), pp. 263-265 (vid. RODRÍGUEZ, José Luis, op. cit., p. 54).

⁸⁶ *Vida Gallega*, nº 749 (1959), p. 70.

Riquer e José María Valverde; o terceiro tomo desta obra, que asinaba o último dos autores citados, era o titulado *Del Romanticismo a nuestros días*, no que se dedicaba unha única atención a Galicia, neste caso á poesía galega de Rosalía de Castro, cando para a poesía catalá da Renaixença se citaban ata nove autores. O mesmo sucedía no apartado de literatura hispánica contemporánea, no que no caso catalán se nomeaban ata 17 autores e no que a literatura galega contemporánea non existía, discrepancia que se comentaba por si mesma. A esta falta de información sobre as letras galegas podían engadirse os erros que incluía sobre a obra de Rosalía, autora a quen atribúe “Canciones galegas” en vez de “Cantares gallegos”, e mesmo estraña a Cadaval a denominación aportuguesada de “Folhas novas”, un comentario moi significativo se temos en conta a evolución lingüística posterior do noso autor. En todo caso, Fernando Cadaval non dubida en rematar os seus comentarios considerando que o catedrático que asinaba esta Historia da Literatura demostraba unha evidente falta de equidade e lle sobraba precipitación á hora da súa análise das letras galegas.

No ano 1960 serían catro as colaboracións coa revista, as tres primeiras asinadas co seu nome e a cuarta co pseudónimo habitual. Na *Homaxe a Cabanillas*⁸⁷ torna a falar dun autor para el particularmente querido e que morrera no mes de novembro de 1959. Carballo recordaba que cinco anos antes se lle encargou un traballo sobre o poeta morto e, como resposta á súa petición de información ao cambadés, este remitiulle varias cartas das que neste traballo ofrecía amplos parágrafos autobiográficos textuais, e nos que Cabanillas recordaba a orixe das súas principais obras. A segunda achega aparecía no número do mes de febreiro/marzo co epígrafe *A Verdade*⁸⁸; tratábase dun conto breve no que un neno falaba dos seus pais e cun especial afecto da súa nai, recordando os seus inicios escolares e o momento no que decidira faltar un día á escola enganándoa; con todo, o rapaz, que é o relator da historia, non pode asumir a mentira e finalmente decide contarlle a verdade xa que “non valía cousa estar ceibe de castigo se non estaba limpo de culpa”; esta reflexión moral pechábaa Carballo, a modo de sentenza, cunha metáfora relixiosa, xa que o neno asumía desta forma que antes de cumprir a penitencia gozara do poder liberador da confesión.

⁸⁷ *Vida Gallega*, nº 754 (1960), pp. 65-66.

⁸⁸ *Vida Gallega*, nº 755-756 (1960), p. 139.

No número de *Vida Gallega* correspondente aos meses de setembro/outubro, Carballo Calero asinaba o artigo titulado *El teatro gallego y el I Certamen literario del Miño*⁸⁹, un traballo que se lle solicitara como presidente do xurado deste Certame que fora patrocinado polo Concello de Lugo; comentaba o sentido das distintas obras finalistas, simbólicas, de época ou dramáticas, e detíase en particular na obra de Cunqueiro *A noite vai como un río*, na de Daniel Cortezón, *Nicolás Flamel*, na de *Os homes poden ser deuses*, de Juan María Gallego Tato, na de *A volta de Ulises*, de Xosé Luís Franco Grande, na de *Orestes*, de Arcadio López Casanova, e no *Auto do labrego*, de Manuel María, autores que neses momentos constituían unha espléndida representación das letras galegas.



Ramón Cabanillas.


*Y Laforgue en triste provincia*⁹⁰ é un estraño título para outro artigo asinado por Fernando Cadaval no mesmo número, no que comentaba a tradución que fixeran dous lucenses, Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro, do *Cancioeiro da poesía celtiga*, de Julius Pokornye, que fora premiada nun concurso de Bibliófilos Gallegos. Con ocasión da cea de celebración do evento, Cadaval aproveitaba para recordar ao poeta e amigo Luís Pimentel, a quen xa lle dedicara outras liñas no número 732 desta mesma revista; agora insistía nos valores da súa obra, na que aparecían algunhas mencións a Jules Laforgue, o poeta simbolista autor de *L'Imitation de Notre-Dame de la Lune*, polo que para Cadaval non existían dúbidas sobre que os dous autores, tan afastados xeograficamente, tiveran algún tipo de relación literaria.

⁸⁹ *Vida Gallega*, nº 762-763 (1960), pp. 102-104. O seu biógrafo Ramón Reimunde recorda, así mesmo, esta predilección de Carballo por Cabanillas (vid. REIMUNDE, Ramón, *op. cit.* p. 105).

⁹⁰ *Vida Gallega*, nº 762-763 (1960), pp. 107-108.

Tres serían os traballos publicados en *Vida Gallega* no ano 1961, todos eles asinados co pseudónimo de Fernando Cadaval. No primeiro, titulado *Anteo, Hércules, Persiles y otros*⁹¹, retomaba os comentarios sobre Ramón Otero Pedrayo e a súa obra, mestura de realismo e fantasía, e suntuosa en temas e motivos. Nesta ocasión o pretexto inmediato era a publicación do seu libro *O señorito da Reboraina*. Fernando Cadaval explicaba o título do seu artigo establecendo relacións entre Otero Pedrayo e os dous míticos personaxes clásicos, e tamén coa novela cervantina. Polo que respecta á novela de Otero, declaraba a súa simpatía polos dous personaxes femininos de dona Adelina e de Xinoveva, sen esquecer os outros valores da que sería a derradeira novela do autor ourensán e a única escrita por el en galego despois da Guerra Civil, aínda que Carballo/Cadaval non podía chegar a esa conclusión neses momentos.

A segunda colaboración deste ano leva o título de *El testimonio del picapedrero*⁹², e nela a lupa literaria de Cadaval céntrase na obra *A Esmorga* de Eduardo Blanco Amor, que se publicara en Bos Aires en 1959⁹³, e que interpreta como unha novela “experimental” e polo tanto novidosa, tanto pola técnica narrativa



Primeira edición de “A Esmorga” (1959).

⁹¹ *Vida Gallega*, nº 766 (1961), p. 62.

⁹² *Vida Gallega*, nº 768 (1961), p. 58.

⁹³ A editorial Galaxia publicaría unha segunda edición en 1970, ilustrada con debuxos de Isaac Díaz Pardo.

como pola temática, o que a convertía nunha achega singular que relacionaba con prosistas galegos decimonónicos e con autores franceses como Camus ou Sartre. Un dos personaxes, o canteiro epiléptico “Cibrán *el Castizo*”, serve para dar nome ao artigo e para reflectir o naturalismo lingüístico da narración.

A derradeira achega de Fernando Cadaval é unha homenaxe a outro amigo. *Epitafio para Aquilino*⁹⁴ está escrito para destacar a persoa e a obra de Iglesia Alvariño iniciase con referencias persoais do autor no tempo no que iniciaran a súa amizade no Ferrol, unha afectuosa relación que perduraría pese a que logo se afastarían as súas vidas, ata o seu reencontro en Lugo, e que a partir de aquí manterían a través de periódicos contactos nas cidades de A Coruña ou Santiago. Agora, Cadaval/Carballo debía dar conta da morte do poeta de Seivane con pluma entristecida e cun sentimento que lle impulsaba a rememorar a súa obra e a recoñecelo como un dos mellores coñecedores da lingua galega, á que daba un sentido plenamente vernáculo. Aquilino Iglesia, literariamente desinteresado pola prosa e polo teatro, centrou a súa magnífica obra na poesía, que o noso autor consideraba un tesouro da lingua galega⁹⁵.



Aquilino Iglesia Alvariño.

⁹⁴ *Vida Gallega*, nº 771-772 (1961), p. 117.

⁹⁵ Aquilino Iglesia Alvariño falecería en Santiago o 29 de xullo de 1961.

A recta final das colaboracións de Ricardo Carballo Calero con *Vida Gallega* a constitúen un artigo do ano 1962 e unha referencia á súa obra que aparece no derradeiro número da revista de xaneiro de 1963. Co seu nome asinaba un traballo publicado no mes de maio de 1962 que titulaba *Unidad y variedad de la lengua gallega*⁹⁶. Nesta achega comezaba coa crítica de que a lingua galega non se tomaba en consideración no sistema educativo e, polo tanto, só de forma extraordinaria podía producirse un achegamento á lingua vernácula de Galicia xa que, de maneira oficial, o galego non era obxecto de estudo.

Afortunadamente, xa non se lle consideraba un mero dialecto do castelán, pero a moitos seguía sorprendendo a variedade lingüística do galego a nivel territorial, algo que Carballo explicaba aludindo a que era unha lingua viva, e que variacións dialectais tiña tamén o castelán, incluso máis. Outra cousa era a súa consideración como lingua escrita, na que debía impoñerse unha normativa que impedise as variedades e que lle permitise funcionar como medio de comunicación literario, científico ou administrativo. A lingua literaria galega debería unificarse como o castelán, pero unha lingua literaria común requiría tempo e unha forma de comunidade que aconsellase tal unidade, aínda que, mesmo sen personalidade administrativa, Galicia podería ter unha lingua literaria común pola súa personalidade cultural, xeográfica e económica. De feito, tivera xa unha na Idade Media, pero o galego moderno, de apenas un século de existencia, desasistido oficialmente e cunha literatura precaria, non podía acadar con facilidade aquel obxectivo, e neste terreo non parecían convenientes as présas.

A revista *Vida Gallega* remataba o seu percorrido informativo e literario no ano 1963, e rematábo no noso caso de xeito moi significativo, comentando no apartado sobre literatura o primeiro tomo da obra de maior entidade de Ricardo Carballo Calero, a súa *Historia da Literatura Galega*

⁹⁶ *Vida Gallega*, nº 79 (1962), p. 72. A revista mantivo ata o nº 773, de xaneiro de 1962, unha numeración e un formato que caracterizou á súa etapa lucense, na que tivo sede na colonia Antonio Miño nº 21 de Lugo. En maio de 1962 aparecería un exemplar con nova numeración e formato (nº 79) no que se introducía a color nas imaxes e que se publicaba nos talleres do Faro de Vigo en Colón 28-30, de Vigo, onde se mantivo pouco tempo, ata o último número (o 83) de xaneiro de 1963.

*Contemporánea*⁹⁷, cronoloxicamente dedicada ao século XIX, é dicir, aos escritores nados entre 1770 e 1870. O autor achegaba unha información abundante e moi valiosa, aproximando ao lector ao mundo literario galego decimonónico e superando a simple erudición. Con particular agudeza e competencia estudaba a obra de Rosalía de Castro, de Pondal e de Curros, e para o comentarista (asinaba S.L., o que fai pensar en Salvador Lorenzana, pseudónimo do seu amigo Francisco Fernández del Riego) tratábase dunha obra cunha estrutura científica que se apoiaba nunha copiosa bibliografía e nun rigoroso sentido crítico. Era, desde logo, unha achega fundamental para a biblioloxía galega, e con ela o seu autor abriría un novo capítulo intelectual nunha vida persoal que un par de anos despois abandonaría Lugo e pasaría a asentarse en Santiago de Compostela.

Como epílogo sobre todas estas achegas de Carballo Calero na revista lucense *Vida Gallega*, con ou sen pseudónimo, merece a pena resaltar que os seus traballos apuntan con fundamento cara a tódolos campos literarios: a poesía, o teatro, a prosa de ficción ou o ensaio, amosando a súa considerable formación en todos eles, ademais de rexistrar unha indubidable posta ao día sobre o que se escribía en cada momento e unha grande información sobre a persoa e a obra dos principais autores galegos, que é capaz de comparar coas achegas de autores españois, franceses ou americanos grazas a súa enorme erudición literaria.

Neste sentido, verdadeiramente moi poucos colegas seus serían capaces de abarcar un radio tan amplo de coñecementos e de formación.

Apéndice 2

Traballos de Ricardo Carballo Calero (RCC)/Fernando Cadaval (FC) en “Vida Gallega”

RCC	<i>O fogar de Clara</i>	nº 713, agosto 56, p. 6
RCC	<i>Un ferrolán en Lugo</i>	nº 715, pp. 6-7
FC	<i>Plaza y poeta</i>	nº 715, p. 8
FC	<i>Cavilaciones del señor Cunqueiro</i>	nº 716, pp. 16-17

⁹⁷ *Vida Gallega*, nº 83 (1963), p. 41.

FC	<i>Un artista local</i>	nº 717, p. 89
FC	<i>Otra vez Macías</i>	nº 718, xaneiro 57, pp. 44-45
	<i>Florilegio de poemas: Ricardo Carballo Calero</i>	nº 719, p. 18
FC	<i>Gallegos ilustres</i>	nº 719, p. 46
FC	<i>El “se” impersonal</i>	nº 720, p. 46
MGG	<i>Carballo Calero, numerario de la R.A.G.</i>	nº 721, p. 4
RCC	<i>Guirlanda da Primavera</i>	nº 721, p. 14
FC	<i>Entre a vendima e a castiñeira</i>	nº 721, pp. 16 e 48
FC	<i>Inés de Castro vuelve a la escena</i>	nº 722, p. 46
FC	<i>Sombras</i>	nº 723, p. 39
FC	<i>El tesoro escondido</i>	nº 724, p. 55
FC	<i>La venta de Palomeque</i>	nº 725, p. 62
FC	<i>Gallos y auroras</i>	nº 726, p. 62
FC	<i>La Feria de San Froilán en 1857</i>	nº 727, pp. 6-7
FC	<i>La sombra negra y el huésped blanco</i>	nº 728, p. 63
RCC	<i>A cigoña (cuento de Primavera)</i>	nº 729, pp. 12 y 16
FC	<i>Pequeña antología de villancicos gallegos</i>	nº 729, p.65
FC	<i>Los caminos en el bosque</i>	nº 730, xaneiro 58, p. 70
FC	<i>Los checos y Françoise</i>	nº 731, p. 65
FC	<i>Luis Pimentel</i>	nº 732, p. 64
FC	<i>El hombre salvador</i>	nº 733, pp. 18-19
FC	<i>El ensayo en la literatura gallega</i>	nº 734, pp. 36-37
MM	<i>Notas sobre Carballo Calero</i>	nº 735, p. 61
RCC	<i>Segunda saída do señor Merlín</i>	nº 736, p. 66
FC	<i>Sólo para ferrolanos</i>	nº 737, p. 51
FC	<i>El teatro y las costumbres</i>	nº 738, p. 64
FC	<i>1858: Aguirre, Rosalía, Murguía</i>	nº 739, p. 66
FC	<i>El horror encasacado</i>	nº 741, p. 61
FC	<i>Principales direcciones de la poesía gallega</i>	nº 742, xan/feb. 59, pp. 12-14
FC	<i>Este “Hamlet”</i>	nº 746, p. 58
FC	<i>Exceso de velocidad</i>	nº 749, p. 70
RCC	<i>Homaxe a Cabanillas</i>	nº 754, 1960, pp. 65-66
RCC	<i>A verdade</i>	nº 755-756, p. 139
RCC	<i>El teatro gallego</i>	
	<i>y el I Certamen literario del Miño</i>	nº 762-763, pp. 102-104
FC	<i>Y Laforgue en triste provincia</i>	nº 762-763, pp. 107-108
FC	<i>Anteo, Hércules, Persiles y otros</i>	nº 766, 1961, p. 62
FC	<i>El testimonio del picapedrero</i>	nº 768, p. 58
FC	<i>Epitafio para Aquilino</i>	nº 771-772, p. 117
RCC	<i>Unidad y variedad de la lengua gallega</i>	nº 79, maio 1962, p. 72
	<i>Historia da Literatura Galega Contemporánea</i>	nº 83, xaneiro 1963, p.41

Bibliografía

Ademais da bibliografía mencionada polo profesor Antonio Prado Gómez en “Tres lustros lucenses”, cómpre subliñar as seguintes publicacións, imprescindibles para poder abordar o tema dos quince anos lucenses de Don Ricardo Carballo Calero:

LETRAS GALEGAS. Ricardo Carballo Calero. Publicado por Agal (Associaçom Galega da Lingua), 1984.

CAUTIVERIO DE FINGOI. Os anos lugueses (1950-1965) de D. Ricardo Carballo Calero. Ramón Reimunde Noreña. 2010.

CARBALLO CALERO E A SÚA OBRA (Martíño Montero Santalla).

CARTAS DE RAMÓN PIÑEIRO A RICARDO CARBALLO CALERO. Centro Ramón Piñeiro-Xunta de Galicia, 2004 e 2015.

EPISTOLARIO A FERNÁNDEZ DEL RIEGO. Ricardo Carballo Calero. Editorial Galaxia, 2006.

CARTAS DE RICARDO CARBALLO CALERO A TOMÁS BARROS PARDO. Inéditas.

VOZ E SILENCIO (Entrevista con Don Ricardo Carballo Calero), Francisco Salinas Portugal. Edicións do Cumio, 1991.

CONVERSAS EN COMPOSTELA CON CARBALLO CALERO. M. A. Fernán Vello - F. Pillado Mayor. Sotelo Blanco, 1986.

CONVERSAS CON CARBALLO CALERO. Carmen Blanco. Galaxia, 1989.

DESORBALLANDO OUTONOS. Alfonso Blanco Torrado. 2014.

MEDIO CENTO DE GALEGOS E ROSALÍA. Marcial González Vigo e Xulio Xiz Ramil. 1983.

CONVERSA CON CARBALLO CALERO E RAMÓN REIMUNDE EN RADIO POPULAR DE LUGO (Xulio Xiz).

REVISTA “NÓS”.

GACETA DE LA REPÚBLICA, 30.07.1937.

EL PROGRESO. Artigo de Emilio Valiño del Río.

CADERNOS DA ESCOLA DRAMÁTICA GALEGA.

CARICATURAS DE JOSÉ MOURIZ.

VIDA GALLEGA.

Agradecementos

AGRADECIMIENTO aos/as 34 antigos/as alumnos/as do Colexio Fingoi pola súa inestimable colaboración e achegas gráficas. Esta publicación non sería posible sen a información de MARISOL TRUQUE FERNÁNDEZ, ANGELINES PENAS TRUQUE, ROSA CANTO REBOREDO (MARISA), ASUNCIÓN FERNÁNDEZ PUENTES (SIÑA), MARCOS FERNÁNDEZ PUENTES, ROSENDO FIGUEROA DORREGO, M^a ÁNGELES RICO DÍAZ, M^a LUZ CORREDOIRA VEIGA, ARACELI HERRERO FIGUEROA, M^a JOSÉ PARDO-GIL MAGADÁN, EMILIO VALIÑO DEL RÍO, M^a CARMEN FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ (CAMOLAS), ADELA FIGUEROA PANISSE, FRANCISCO GARCÍA-BOBADILLA PRÓSPER, XOSEFINA BAAMONDE TRAVESO (facilitada polo seu fillo Eduardo Méndez Baamonde), FERNANDO PARDO SÁNCHEZ, LUIS ABELEDO FERNÁNDEZ, BERNARDINO PARDO TEIJEIRO (MANU), M^a CARMEN HERRERO FIGUEROA (MACALI), GLORIA BAAMONDE TRAVESO, JUAN CARLOS TEIJEIRO CASTRO, FERNANDO LÓPEZ-ACUÑA LÓPEZ, ANTONIO LÓPEZ-ACUÑA LÓPEZ, CARMELA DADÍN RIVADAS, M^a DOLORES FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, RAMÓN COURTIER RAMOS, MARICRUZ TRUQUE FERNÁNDEZ, CARMEN BLANCO, JACOBO SÁNDEZ MACHO, BERNARDO ABELEDO FERNÁNDEZ, PEPA CARRO PÁRAMO, MARINA CAL FREIRE, CARLOS FERNÁNDEZ FRAGA e MANUEL SÁNDEZ MACHO.

AGRADECIMIENTO ao historiador ANTONIO PRADO GÓMEZ por estudar para esta publicación en “Tres lustros lucenses” a relación de Carballo Calero coa sociedade Circulo das Artes e coas publicacións “Vida Gallega” e “Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo”.

AGRADECIMIENTO ao COLEXIO FINGOI, centrado especialmente na súa Directora ASUNCIÓN FERNÁNDEZ PUENTES “SIÑA”, pola continua colaboración, achega do seu fondo fotográfico e permanente asesoría.

AGRADECIMIENTO a todos/as os/as que nos facilitaron material fotográfico relacionado cos anos lucenses de Carballo Calero, especialmente ARACELI HERRERO FIGUEROA (e, ademais, a súa xenerosa asesoría), CARMEN HERRERO FIGUEROA, MARCOS FERNÁNDEZ PUENTE, PEPA CARRO, XOSEFINA e GLORIA BAAMONDE TRAVESO e MARÍA DOLORES FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ.

AGRADECIMIENTO A SIRO LÓPEZ LORENZO (“SIRO”) polas caricaturas que nos “falan” de Don Ricardo, e a EDUARDO OCHOA polas singulares fotografías de Carballo Calero e Carmen Blanco.

AGRADECIMIENTO fondo, en fin, a MARGARITA CARBALLO-CALERO RAMOS, “MACALÍ” (e con ela, a toda a familia Carballo Calero-Ramos), pola súa permanente atención, colaboración e entusiasmo.

Finalmente, o COLECTIVO EGERIA quere facer constar o seu recoñecemento á XUNTA DE GALICIA polo apoio decidido a esta iniciativa de divulgar os anos lucenses de Carballo Calero, e á REAL ACADEMIA GALEGA pola súa colaboración e apoio.



Don Ricardo, cos primeiros alumnos de Fingoi.

Detrás: Rosendo Figueroa Dorrego, Emilio Valiño del Río, Pedro Fernández, José Luis Fernández e Picocha Fernández.
Diante: José Carlos Figueroa, Carmela Dadin, M^a Carmen Gil e Pepa Carro.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021



REAL
ACADEMIA
GALEGA

COLECTIVO
EGERIA



FINGOI